

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 70

Sesión plenaria
22 de febreiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 30544 (11/CPP-000077)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar do desenvolvemento do Plan de Transportes de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 30533 (11/CPP-000076)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das 19 deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galicia, así como para informar dos traballos de inspección e control deles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

Punto 2. Mocións

2.1 30379 (11/MOC-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 28627, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

2.2 30452 (11/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28362, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

2.3 30464 (11/MOC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27317, publicada no BOPG núm. 259, do 19 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022



Punto 3. Propositions non de lei

3.1 12465 (11/PNP-001230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

3.2 25350 (11/PNP-002291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención da saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 01.12.2021

3.3 28567 (11/PNP-002503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

3.4 29609 (11/PNP-002550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do 3º e 4º plans de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

3.5 29638 (11/PNP-002553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

3.6 30022 (11/PNP-002587)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e quince deputados/as máis

Sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 275, do 10.02.2022



Punto 4. Interpelacións

4.1 25300 (11/INT-001325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 01.12.2021

4.2 28312 (11/INT-001428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre a política ambiental do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265, do 27.01.2022

4.3 28965 (11/INT-001445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 30529 (11/POPX-000057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as liñas estratéxicas do Goberno para o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

5.2 30531 (11/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións do Goberno respecto da continuación co actual modelo privatizado de residencias para persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 28975 (11/POP-004287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e sete deputados/as máis

Sobre o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



6.2 29952 (11/POP-004479)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da concesión da central hidroe-léctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 275, do 10.02.2022

6.3 30501 (11/PUP-000234)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do Bono Alugueiro Mozo aprobado polo Real decreto 42/2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.4 30522 (11/PUP-000235)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a solicitude á valedora do pobo dun informe respecto de posibles casos de abusos a menores por parte de persoas vinculadas a centros educativos da Igrexa Católica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.5 29390 (11/POP-004411)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da creación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

6.6 26559 (11/POP-003724)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.7 29130 (11/POP-004323)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do centro de saúde e do PAC do concello da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.8 29801 (11/POP-004464)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022



6.9 30538 (11/PUP-000237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a saturación das urxencias hospitalarias de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación co naufraxio do buque Villa de Pitaxo en Terra Nova e gárdase un minuto de silencio. (Páx. 13.)

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Daniel Pérez López e a delegación de voto, con base no artigo 84.7 do Regulamento, na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 14.)

Acumulación de dúas solicitudes de comparecencia da persoa titular dunha mesma consellería

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar do desenvolvemento do Plan de transportes de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galicia, así como para informar dos traballos de inspección e control deles. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 23.), Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 27.) e Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 30.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 32.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 37.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S) (Páx. 38.), o señor Ríos Santomé (BNG) (Páx. 40.), o señor Calvo Pouso (P) (Páx. 41.) e a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 43.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 46.)

O señor presidente saúda o grupo de alumnos de primaria e os seus docentes presentes na tribuna, procedentes de Lalín, que, despois dun longo período de tempo por causa da pandemia, retoman nesta sesión plenaria as habituais visitas de escolares ao Parlamento. (Páx. 46.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Seco García (S). (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 53.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 60.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 63.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 65.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 69.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 70.)

Intervención do grupos parlamentarios: Sr. Castro García (BNG) (Páx. 73.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 76.)

Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 79.)

Votación das mocións

O señor Martín Seco (S) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 4 da moción presentada pola señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 82.)

Votación do punto 4 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia: rexeitado por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 82.)



Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás do punto 4, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

O señor Fernández Alfonzo (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado dos dous primeiros puntos da moción presentada pola señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 83.). *Así mesmo, o señor Balseiro Orol (P) solicita a votación por separado do punto segundo.* (Páx. 83.)

Votación do punto 2 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, agás dos puntos xa votados, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate: *rexeitada por 13 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

Alteración da orde do día.

O señor presidente comunica o debate acumulado das proposicións 3.1 e 3.6. (Páx. 85.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega. (Punto terceiro da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e quince deputados/as máis, sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 85.)



Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 87.) e Sra. Vázquez Domínguez (P). (Páx. 91.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 93.)

O señor Caballero Miguez (S) (Páx. 98.) e a Sra. Vázquez Domínguez (P) (Páx. 100.) interveñen para posicionarse respecto das emendas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á saúde mental. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 103.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 106)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 109.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 115.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 122.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 127.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Rodríguez Rumbo (P). (Páx. 132.)



O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 135.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 136.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 137.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 139.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 142.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 144.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega: rexeitada por 13 votos a favor, 40 votos en contra e 19 abstencións. (Páx. 146.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez e quince deputados/as máis, sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira: aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 31 abstencións. (Páx. 147.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención da saúde mental: rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 147.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020: rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 147.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022: aprobada por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións. (Páx. 148.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 148.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Antes de dar comezo á sesión plenaria voules ler unha declaración institucional á que chegaron onte os grupos, un acordo de todos os grupos que teñen representación nesta Cámara, que di:

«Con motivo do naufraxio do buque *Villa de Pitánxo* en Terra Nova, o Parlamento de Galicia quere transmitir o seu máis sentido pésame ás familias e seres queridos dos tripulantes falecidos William Arévalo Pérez, Miguel Lumbres Cumpa, Daniel Fernando More Valladares, Diego Andrés More Vega, Fernando Santomé Ferradás, Juan Antonio Cordero Coro, Rogelio Franco Damazo Cueva, Apaannah Pelungo Zure, Ricardo Alfonso Cruz Flores; ás familias dos desaparecidos Raúl González Santiago, Martín Quino Zevallos, Edmon Okutu, Ricardo Arias García, Fernando González Martínez, Michael Tetteh, Francisco de Pazo Villanueva, Francisco Manuel Navarro Rodríguez, Edwin Andrés Córdova Salinas, Jonathan Calderón Ortiz, Pedro Herrera Couso, Juan Martín Frías Riera; así como o seu alento e o desexo dunha pronta recuperación aos tripulantes superviventes Juan Padín Costas, Eduardo Rial e Samuel Kwesi.

Ademais, a Cámara quere trasladar a súa solidariedade coa comarca do Morrazo e o seu afecto e recoñecemento ao conxunto da gran familia do mar.

Despois de séculos de estreita relación co mar e despois de termos vivido como pobo innumerables traxedias vinculadas a el, nin as comunidades mariñeiras nin Galicia toda somos quen de asimilar a inmensa dor que produce a perda de milleiros de mariñeiros que ao longo da historia nunca volveron da súa marea á terra firme.

Máis unha vez, o pasado martes 15 de febreiro, as frías augas de Terra Nova xearon tamén e para sempre a vida de vinte e unha persoas, vinte e unha dos vinte e catro mariñeiros que tripulaban o buque galego *Villa de Pitánxo*, con base en Marín.

Uns feitos que, malia ocorrer a centos de millas das nosas costas, non nos resultan alleos ás galegas e aos galegos e que, de novo, nos amosan con enorme dureza os perigos cos que se enfrontan diariamente as persoas que traballan no mar. Un mar que para Galicia é fonte de vida e que esta vez, como en tantas outras, deixou sen ela os nosos mariñeiros.

O conxunto da cidadanía galega acompañou dende o primeiro momento as familias dos falecidos e desaparecidos na súa dor e hoxe, conscientes de que non hai consolo nin palabras nestas circunstancias, o Parlamento de Galicia súmase a elas neste momento de fonda tristura para o país e ao esforzo de todas as autoridades competentes, dos buques galegos e portugueses que acudiron ao rescate e da empresa armadora para poñer á súa disposición os medios e recursos necesarios para axilizar todos os trámites precisos para que as familias do *Villa de Pitánxo* poidan comezar o seu dó.» *(Queda aprobada por asentimento.)*



Moitas grazas.

Agora imos gardar un minuto de silencio, por favor.

(Gárdase un minuto de silencio coas súas señorías postas en pé.)

(Prolongados aplausos.)

Agora si, comezamos o pleno.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia e fai delegación do voto ao amparo do Regulamento do Parlamento don Daniel Pérez López, quen delega o seu voto na portavoz dona Ana Belén Pontón Mondelo.

E sen máis entramos na orde do día.

O punto primeiro é o de comparecencias.

Acumulación de dúas solicitudes de comparecencia da persoa titular dunha mesma consellería

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar do desenvolvemento do Plan de transportes de Galicia

Comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galicia, así como para informar dos traballos de inspección e control deles

O señor PRESIDENTE: Para facer a comparecencia ten a palabra, en primeiro lugar, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Éthel María Vázquez Mourelle.

Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, comparezo hoxe a petición propia e tamén atendendo a petición do Grupo do Bloque Nacionalista Galego para informar ao detalle do traballo desenvolvido no Plan de transporte de Galicia que impulsamos dende o Goberno galego. Un servizo de transporte público no que traballamos para que sexa eficaz, competitivo, adaptado ás necesidades dos galegos e dos usuarios.

E non é a primeira vez que veño comparecer polo Plan de transporte, e estou segura que tampouco será a última vez que veña comparecer, porque a súa transcendencia é importan-



tísima. E a transcendencia deste Plan de transporte fai que sexa un dos piares fundamentais desta consellería que teño a honra de dirixir. É un pilar fundamental e que se rexe polos principios de sostibilidade, eficiencia e racionalidade. Entendemos o transporte como un servizo público ao servizo dos cidadáns e traballamos para que sexa moderno, útil e eficaz.

O transporte ten unha repercusión na nosa vida diaria importante, por iso creo que debe ser de interese para todos os grupos políticos, e non podería ser menos se aspiran a fiscalizar o Goberno galego, polo que estamos todos aquí. Pero o certo é que botei en falta moitas veces no deseño e tamén na súa consolidación unha actitude construtiva en vez de partidista, para ser útiles de verdade aos galegos en materia de transporte.

Non me malinterpreten, pois eu creo que a crítica é construtiva. A crítica positiva é necesaria, forma parte da propia esencia do Plan de transporte. O noso é un Plan de transporte vivo, en constante mellora, ampliación e modernización continua. Pero a crítica creo que ten que ser con bo xuízo, con sentidío, non ese rito partidista, descaradamente interesado, o non polo non, o rexeitamento por que si, o malabarismo para converter a excepción na regra, enlodar para confundir. Esas actitudes de nada serven para os viaxeiros, porque o certo é que non lles dá nin servizos, nin horarios para o transporte público.

En todo caso, vén cumprirse un ano da posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia por estrada. Creo que é o momento acaído de facer balance deste Plan de transporte para ponderar o que foi o seu balance. Eu creo que podo afirmar que ten un notable éxito e o Plan de transporte si que se pode cualificar de éxito. E creo que non pasa nada por facer un acto de contrición e recoñecer que eses presaxios tenebrosos da bancada da oposición no ano 2017: fracaso estrepitoso, acabábase o mundo, os buses non ían circular por Galicia, o emprego ía desaparecer no transporte..., presaxios de vostedes, da bancada da oposición, non pasaron, e os buses seguiron circulando e non pararon nin un só día sen circular. A historia está aí. Os feitos e o tempo pon e quitan razóns, e o tempo deunos a razón en materia de transporte. Porque a apocalipse que auguraban algúns de vostedes non pasou.

E esa convivencia de escolares coa xente do lugar e do rural convivindo é unha magnífica oportunidade para resolver a mobilidade do rural. Eu agardo que se alegren desa convivencia, de utilizar esas prazas baleiras do transporte escolar. Tamén eu agardo que se alegren de que hoxe poidamos ter autobuses que cheguen onde antes non chegaban. Eu agardo que se alegren de que esa apocalipse que auguraban vostedes non teña pasado.

Os datos son irrefutables; dende logo, significativos. No 2016, 927 liñas; no 2021, 3.436 liñas de transporte; un 270 % máis de liñas de transporte para dar cobertura a toda Galicia. No 2016, 20.557 paradas de autobús; no 2021, 53.168 paradas; un 160 % máis de paradas. No 2016, 1,1 millón de servizos; no 2021, 2,3 millóns de horarios; un incremento substancial e tamén moitísimas máis viaxes dende o ano 2016 ao ano 2021. Polo tanto, moitas máis liñas, moitas máis paradas, máis horarios, máis servizos, cifras apabullantes do Plan de transporte dende o ano 2016 ata agora.

Sempre hai marxe de mellora e sempre podemos seguir mellorando. Esa é a nosa filosofía, estamos sempre dispostos a traballar por mellorar, melloras precisas. Pero fíxense nas cifras: 2,3 millóns de horarios ten este Plan de transporte.



A nosa vontade de diálogo e negociación está intacta dende o principio: detectar, analizar, evitar desaxustes, facemos un seguimento continuo e constante do Plan de transporte. Teño que agradecer persoalmente a todo o persoal da Dirección Xeral de Mobilidade ese traballo titánico, non soamente da implantación, da consolidación, senón do seguimento constante deste Plan de transporte. E para mostra un botón dese seguimento que facemos: dende o ano 2018, co persoal propio do Servizo de Inspección, 385 controis aos servizos de transporte; en colaboración coa Garda Civil no transporte escolar integrado, 1.631 controis dende o ano 2018. Polo tanto, máis de dous mil controis dos servizos de transporte porque facemos seguimento e facemos cheques do Plan de transporte.

Tamén temos e facemos seguimento dese Plan de normativa covid, porque fomos os primeiros que apostamos por unha mobilidade segura, con protocolos específicos, que se van adaptando ás circunstancias e á situación epidemiolóxica en cada momento.

Polo tanto, un chequeo da prestación do servizo e avalado tamén por esas melloras continuas, porque —como digo— é un plan vivo que está sometido a melloras e modernización continua.

E os feitos están aí. Son feitos que se saben, que se coñecen, e non vou dicir ningunha novidade. Houbo reforzos das liñas de servizo directas A Coruña-Ferrol, incrementamos cincuenta e cinco frecuencias á semana na liña A Coruña-Ferrol; hai máis liñas directas agora A Coruña-Ferrol, Ferrol-A Coruña que antes.

Achegamos solucións ao concello de Ames, cando o servizo do autobús urbano do concello de Santiago, onde saben quen goberna no Concello de Santiago, deixou sen autobús os veciños de Ortoño e Bugallido. Demos solucións, demos alternativas.

Adaptamos tamén os servizos de transporte entre Culleredo e A Coruña para ofrecer servizos de transporte aos núcleos rurais de Culleredo e tamén novos servizos para atender os centros penitenciarios, que favorecen a tres mil familias que precisaban deses servizos de autobús.

En calquera caso, para entender todo este proceso, creo que hai que tamén coñecer como chegamos aquí. Eu creo que para entender o presente require de coñecer polo menos algo do pasado e como chegamos ata aquí. E o certo é que non foi improvisación, foi froito da planificación, de coordinación, de traballo por suposto. Eu sempre digo que o fácil é non facer nada —e logo, se queren vostedes, entramos máis en materia—. Pero traballamos, planificamos e mellora continua no Plan de transporte.

No ano 2009, catro anos de Bipartito cun regulamento europeo que entraba en vigor en decembro de 2009, onde caducaban todas as concesións; en catro anos non se fixo nada. E en seis meses este goberno tivo que dar unha solución. En catro anos o Bipartito —síntoo, hai que dicilo; sei que non lles gusta falar do Bipartito, pero hai que saber de onde vimos— non deu solución ningunha á caducidade das concesións como consecuencia do regulamento europeo que se coñecía e estaba en vigor. En seis meses tivemos que dar unha solución cunha lei que permitiu dar continuidade e que os buses seguisen rodando por Galicia, garantindo a prestación dos servizos pero tamén o emprego. Impórtannos os servizos públicos, impór-



tanos dar ese servizo aos usuarios, aos cidadáns, e tamén nos importa ter blindado e garantido o emprego nos servizos de transporte. E demos os servizos e garantimos a estabilidade e o traballo no transporte.

Un novo escollo no ano 2016 cunha sentenza do Supremo. Tivemos que dar resposta tamén en tempo récord coa Lei 10/2016, para blindar o servizo de transporte, medidas urxentes para modernizar o transporte público. E xa obrigarnos a un novo Plan de transporte público de Galicia e traballar para este Plan de transporte, que no día de hoxe temos en marcha, está consolidado.

Saben que as empresas de transporte podían ter a opción legal que teñen de renunciar, e renunciaron ao 53 % desas liñas. E o certo é que nos puxemos a traballar e iniciamos ese traballo titánico, ¡titánico! —volvo dicir—, dende o ano 2017, onde nos enfrontamos a moitos problemas; non só administrativos, xurídicos, técnicos, —como digo— 2,3 millóns de horarios, tres mil catrocentas liñas de transporte, senón tamén políticos, porque algúns de vostedes e algún partido político querían que os buses quedaran sen rodar. Eu creo que o certo é que Galicia, afortunadamente, tivo transporte, rodaron os buses todos os días; nin un só día pararon os autobuses e seguiron circulando. E convertemos ese problema nunha grande oportunidade, quixemos aproveitar a ocasión, aproveitamos a ocasión e planificamos todo o mapa de servizos para modernizar o transporte público en Galicia.

E afrontamos este Plan de transporte con ambición e con valentía. Creo que valentía —teñen que recoñecelo—, porque eu volvo insistir que o fácil é non facer nada. Puxémonos a traballar e con valentía afrontamos todas as dificultades deste Plan de transporte tendo en conta as peculiaridades de Galicia, que son moi complexas en materia de mobilidade: esa dispersión xeográfica, o avellentamento da poboación, esas liñas de transporte no noso rural que non son economicamente rendibles. É unha complexidade tremenda, pero non improvisamos, traballamos, planificamos, coordinamos e puxémonos mans á obra, sabendo que precisabamos unha xestión do transporte público eficiente. Iso pasa por racionalizar os servizos.

Eu agardo que a ninguén se lle escape que as necesidades son moitas, pero os recursos son limitados. Creo que todo o sector público que ten experiencia na xestión pública sabe que as necesidades son moitas, pero que os recursos son limitados. Cando se xestiona, dende logo, vese esa realidade.

O traballo foi inmenso; o diálogo, tamén inquebrantable; a nosa vontade de diálogo dispostos ao acordo; en contacto directo e permanente cos concellos, que pedimos que nos trasladen as súas necesidades. É importantísimo que os concellos, que son os que están máis preto dos cidadáns, nos trasladen as súas necesidades, as súas inquiredanzas, as súas propostas, que son todas agradecidas.

E teño que facer un inciso. Houbo administracións locais que fixeron un traballo espectacular, pero houbo outras administracións locais que tiveron a calada por resposta, nin na información pública, nin no inicio dos novos servizos, e logo un ataque verbal excepcional cando non fixeron un traballo na planificación e no deseño, que, dende logo, tería sido moito mellor e tería sido moito máis útil para os usuarios do transporte, que é a quen nos debemos.



Tiveron entón a oportunidade de contribuír a mellorar o transporte público. Eu creo que nese momento renunciaron a aproveitala. Os nosos interlocutores constantes, como a Asociación de Transportistas, os sindicatos, os colectivos sociais, dende logo, os usuarios, son os que nos axudan a seguir mellorando a trasladar propostas construtivas e a seguir adaptando o transporte ás necesidades de Galicia.

Agradecidas todas estas achegas, que foron escoitadas nun laborioso proceso, no que nos propuxemos como obxectivo que non teñamos autobuses sen xente e tampouco teñamos xente sen autobuses. Polo tanto, coordinar, planificar eses servizos e para evitar as sinerxías, importantísimo. Como dicía, os recursos son limitados, e temos que aproveitar as sinerxías, racionalizar os recursos, e puxemos en marcha dúas modalidades fundamentais para multiplicar as posibilidades de mobilidade no noso rural. Esas dúas modalidades, o transporte baixo demanda e o bus compartido, son modalidades que teñen demostrado o seu éxito para a mobilidade de Galicia e para a mobilidade do noso rural. Diría máis: unha magnífica solución para a mobilidade do noso rural de Galicia, que ten trinta mil núcleos de poboación, e hai que aproveitar toda esa peculiaridade que nos outorga o transporte escolar e esas prazas baleiras.

Optimizamos os servizos, aproveitamos esas prazas de asentos baleiros do transporte escolar que ocupan os viaxeiros nas zonas de baixa demanda. Creo que é xusto tamén recoñecer ese traballo doutras comunidades autónomas. Aquí non fomos pioneiros, xa existía o bus compartido noutras comunidades autónomas, como en Castela e León, en Andalucía. E quero agradecer ese traballo construtivo e que nos aportaran a súa experiencia nesta modalidade.

O bus compartido permitiunos chegar a concellos onde antes non chegaba o autobús: Riotorto, Ribeira de Piquín, Carballada de Valdeorras, A Mezquita, etc.; non pasaba o autobús interurbano regular e agora pasa o autobús para dar maior servizo. Dende o ano 2017 con ese bus compartido, a pesar dos presaxios dalgún partido político, non houbo ningunha incidencia salientable e —como digo— é unha boa alternativa e unha boa modalidade para dar alternativas de mobilidade no rural. Os feitos tamén son clarificadores:

No ano 2017, 464 liñas de autobús compartido; agora, 2.245. No ano 2017, 3.193 paradas de bus compartido; agora 23.758. Hai anos había 339.000 servizos compartidos; agora, 892.000.

Tamén a media de usuarios se incrementou de xeito importantísimo no transporte compartido, de cinco mil trescentos practicamente, agora son case vinte e sete mil os usuarios. Polo tanto, é unha boa acollida, unha boa alternativa, unha magnífica alternativa para facer mobilidade, sobre todo no noso rural.

O autobús baixo demanda tamén é unha alternativa necesaria que ten cifras que amosan que é unha opción importante, necesaria e espectacular. Partimos de 473 liñas, agora estamos en 2.200; 2.652 paradas, agora 20.864. Polo tanto, o autobús baixo demanda tamén experimentou un éxito aumentando tamén os usuarios.

Polo tanto, dúas modalidades que dan solución para multiplicar as posibilidades de mobilidade en Galicia e no noso rural.



Saben que o Plan de transporte o implantamos en diferentes fases. Foi necesario que entrara en funcionamento en diferentes fases; fomos renovando contratos que seguían vixentes, licitando e adxudicando. Houbo concesionarias das que algunhas renunciaron. En calquera caso, dende o ano 2017 ata a decembro de 2020, que se culminou, foi todo un proceso.

Eu teño que dicir que dende o ano 2017 ata decembro de 2020 con todo este traballo foi a maior transformación para a modernización do transporte público de Galicia e, dende logo, da historia de Galicia en materia de transporte público por estrada, non garantindo e mellorando a prestación do servizo público por autobús interurbano, senón tamén garantindo os empregos. Garantíronse os empregos porque fomos pioneiros e temos un acordo coas forzas sindicais exemplar para a subrogación do persoal e para as condicións laborais.

Pór á disposición dos cidadáns un transporte eficiente e servicial é o noso obxectivo principal e tamén garantir os postos de traballo. E —como digo— os postos de traballo aí están as cifras: 3.158 empregos garantidos con este Plan de transporte, tanto condutores como acompañantes do transporte escolar.

Obxectivos logrados para a implantación deste Plan de transporte: activamos 127 contratos, renovamos tres mil catrocentas liñas novas de autobús, ofrecemos máis de dous millóns trescentos mil horarios, moitísimas paradas, 57 millóns de quilómetros ao ano, movemos tres millóns de viaxeiros ao mes co autobús interurbano da Xunta de Galicia, pechamos o ano pasado con máis de 24,6 millóns de viaxes, o que é case o dobre de viaxes que no ano 2016. É, polo tanto, un reto titánico.

Son obxectivos ambiciosos, pero obxectivos nos que avanzamos e nos que pivotan tres accións fundamentais neste Plan de transporte: fomentar a mobilidade das persoas asegurando a prestación do servizo; potenciar o emprego do transporte público e tamén que sexa menos contaminante ao reducir o número de vehículos privados; fomentar a intermodalidade, aí están as estacións intermodais polas que estamos apostando, Santiago e Ourense en servizo, Vigo e Pontevedra a piques de rematar.

Coordinamos servizos pola intermodalidade e coa chegada da alta velocidade o 21 de decembro, e anticipámonos, tomamos a iniciativa e xa coordinamos os servizos de autobús, os horarios, a chegada da alta velocidade o 21 de decembro. Anticipámonos, axustamos os horarios en toda a comarca do Barco de Valdeorras para a conexión coa estación da Gudiña. E tamén fixemos o mesmo para a conexión con Ourense dende Vigo e dende Pontevedra, dende Lugo. Polo tanto, anticipámonos para adaptar ás novas necesidades que vaian xurdindo en Galicia para a mobilidade dos galegos.

Polo tanto, señorías, eu creo que logramos pór en marcha un transporte público viable, sostible, útil, adaptado ás necesidades variantes, que van variando, dos galegos, apegados á nosa realidade territorial. E este proceso de modernización, de moito tempo, moita xente traballando, supuxo unha mellora substancial no transporte público interurbano por estrada, competencia da Xunta de Galicia.



Melloramos os servizos, incrementamos as liñas, incrementamos as paradas, incrementamos os horarios, calidade, seguridade; tamén o confort; tamén a accesibilidade nos autobuses ás persoas con mobilidade reducida; tamén autobuses máis eficientes e máis modernos. Estendemos os servizos, demos moita máis cobertura territorial grazas a ese bus compartido.

E tamén estamos avanzando nesa modernización tecnolóxica. Empezamos con ese único portal web bus.gal, que tivo preto dun millón de visitas no ano 2021; a central de chamadas de oito a oito, doce mil chamadas no ano 2021; esas máquinas canceladoras que permiten esas bonificacións na tarxeta TMG da Tarxeta Xente Nova.

E afondamos no noso reto seguinte de futuro, que é esa área única de transporte de Galicia, na que queremos iniciar xa a súa posta efectiva e avanzar na súa posta en marcha este mesmo verán. E paralelamente, por suposto, ese reto de seguir apostando e traballar pola dixitalización e monitorización do transporte para poder informar en tempo real os usuarios dos servizos de transporte.

Tamén rebaixamos os prezos. Rebaixamos os prezos do autobús e rebaixamos as tarifas de xeito xeneralizado e cunha aposta, con esta dinámica de transporte, dun prezo igualitario, igualdade de condicións en toda Galicia; prezos homoxéneos, equitativos e igualitarios; un prezo único. E tamén descontos especiais por recorrencia no Plan de transporte.

Unha ampla gama de bonos de transporte. Por pór un exemplo, por 50 euros ao mes é posible de forma ilimitada moverse entre Ferrol e A Coruña. Polo tanto, quen utilice estes bonos ao mes entre A Coruña e Ferrol, que —como digo— as liñas de transporte directas entre A Coruña e Ferrol son máis que antes —hai que saber sumar e saber restar, e se queren pásolles o filtro das liñas directas de transporte—, e non me vou cansar de dicilo. E con estes 50 euros de bono ao mes, a quen faga o itinerario todos os días vai saírlle e sáelle a pouco máis dun euro ese percorrido. Polo tanto, máis frecuencias directas entre A Coruña e Ferrol e menos prezos. E tamén esa tarxeta TMG, que ofrece descontos dun dez por cento adicional nos servizos de autobús.

E hai transbordos que tamén se bonifican. Neste eido, e tamén con esta filosofía, concibimos a área de transporte única de Galicia, que suporá un antes e un despois nas vantaxes en todo o territorio da nosa comunidade. Por suposto, a Tarxeta Xente Nova, que ofrece aos menores de 21 anos os autobuses interurbanos da Xunta de xeito gratuíto, os servizos regulares de autobús de xeito gratuíto. É unha oportunidade para a xente moza, unha conquista social da mocidade galega en Galicia, pero tamén un aforro ás familias con esa Tarxeta Xente Nova, apostando por esa Galicia familiar, esa Galicia verde pola que traballamos.

E sen ir moito máis alá, a Tarxeta Xente Nova —eu creo que temos que coincidir todos— é un antes e un despois para a mocidade galega. Fomos pioneiros no transporte gratuíto para os menores de 21 anos.

É unha mágoa que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista non asuman esta iniciativa nos autobuses urbanos onde gobernan ou cogoñernan, porque, dende logo, é un plan social de transporte.



Non estamos a falar soamente dun plan de transporte, estamos a falar dun plan social de transporte público interurbano por autobús, por estrada en Galicia, que cumpriu sobradamente os seus obxectivos ao facilitarlles aos mozos ese acceso aos servizos esenciais, eses aforros ás familias que lles evitan sobrecustos e, dende logo, permite aforros entre 500 e 1.800 euros ao ano, grazas á Tarxeta Xente Nova. E por pór outro exemplo tamén entre A Coruña e Ferrol, pois un estudante que vaia á Coruña todos os días pode aforrar ata 1.350 euros grazas a esta Tarxeta Xente Nova, porque —como digo— é un auténtico plan social de transporte.

E vimos mellorando paso a paso, feito a feito o Plan de transporte, porque está dende a súa concepción en mellora continúa. Os mozos galegos no día de hoxe, os menores de 21 anos en toda Galicia, teñen esa Tarxeta Xente Nova. Saben que empezamos en 2016 nas cinco áreas de transporte para os menores de 19 anos, logo incrementamos a menores de 21 anos no ano 2020 nesas cinco áreas de transporte. Fómolo incrementando e estendendo a toda Galicia. E dende o pasado mes de maio de 2021, todos os mozos de Galicia teñen esa Tarxeta Xente Nova para utilizar o transporte público regular interurbano na nosa comunidade, competencia da Xunta de Galicia, nas tres mil catrocentas liñas de xeito gratuíto.

Eu creo que é un éxito rotundo esa Tarxeta Xente Nova. Son 110.000 mozos que teñen esa Tarxeta Xente Nova para viaxar de balde nos autobuses da Xunta de Galicia. Son 3,2 millóns de viaxes no ano 2021. Son 4,3 millóns de euros que destinamos na Xunta de Galicia para ofrecer ese transporte aos menores de 21 anos.

Polo tanto, señorías, fito a fito, paso a paso, fomos mellorando e modernizando o transporte público con apostas sen precedentes.

Outra medida pioneira tamén foi para atender as necesidades de tres mil familias. A este respecto deseñamos servizos específicos a centros penais existentes na nosa comunidade, que supuxo crear liñas específicas para estas familias, para estas persoas, axustando os horarios ás quendas de visitas.

Polo tanto, é unha aposta decidida polo Plan de transporte. Unha aposta decidida na que investimos 80 millóns de euros ao ano para este transporte público máis moderno e que dea máis posibilidades de mobilidade.

E queremos seguir estendendo a toda Galicia este sistema de descontos, que no día de hoxe está nas áreas de transporte. Con esa área de transporte de Galicia, ese modelo único para a mobilidade interurbana, con tarifas igualitarias en todos os concellos de Galicia, vantaxes que no día de hoxe teñen as cinco áreas de transporte, tales como bonificacións, transbordos gratuítos, descontos por recorrencia, eu pódolles indicar que área de transporte suporá, dende logo, un antes e un despois e que queremos ampliar todos eses beneficios, esas vantaxes a toda Galicia.

A nosa prioridade é o rural, para ofrecer mobilidade no rural. Imos poder anunciarlles que imos ter un trato especial naqueles municipios de menos de dous mil habitantes, con menor grao de urbanización, segundo os cálculos do Instituto Galego de Estatística. E nestes con-



cellos avánzolles que a tramitación para unha única área de transporte serán os que se adhiran de forma inmediata a ela.

Polo tanto, eses concellos de menos de dous mil habitantes son 119 concellos, e de xeito inmediato e de xeito automático poderán ter os descontos este verán das vantaxes de todas as bonificacións do transporte en Galicia. Son 150.000 cidadáns nestes 119 concellos do noso rural, porque temos atención prioritaria ao noso rural. En concreto, son 69 concellos de Ourense, 30 de Lugo, 15 da Coruña e 5 de Pontevedra os que se beneficiarán destas vantaxes, con descontos de 50 céntimos en cada viaxe, transbordos gratuítos e descontos por recorrencia. Igual que as vantaxes que agora teñen as áreas de transporte metropolitano, ascendemos, e os prioritarios son o noso rural.

Esta é unha área de transporte que someteremos as próximas semanas á información pública, que no verán agardamos xa aprobar o convenio tipo para a adhesión. A adhesión destes concellos será de xeito automático, inmediato, para que sexan os primeiros que se incorporen ás vantaxes do transporte.

Polo tanto, —insisto— o Plan de transporte público de Galicia está vivo, está en constante mellora, en constante adaptación, e a creación desta área de transporte de Galicia á que acabo de facer alusión sitúase tamén nesta liña de mellora constante.

Seguimos traballando e incrementando servizos, apostando por esa mobilidade sostible e en permanente contacto con concellos, con usuarios, estudando todas as suxestións. Dende logo, toda a achega que se nos traslada imos analizala e tela en conta, claro que si. Non creamos un comité de clientes para metelo nun caixón, senón que escoitamos, analizamos, temos en conta e seguimos mellorando o servizo público, porque a capacidade de adaptación que temos é importante.

Aí están na etapa de covid medidas excepcionais, protocolos específicos e garantía dos servizos. Porque hai quen atopou na pandemia e na covid a escusa perfecta para eliminar servizos de transporte. Estoume a referir —sábeno vostedes— a Renfe, que depende do Goberno de Pedro Sánchez. Escusa perfecta da pandemia para recortar servizos. Que non o saiban sorprendeme. Se lles importa tanto o transporte público en Galicia para dar alternativas de mobilidade, aí Renfe atopou a escusa perfecta para reducir os servizos públicos de transporte en Galicia. E mentres Renfe suprimía frecuencias, a Xunta reforzaba as liñas de transporte; mentres Renfe suprimía frecuencias, algúns estaban calados. Polo tanto, eu creo que esa é a gran diferenza.

Nós, dende a Xunta de Galicia, reaccionamos con rapidez, pois no momento en que se eliminou o estado de alarma recuperamos o cen por cento dos servizos de transporte público. Renfe no día de hoxe, o Goberno de España, o Ministerio de Transporte, non pode dicir iso. Estivemos en todo momento pendentes, con mobilidade segura, protocolos pola covid, e recuperación de xeito inmediato no mesmo momento en que o Goberno de España eliminou o estado de alarma.

Dez meses despois dese momento, Renfe segue sen ter todos os servizos previos á pandemia, non os restableceu, e vemos como se está a desmantelar en moitas zonas. Preocúpanos sobre



todo enormemente —e eu agardo que lle preocupe ao lado desta bancada— a estratexia de mobilidade do rural do Goberno de España, porque condena o noso rural, elimina os trens do noso rural. Creo que é algo que nos debe preocupar, e aproveito e invito a que teñan coñecemento da Estratexia de mobilidade do rural que o Goberno de España trasladou ás comunidades autónomas. Dende logo, creo que deberían afondar e preocuparse, porque Galicia eminentemente é rural, e os servizos de transporte no rural de tren tamén son necesarios.

Nós seguimos avanzando, queremos seguir mellorando con retos de futuro esa dixitalización de transporte na que estamos traballando, na que imos investir tres millóns de euros, porque queremos que os usuarios coñezan en tempo real os seus servizos de transporte.

Outra medida novidosa son as paradas seguras de transporte nas estradas autonómicas, que é onde temos competencia. Imos destinar tres millóns de euros a esas paradas seguras, para que a espera do transporte sexa cómoda.

Polo tanto, traballando con fitos progresivos, paso a paso, mellorando constantemente, con retos de futuro, porque para nós é un servizo público esencial, un servizo público para ofrecer mobilidade nesta Galicia, que é eminentemente rural, e aberto a revisións.

Dende logo, escoitar propostas razoadas e razoables, agradecémolas, por suposto que si, para ir adaptando as necesidades, que moitas veces mudan e son cambiantes, do transporte público aos usuarios, e disposición de diálogo e negociación.

Insisto: propostas construtivas, propostas concretas, que sempre son moito máis positivas. Eu agardo esas propostas construtivas e concretas para ser entre todos —tamén a bancada da oposición— útiles para un transporte público por estrada en Galicia mellor se cabe.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda dos grupos políticos.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Benvida, conselleira.

A verdade é que vostede hoxe estaba saíndose un pouquiño do guión, porque non falaba nada do Goberno de España, do Goberno central, pero ao final xa tivo que saírle aí ese coletazo dicindo que o Goberno de España aproveitara e tomara —dixo vostede— como escusa per-



fecta a pandemia para facer desmantelamento dos servizos públicos. ¡Están vostedes para falar de desmantelamento! (*Aplausos.*) Porque quero recordarlles que outras administracións atoparon na pandemia a escusa perfecta para facer certos tipos de contratos familiares. Iso que agora mesmo está a desmantelar o seu partido. Polo tanto, señora conselleira, creo que leccións hoxe aquí ben pouquiñas.

Vostede iniciaba a súa intervención dicindo que viña comparecer hoxe aquí a petición propia. Pero todos e todas sabiamos que había unha comparecencia solicitada polo Bloque Nacionalista Galego, que precisamente, claro, vostede o que fixo coa súa comparecencia a petición propia á última hora pois foi tapar esa comparecencia que instara o Bloque Nacionalista Galego, que pedía falar deses incumprimentos nos contratos adxudicados no transporte público de Galicia. Vostede nada diso falou e veu aquí facer slogans, dicir que —por verbas que pronunciou a conselleira— é un transporte eficaz, competitivo, adaptado ás necesidades dos galegos e das galegas. Isto é o que dicía vostede sobre o Plan de transporte público de Galicia. Nalgúns momentos da súa intervención dixo que era un éxito rotundo. Pero vostede, señora conselleira, vive nunha realidade paralela.

Porque é que non o di o PSdG. ¿Cantos usuarios e usuarias se levan manifestando, levan reclamando melloras, levan reclamando que se están a incumprir, que se están a suprimir liñas, que se están a suprimir horarios, que non se dá a información veraz? Entón, esa xente, ¿que está, mentindo? É que non o di o Partido Socialista, dino os usuarios e as usuarias do transporte público de Galicia.

Porque dicía vostede: «os presaxios do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista con este Plan de transporte de Galicia non se cumpriron». ¡Claro que se cumpriron os presaxios! Cumpríronse os presaxios relativos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro que si! Os usuarios e as usuarias están dicindo que este Plan de transporte de Galicia non funciona. Chegou a falar dos traballadores e dicir que no tema da subrogación dos traballadores se levara un proceso exemplar. Pero vexamos: ¿cantos temas destes chegaron ao xulgado do tema da subrogación dos traballadores? Polo tanto, se funcionara xenial non estarían os temas xudicializados. É que imos falar tamén desas pequenas empresas de transporte que quedaron fóra por unha decisión pura e dura da propia consellería.

Chegounos a achacar tamén ao Partido Socialista de que non fomos construtivos na elaboración deste Plan de transporte público de Galicia. Vostede mente, señora conselleira, porque compañeiros que estiveron antes aquí tamén neste grupo parlamentario brindaron todas as posibilidades para poder mellorar este Plan de transporte público de Galicia. Fixéronse incluso xornadas coas asociacións e co sector, e recolléronse as demandas dos usuarios, que se trasladaron á propia Xunta de Galicia. Pero vostedes fixeron sempre caso omiso.

Foron moitas as veces en que compañeiros e compañeiras deste Grupo Parlamentario Socialista lle dixeron á Xunta de Galicia que había que mellorar este Plan de transporte público porque, se non, íase dar a posibilidade de que despois a Xunta puidera ser moi discrecional á hora de adxudicar os contratos. E vimos que iso, señora conselleira, despois tamén se cumpriu.



Despois sacou a falar vostede do Bipartito, e dicía que a algúns lles gusta moito falar deses anos de progreso en Galicia. E a nós claro que nos gusta falar deses anos do Goberno socialista e do Bloque Nacionalista Galego en Galicia; pero é que a vostedes lles gusta moitísimo máis porque é vostede a que saca, nomeadamente, en moitas ocasións esa época. ¿E que fixeron vostedes? Pois vostedes prorrogaron unhas concesións de xeito ilegal, e así foi o que lle dixo a xustiza. Iso foi o que fixo a Xunta de Galicia.

E despois pide diálogo constante aos concellos. Pero ¿como pretende ese diálogo constante cos concellos se a Xunta de Galicia lles dá dous ou tres días de prazo para que poidan presentar alegacións? E vostede sabe que incluso estes prazos foron en pleno período de Nadal. Polo tanto, señora conselleira, ese é o diálogo que buscan cos concellos.

Polo tanto, nós vemos como ese Plan de transporte público de Galicia, que —como xa dixemos nalgũa ocasión— custou máis de doce millóns de euros, e non estou a falar da adxudicación dos contratos para a prestación deses servizos, senón da elaboración e a posta en funcionamento deste Plan de transporte público de Galicia, non resolve as necesidades dos usuarios e das usuarias. Porque o que vostede recolle na teoría e no papel pouco se corresponde despois coa realidade. E é máis: incluso o que recollen no papel, nos propios pregos de contratación, xa nin sequera recolle as necesidades dos usuarios e das usuarias. Polo tanto, nós o que lles pedimos é que reconsideren e reformulen eses pregos de contratación.

Pero, indo máis aló, é que nin sequera se están a cumprir eses pregos, é que nin sequera se están a cumprir eses contratos que se adxudicaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señora conselleira. E vostede falaba moito da liña Ferrol-A Coruña e facíame alusión a que había que saber sumar. Pois eu voulle dicir datos:

O prego desta oferta Ferrol-A Coruña exixía sesenta e seis expedicións mínimas en días laborais, que sumado ao 10 % de dispoñibilidade de incremento obrigatorio permitiría aumentalos en sete servizos adicionais; polo tanto, setenta e tres. Por exemplo, se miramos os horarios da páxina web da empresa adxudicataria Monbus nunha data recente, da semana pasada, constaban sesenta e seis expedicións entrambas as cidades, Ferrol-A Coruña, sesenta. E esas sesenta expedicións son despois dese anuncio feito por parte da Xunta de Galicia a principio do ano, no que dicía que a Xunta activará mañá o reforzo de once servizos diarios: «A Xunta activa o luns o reforzo das conexións de autobuses entre A Coruña e Ferrol, o que suporá cincuenta e cinco servizos directos máis á semana. Aumentará once expedicións por autopista cada día de luns a venres, un incremento de máis do trinta e cinco por cento nas franxas horarias de primeira hora da mañá e da tarde».

Claro, quedámonos con este anuncio; pois, moi ben, once servizos máis. Pero imos analizar. Por un lado, a Xunta de Galicia incrementa en once servizos —como di a propia Xunta de Galicia— as conexións entre A Coruña e Ferrol en autobús. Por outro lado, se miramos a páxina da empresa adxudicataria, son sesenta expedicións as que temos no día de hoxe. Recordemos que no prego o mínimo de expedicións diarias eran sesenta e seis, co cal nin sequera con esta mellora de once servizos estamos a cumprir eses sesenta e seis servizos mínimos diarios que se exixen no prego de contratación. Ademais, se aumentamos ese 10 % que pode ter a administración, vemos que a redución é de vinte e catro viaxes diarias con ese incremento do 10 %.



É que, señora conselleira, nin sequera con ese anuncio que fixeron de once servizos diarios máis se está a cumprir o mínimo que se contempla no prego de contratación.

Pero é que este non foi un incumprimento puntual, senón que foi reiterado semana tras semana, mes tras mes, ata que o nivel de enfado dos usuarios e das usuarias, e tamén dos alcaldes da contorna, fixeron que a Xunta de Galicia fixera este teatrillo de dicir que aumentaba e que reforzaba en once os servizos diarios. Pero é que nin sequera —repito— con eses once servizos diarios se chega ao mínimo que contempla o prego de contratación.

Polo tanto, vostedes durante moito tempo estiveron a enganar os alcaldes da contorna e estiveron a enganar os usuarios e as usuarias. Pero o peor é que vostedes non fan os seus labores de inspección e de control. ¿Por que non obrigan as empresas a que cumpran o contrato que teñen firmado? Porque con base neses pregos e nesa licitación se adxudicaron eses contratos a determinadas empresas, ¿non? Polo tanto, como mínimo exíxanlles que cumpran este contrato.

Eu non me vou meter no que puido ou non puido haber á hora de adxudicar eses contratos, porque non me corresponde a min, porque iso corresponderalles aos tribunais, porque vostede sabe que esa causa está xudicializada. Pero o que lles pedimos é que polo menos exerzan os seus labores de inspección e de control. E no suposto de que se detecte que hai incumprimentos por parte desta empresa se sancione, porque esa é a súa obriga como conselleira ou, se non, é que non entendo cal é o papel.

Ademais, se vostedes fixeran ese labor de inspeccionar e de sancionar se hai incumprimentos, e eventualmente resolver eses contratos, se fora o caso, seguramente que este Plan de transporte funcionaría moito mellor, sería útil para os usuarios e as usuarias, sería útil tamén para os traballadores, que están a demandar en moitas ocasións porque non se están a cumprir escrupulosamente os seus dereitos laborais. E, por outro lado, dende logo, non deixaría fóra de xogo a esas pequenas empresas que non puideron optar a esa licitación. Porque se nin sequera se lles exige...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidenta— nin sequera se lle reclama á empresa que cumpra o que se contempla no prego, é normal que despois estas empresas poidan presentar incluso melloras voluntarias moi avultadas porque saben que a propia Xunta de Galicia non lles vai reclamar esas melloras voluntarias porque nin sequera reclama o que é obrigatorio polos pregos.

Polo tanto, señora conselleira, queda moitísimo traballo por facer. E non llo dicimos dende este grupo parlamentario, senón que llo din os usuarios e as usuarias do servizo público de transporte de Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Otero.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, bo día.

Falaba vostede dunha palabra —utilizouna varias veces—, foi a palabra «apocalipse», que, segundo vostede, o BNG e o Partido Socialista eran os que prognosticaban para o seu Plan de transporte. Ademais, é unha palabra que a min me gustou moito porque me viu rapidamente á cabeza un director de cine —do que eu son bastante fan— que tivo unha triloxía célebre que encaixa perfectamente na cuestión da que imos falar agora, trátase de Francis Ford Coppola e fálolle de tres películas. Eu teño dez minutos apenas pero podemos extraer unhas conclusións e uns ítems bastante fundamentais das demais intervencións. Para o Partido Popular o importante é a *familia*, sempre o foi, (*Aplausos.*) e estámolo vendo estes días, (*Aplausos.*) chámese PP, chámese Iberdrola, Naturgy, Ence ou Monbus, (*Aplausos.*) como é o caso que nos trae hoxe. Tanto para Coppola como para o PP o importante é a familia.

Temos nesta cuestión da que imos falar hoxe aquí —que vostede non comentou nada, supoño que na segunda intervención despois da rolda de prensa de autobombo será xa entrar en materia— vemos como esta situación de incumprimentos na execución dos contratos deixa tres grandes afectados neste país e un só responsable: o binomio ou o *dúo dinámico* inseparable que son a Xunta e o Grupo Monbus. Tres afectados que son, por un lado, os usuarios e as usuarias; por outro lado, os traballadores e as traballadoras, e, por outro lado, as pequenas e medianas empresas.

¿E por que dicimos isto? Dicimos isto porque todo o país está en pé de guerra, estas tres partes están en pé de guerra contra o seu Plan de transporte e, sobre todo, coa práctica monopolística que está levando esta situación a un momento límite. (*Aplausos.*) Usuarios e usuarias, traballadores e traballadoras, pequenas e medianas empresas que se están manifestando e mobilizando por todo o país, por cada recuncho do país, para dicirlles que así non, que xa é suficiente e que queren ter os seus dereitos blindados. Como din exactamente os papeis que vostede trae aquí é leria. Os papeis, señora conselleira, terman de todo, pero á realidade tamén lle gusta impoñer o seu criterio, e ás veces hai que baixar á realidade e ver o que está pasando fóra do que poñen os papeis.

Os usuarios e as usuarias non deixan de queixarse da redución de servizos como eliminacións e cambios inxustificadas, eliminacións de horarios, eliminacións de paradas, e ademais atendendo á súa propia normativa da Lei de transporte —modelo de transporte que sabe que nós non compartimos—. Pero é que incluso vostedes incumpren mediante esta deixación de funcións de inspección, de control e de sanción os valores e os criterios sociais e democratizadores que ten que ter o transporte público tanto como un servizo público.

Polo tanto, os traballadores e as traballadoras tamén están a ver os seus dereitos laminados. Cando vemos ofertas deste grupo empresarial, onde, por exemplo, na oferta para gañar se-



gundo que contratos, falaba vostede do caso da Coruña, Ferrol, as Mariñas, esa UTE Hércules Norte. E na súa propia oferta, esta UTE falaba dun emprego de condutores, de persoas que conducen os autobuses, e de acompañantes do transporte escolar dun cen por cento de emprego de carácter indefinido.

Non sei se viu onde na prensa, saía na *Voz de Galicia*, a mobilización que están preparando as acompañantes do servizo de transporte escolar porque os seus dereitos non están a ser blindados, porque están a traballar por horas cunhas subrogacións, cunha redución de horas no seu contrato. E hai xente que incluso está traballando media hora, que non lle contan o tempo de espera entre que soben os rapaces e as rapazas nos autobuses e no que baixan, só lles contan a hora onde están nos autobuses.

Estanse contratando vía ETT; todas estas empresas están contratando vía ETT. E os sindicatos estanollo dicindo por activa e por pasiva, con moitas denuncias. Teño aquí unha carpeta chea de denuncias e teño alí no meu escano outra carpeta chea de denuncias, que poñen branco sobre negro todas estas irregularidades. (*Aplausos.*)

Por outro lado, falamos de irregularidades, que ademais supoñen unha extinción do propio contrato se se controlan e se inspeccionan. Falamos de duplicidade de vehículos nas diferentes concesións, que non é posible facerse; falamos de que unha gran parte da frota desta empresa —como dicía antes—, que leva xa o monopolio practicamente con case o oitenta por cento das liñas de todo este país concesionadas ao mesmo grupo empresarial, vemos como os autobuses non están cumprindo a normativa que tiñan que cumprir tanto por idade, que superan con moito a idade máxima, como no que ten que ver coa cuestión ambiental, como o que ten que ver cos servizos de seguridade.

E aí perdemos todos e todas. Aí perden os usuarios, aí perden os traballadores e tamén perden as pequenas e medianas empresas, que ven como este grupo empresarial gaña as súas concesións mediante baixas temerarias, baixo melloras que despois, por un lado, non cumpren e, polo outro, que ninguén llas fai cumprir. Ese é o gran problema que estamos detectando. Estanse pechando pequenas e medianas empresas porque non poden competir ante algo que despois non se cumpre.

E é que no día de hoxe este grupo empresarial ten que tirar de coller vehículos, duplicalos nas liñas, que ademais iso está todo completamente rexistrado —ténolle aquí un montón tamén de documentación gráfica que así o acredita—, e vemos como realmente non ten capacidade. O seu modelo de grandes lotes para beneficiar ás grandes empresas, nin sequera ás grandes empresas, a maioría de empresas deste país de transporte nin sequera pode facelo de forma regular. Ten que trampear todo o habido e por haber, duplicar esas liñas, non ter vehículos adaptados nin a nivel de idade nin das condicións de seguridade ou ambientais que se lle exige, porque non poden asumir todo o volume que teñen concesionado. E vostedes seguen unha e outra vez caendo no mesmo xogo e dándolle máis, e máis, e máis contratos que despois non se cumpren.

Porque está moi ben o que dicía vostede nos seus papeis de ampliación de liñas, de paradas e demais, sobre o papel está moi ben, pero é que despois na realidade non se cumpre. Non



se están cumprindo nin sequera as matrículas dos vehículos adscritos aos contratos, (*Aplausos.*) ¿vanse cumprir despois todas as paradas, todas as liñas e ademais todo en hora? Non se cumpre.

E non só a nivel dos traballadores e as traballadoras, non é só os acompañantes do transporte escolar, que ven completamente pisoteados os seus dereitos laborais, senón que os propios condutores e condutoras relatan como un día tras outro hoxe están nunha liña, mañá están noutra. E declaracións de traballadores e traballadoras que xa no sabían nin para que empresa traballaban. Íanlle cambiando de contratos en contratos entre pequenas empresas do mesmo grupo, e xa non sabían nin para quen traballaban. Hoxe fas esta liña, mañá chégache un *whatsapp* e tes que facer estoutra da que non sabes nin sequera as paradas e o itinerario. Un descontrol absoluto coa convivencia da Xunta de Galiza. En todo caso, en beneficio da empresa, que non pon nin os medios necesarios para atender as licitacións que gaña.

Ben, non imos entrar hoxe en temas de contratación, de como van os contratos e de moitas outras cousas porque hoxe non toca. Pode tocar noutro momento e seguramente toque, porque nalgún momento ten que saltar a lebre neste país, señora conselleira. Nalgún momento, sexa como sexa.

Hoxe, por exemplo, había convocada unha mobilización das pequenas empresas de transporte, que finalmente non puido ser. Seguramente tamén recibiron algún tipo de mensaxe ou se fixo algún tipo de traballo aí, que parece completamente lóxico e normal, dun xeito normal para como traballa esta Xunta de Galiza.

Falaba antes do monopolio. E falando desta cuestión, a min este tema recordábame moito —non sei se vostede sabe— o xuízo no que meteu a Fiscalía dos Estados Unidos a finais dos noventa a Microsoft por este tipo de comportamentos monopolísticos, e tiña moitas similitudes, sobre todo no que tiña que ver con como gañaban cota de mercado e como facían para ter cada vez máis contratos. O problema é que neste caso isto faise coa convivencia da Xunta de Galiza directamente. Ou sexa, non son empresas nese propio libre mercado ou libre competencia onde se fai. E isto non deixa de constatarase.

Antes falaba de Coppola, agora falo doutra persoa, que é a propia concepción do estado e a definición do estado que facía Lenin. Pois como esa ferramenta de dominio de clases, sobre todo de reprodución e supervivencia do *status quo* e da clase dominante. E iso é o que vemos aquí. O que vemos aquí é que a Xunta de Galiza, non só no caso de Monbus, senón podemos falar do caso doutras empresas de enerxía e demais, e o Partido Popular o único que fan é gobernar para as grandes empresas, para as grandes empresas que nos espolian, para os seus amigos. (*Aplausos.*) Volvemos ao principio con Francis Ford Coppola e esa triloxía maravillosa que nos deixou para a historia do cine: a importante é a familia.

Nós o que lle pedimos, señora conselleira, é que baixen á realidade, que inspeccionen e controlen e que sancionen, que fagan cumprir os contratos que están asinados e as ofertas que gañaron eses contratos. É o que lle pedimos. Non lle pedimos outra cousa no día de hoxe, senón que esas ofertas e eses contratos se cumpran escrupulosamente. É o que queren tanto



os usuarios e usuarias, o que queren os traballadores e traballadoras e o que queren tamén estas pequenas e medianas empresas.

Cando unha compañía ou unha empresa «xe» gañe unha licitación pública, un contrato público, que o cumpra e que o cumpra de forma escrupulosa, señora conselleira. É o que lle pedimos hoxe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Señorías, moi bos días a todos.

Grazas, conselleira, pola súa comparecencia e por aportar luz neste asunto que dende os grupos da oposición intentan —como vén sendo habitual nas últimas lexislaturas— enfangar con calquera tipo de teoría.

Eu quero empezar felicitándoa polo seu traballo —tiven oportunidade de dicirlllo na Comisión de Orzamentos deste mesmo ano, na Comisión 3ª—, pola súa valentía, pola determinación para afrontar un problema que tiñamos en Galicia e por intentar poñer orde e mellorar o transporte público de Galicia.

Se me permite, tamén me gustaría facer unha pequena crítica, e espero que non mo tome a mal. E a crítica é que o que se acaba de producir en Galicia é unha auténtica revolución do transporte. É unha auténtica revolución do transporte que despois de escoitar hoxe aos dous voceiros non me dá máis que a razón. ¿Por que? Porque antes de empezar a funcionar o sistema de transporte o que vaticinaban era esa apocalipse, que ía fracasar absolutamente, que non había posibilidades, que a xente ía quedar na casa e que todo era un desastre.

Hoxe, despois de escoitalos, xa empezan a cambiar as críticas. E agora o que veñen dicir a este parlamento é que hai algunha persoa que ten problemas ou hai algún grupo de persoas que nalgún sitio ten problemas cunha frecuencia. Claro, isto é importante, e hai que intentar solucionar todas e cada unha das incidencias que imos tendo. Pero vaíamos por partes.

A ninguén se lle escapan as características de Galicia: esa dispersión, a zona rural que temos, o avellentamento, que fan especialmente complicado deseñar este plan. E lonxe de mirar para outro lado, o seu equipo e vostede mesma decidiron intentar solucionar o problema. Só polo feito de intentalo merecería o recoñecemento dos partidos da oposición, pero eles están ao seu, que é —como dicía antes— enfangar.

En cambio, só houbo ese rosario de premonicións fallidas, que en cada etapa ía ser un desastre. Intentan converter calquera anécdota en categoría, ao tempo que non falan dos ver-



dadeiros problemas que ten o transporte en Galicia, como, por exemplo, as autovías ou os trens. Disto estiveron calados calquera dos dous portavoces.

Permítame, conselleira, dicirlle que, efectivamente, este Plan de transporte público de Galicia permitiu levar o autobús a zonas onde nunca antes tiñan a oportunidade de subir a un autobús. (*Aplausos.*) E a iso probablemente moitos dos deputados que están aquí non lle dan importancia, pero moita xente que vive no rural e que agora si pode subir a un autobús si que ten importancia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu sei que vostedes iso non o queren admitir porque é facerse unha autocrítica dende o principio.

Miren: é imposible volver atrás porque as bases xa están centradas, señora conselleira. De 927 liñas a 3.436. ¿Pero vostedes fixéronse nos números?, ¿vostedes prestaron un mínimo de atención? Fíxense nos números: de 20.557 paradas a 53.168 paradas; (*Aplausos.*) dun millón e medio de servizos a 2,3 millóns de servizos.

¿Incrementouse a seguridade no transporte público de Galicia? Claro que si. A idade media dos autobuses é moito menor. Incrementouse a equidade, homoxenéizanse os prezos, báixanse os prezos para todos os usuarios. Ademais, para todos os galegos incrementase esa equidade.

Hai novos modelos de transporte, non só estamos a falar das liñas tradicionais como tiñan vostedes cando gobernaron, senón que ademais falamos dun transporte compartido, porque hai que aproveitar as prazas baleiras nos autobuses. De novo, moitos destes deputados non o saberán. Eu que era do contorno rural e cando ía ao meu colexio ía andando porque tiña sorte de ter o colexio cerca da casa, vía pasar os autobuses baleiros con dez ou quince rapaces en cada liña. ¿É que acaso non se poden aproveitar eses buses? ¿Non está ben feito que a xente do rural poida subir neses buses e compartir o bus para chegar ao centro do concello? ¿Non está ben? ¿Tamén lles parece mal?

¿Que é o que lles parece mal de todo este modelo? ¿Parécelles mal o transporte baixo demanda? Pasamos de 3.979 usuarios a 12.000 usuarios no 2021. Unha media de 1.700 persoas ao mes de usuarios.

¿Parécelles mal a Tarxeta Xente Nova? É que non din absolutamente nada. Neste caso é máis: fan o contrario, porque nas cidades onde gobernan non se adhíren. Nas cidades onde gobernan non permiten que os menores de 21 anos poidan viaxar gratis. Pero teñen a independencia de vir ao Parlamento e pedir que para os menores de 30 anos sexa gratis, pero onde eles gobernan non o fan. (*Aplausos.*) Esa é a fórmula que teñen vostedes.

¿Están en contra de que se poñan novas liñas aos centros penitenciarios, que favorecen a tres mil familiares —non imos dicir familias, para que non se alporicen—, familiares de persoas que están alí? ¿Parécelles mal tamén iso? ¿Cal é o que lles parece mal?

O único que fixeron dende o primeiro momento é ser catastrofistas. Ese ente maléfico que se ía apoderar da consellería e o fin do mundo chegaba. Eu sinto non ter as dotes interpretativas doutros deputados do BNG, pero é o que dixeron dende o primeiro día. Esa síndrome



de canto peor, mellor lles vai ir. E é verdade que durante estas datas o único que fan é aproveitar cada unha das incidencias que poden aparecer nesas case tres mil quíntas liñas en toda Galicia para intentar facer unha categoría de cada unha delas.

Este era un plan vivo, dicía a conselleira. É certo. Falouse cos concellos, e houbo concellos que participaron e deron algunha aportación ao plan, e houbo outros concellos que non o fixeron. E casualmente os que están detrás das pancartas, a maioría non participaron para colaborar na posta en marcha do plan. ¿Por que?, habería que preguntar. Alá eles. Pero onde están sempre a gusto é detrás da pancarta.

É verdade que tamén apareceron moitas liñas. Sabe vostede moito do transporte entre Ferrol e A Coruña. Apareceron liñas que non estaban en ningunha concesión, que eran contratos discrecionais entre distintos colectivos. Algún deles veu falar comigo. Eran traballadores da Deputación e como me coñecían da Deputación viñeron falar comigo, solucionouse o problema. ¿Sabe que? Antes pagaban 140 euros ao mes por ese servizo discrecional. Agora pagan o que dixo a conselleira, 50 euros ao mes. *(Aplausos.)* E non estaba no título concesional.

E cando se falaba cos concellos para que nos dixeran que liñas estaban sendo utilizadas ou que liñas se necesitaban non aparecía ningunha aportación por parte destes concellos. O resultado é que no día de hoxe temos máis liñas, máis paradas, máis viaxeiros, máis seguridade, máis modernidade e máis aforro para todos os usuarios, e, polo tanto, menos prezo. Non sei cal é o problema. Probablemente que non queren colaborar. ¿Por que —repito— nesas cidades non se entra na Tarxeta Xente Nova? O Bloque está gobernando ou cogobernando en case todas. ¿Por que non o fan? ¿Por que o Partido Socialista non adopta esa solución? ¿Non lle parece doada?

Claro, hoxe tivemos que escoitar aquí a señora Otero dicir que non eramos capaces de xestionar e que había algún problema. Mire: en Santiago cidade hai unha liña, Santiago-Aeroporto, que leva máis dun ano esperando a ser sacada e licitada. ¿Sabe onde están os traballadores? Na casa. Non están contratados por ETT; xa lles gustaría estar contratados por unha ETT. Están na casa. E o Concello de Santiago leva ano e pico para sacar unha liña entre a cidade e o aeroporto, e é incapaz. *(Aplausos.)* ¿E vén dar clases a un goberno que é capaz de quitar tres mil quíntas liñas? ¿Pero vostede a quen quere enganar? Unha liña, señora Otero; é incapaz de sacar un prego para contratar unha liña.

E é máis: os traballadores están na casa. Dos traballadores eses non fala o Bloque, que tamén goberna en Santiago; non, aí non fala. *(Murmurios.)* Esperen que agora vou con vostedes, que me queda un minuto. Aí o Bloque non fala deses traballadores. E o PSOE mira para outro lado, pero nun ano é incapaz de sacar unha liña.

E temos que escoitar o voceiro do BNG, que vén aquí insinuar non sei cantas cousas, dicir que a Xunta está non sei que cunha empresa, que lle dá todos os contratos, e vén aquí dicir barbaridades. Porque ¿a quen lle adxudicou o Concello de Lugo o transporte urbano? ¡Ah!, a área de transporte alega o BNG en Lugo. E resulta que se vende á mesma empresa que se vende a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¿E vostede vén aquí dar leccións de que? Pregúntelles



aos seus compañeiros de Lugo. ¿Como pode ter a cara de vir aquí facer acusacións sen ningún tipo de probas e botar porquería por todos os lados cando vostedes fan o mesmo?

Este é o mesmo caso das residencias. As residencias públicas con xente aí contratada pola administración; agora si, cando o fai o BNG, entón, xestión indirecta. Isto é o BNG. ¿Non o sabía? Pois que llo expliquen.

Porque isto é o que se dedicaron durante todo este tempo —xa remato, presidente— dende que a Xunta tivo a forza de intentar solucionar todo o sistema de transporte con máis de tres mil quiñentas liñas. Se vostedes tiveran que facer iso, ían apañados os galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu, dende logo, comparezo nesta cámara coa satisfacción de ter traballado de xeito importante e decidido para facer a maior aposta polo transporte público na historia da nosa comunidade, en materia de transporte público interurbano por autobús. E fondamente decepcionada pola bancada da oposición, porque nada dixeron aquí que sexa útil para as necesidades dos galegos en materia de transporte.

Señor Riós —entenda ben o que o digo—, vostede non veu falar de transporte, porque non sabe de transporte. Entón, polo tanto, veu falar e botar barullo. *(Murmurios.)* Cando non se concretan temas de transporte e se fala dese tipo de cousas é que non se sabe de transporte. Permítame esa reflexión, que creo que teño o dereito de transmitir, dende logo, o que penso. E creo que veu aquí perder unha oportunidade de falar de transporte de xeito construtivo, enlodar, confundir e acusacións que de nada veñen a conto.

Eu creo que axudaría moito máis que as súas intervencións foran construtivas e falar de transporte público en serio. Eu, no día de hoxe, non coñezo as súas propostas concretas; das súas intervencións que escoitei non coñezo nada das súas propostas concretas. Expliquen como xestionarían vostedes case tres mil cincocentas liñas de transporte e 2,3 millóns de horarios de autobús interurbano en Galicia, e atender trinta mil núcleos de poboación.

E falaban aquí de que non se dá tempo para as informacións públicas. Eu, señora Otero, podo entregarlle a carta que lle trasladei recentemente á alcaldesa de Betanzos. En xullo de 2019 sometemos a información pública os proxectos de explotación dos plans de transporte de Galicia, vinte días hábiles. O Concello de Betanzos non achegou ningunha observación. Decembro de 2020, empezan a operar esas liñas de transporte que quería facer vostede, e o



Concello de Betanzos e outros máis nada achegan. ¿Que lle parece a vostede? ¿Cre que é o que ten que facer unha administración pública que realmente se preocupa polo transporte público? Nin na información pública de xullo de 2019 nin cando empezaron a operar, que se lle mandaron os servizos. E agora moito barullo, e escribeme, que xa lle contestei, e preocupada polos incumprimentos tamén dos horarios. Non sabe as obras de Sol y Mar, que nos poñan un carril directo de buses para o tempo de percorrido; non sabe o que están a afectar. E é o goberno onde están vostedes.

Señor Ríos, creo que a historia é importante coñecela. Ao mellor, é que non estaba aquí, pero foi bochornoso. No ano 2017, cando o BNG era o portavoz e o altavoz da patronal aquí. Si, si. Avergónzanse, non me estraña. Pero foi bochornoso. Cando aquí nós asumimos con valentía afrontar a esta cuestión —e sábeno persoalmente, ben que o saben—, e son bochornosos os argumentarios da bancada da oposición, porque eran totalmente altavoces da patronal. E mentres vostedes eran altavoces da patronal, nós resolviamos contratos, sancionabamos e sacabamos novos contratos. Polo tanto, bochornoso.

E non me estraña porque vostedes veñen aquí criticar todo. Pero ¿que avais teñen vostedes en materia de transporte público?, ¿que avais teñen vostedes, señor Ríos? ¿Que fixeron polo transporte público en Galicia?

Está un compañeiro seu de Pontevedra. Creo que falar de Pontevedra, de Ferrol... ¿Ve como non lle gusta que falemos do transporte de autobús en Pontevedra? Será porque hai unha eiva moi importante en materia de transporte público no Bloque Nacionalista Galego e que non sabe xestionar o transporte público.

Pero vou entrar en detalles. Alí en Ferrol, onde goberna o Partido Socialista, e en Pontevedra, onde goberna o BNG, mellor que o autobús urbano o faga a Xunta. Será porque confían moito máis en nós. Porque iso de traballar polo transporte público, pór liñas, paradas, horarios, ¡que coñazo!, ¿verdade?

Entón, claro, o transporte público —estamos coloquialmente falando— urbano de Ferrol e Pontevedra, mira ti que o ten que asumir a Xunta de Galicia porque brazos caídos, en Ferrol, o Partido Socialista, en Pontevedra, o BNG.

Cando empezamos con todo o proceso de renovación falamos co alcalde: ¡joia!, por lei está obrigado a facer un transporte urbano, como se fai en Lugo, como se fai en Santiago. Aproveita a remodelación das liñas para o transporte urbano, o que non facía falta. Iso si, empezou a dicir no ano 2018 que vai resolver o transporte con catro taxis á demanda. Pasa o 2018, 2019, 2020... 2022 e está con probas pilotos.

Entón, non quero pensar tres mil cincocentas liñas de transporte, 2,3 millóns de euros nas súas mans, cando con catro taxis á demanda se atorán. (*Aplausos.*) Atóranse e non son capaces, e seguen a ver se facemos probas piloto, a ver como vai dende o ano 2018 para catro taxis á demanda.

Polo tanto, creo que non teñen avais para dar leccións de transporte. Sexan máis construtivos, máis positivos. E a humildade, dende logo, sempre é agradecida e positiva. E con hu-



mildade dígolles, sinceramente, que comparen. Eu non sei a comparativa de tres mil cinco-centas liñas de transporte, 2,3 millóns de euros de horarios..., vir aquí dicir que todo é un desastre, cando o seu aval, o aval desta bancada, son catro taxis á demanda e que levan dende o ano 2018 con probas piloto.

E creo que agora, claro, como os autobuses da Xunta de Galicia fan o autobús urbano de Pontevedra e pódeo utilizar a xente nova, para o BNG de Pontevedra é unha marabilla o transporte urbano. Aclárense: ¿a Xunta de Galicia fai o autobús de xeito marabilloso ou non? (*Aplausos.*) Creo que teñen que aclararse co BNG de Pontevedra.

Polo tanto, teño que desconfiar das receitas do BNG en materia de transporte público. Non escoitei ningunha, pero por se ten algunha teño que desconfiar.

O que si coincidimos é no tema do tren. Aínda que a súa proposta de pagar cos cartos da sanidade, pois os déficits do tren creo que non é positivo nin útil para Galicia.

Pouco se fala aquí do ferrocarril. Creo que se vimos falar aquí do transporte público, de mobilidade, é importante falar do que lles preocupa aos usuarios fundamentalmente de Ferrolterra, que é o transporte por ferrocarril, que é un problema estrutural e é unha ausencia total de vontade política para solucionalo. E a min sorpréndeme que o secretario xeral do Partido Socialista en Galicia, alcalde das Pontes, presidente da Deputación, en materia ferroviaria para Ferrolterra diga que hai que concienciar o Goberno de España. Ese é o nivel de exixencia en materia de transportes, en materia de mobilidade. E miren o que fixemos nós en materia de transporte público.

Polo tanto, ¿que queren que lles conte? Tamén podemos falar de Ferrol. O alcalde socialista de Ferrol non está a facer o transporte urbano, teno que asumir e facer a Xunta de Galicia cos seus autobuses, e tamén os mozos de Ferrol poden utilizar esa Tarxeta Xente Nova.

Polo tanto, a Xunta está moito máis que concienciada en transporte público. Iso si, non vaia-mos molestar os xefes de Madrid, a ministra, Pedro Sánchez. Digamos que é algo máis que concienciar en materia de ferrocarril.

Polo tanto, eu creo que falar de transporte público é moito máis do que escoitamos aquí. Nós prestamos unha atención especial a Ferrolterra. E, dende logo, cando os contratos se incumpren, señor Ríos, sabemos o que temos que facer. Creo que experiencia en xestión pública temos bastante máis. Polo tanto, creo que pediría algo máis de seriedade. Fomos os primeiros en resolver contratos cando vostedes eran altavoces da patronal no ano 2017.

En Ferrolterra, dende xaneiro, cincuenta e cinco servizos novos, e o 24 de xaneiro tamén reforzamos e incrementamos. Mañá mesmo imos pór en marcha máis reforzos para Ares, Mugardos, Miño e Bergondo. E vostedes sábeno, pois anteriormente había acordos privados con colectivos concretos para realizar transporte público que era discrecional; non transporte público interurbano, senón que era un transporte discrecional que pagaban o dobre cada mes. Agora, pois teñen un transporte público directo sustentado pola Xunta de Galicia con bonificacións dun corenta por cento menos no prezo, gratis os menores de 21 anos e, dende



logo, máis servizos directos A Coruña-Ferrol, Ferrol-A Coruña que antes. Polo tanto, moito máis que concienciados, señorías, polo transporte público aquí en Galicia.

No tema de incumprimento de horarios, na liña Ferrol-A Coruña, que tamén escoitei varios acontecementos e varios temas, aí están as obras de Sol y Mar. Está na súa man que a Delegación do Goberno habilite un carril bus e, polo tanto, o resolvan, dado que as operadoras nos trasladan que teñen retencións de ata trinta minutos como consecuencias desas obras. Non quería ver eu, se fora a Xunta de Galicia quen fixera esa obra, o que tería que escoitar.

En materia de transporte, Vigo. ¿Que vou dicir do Concello de Vigo? Prorroga... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, en materia de transporte, non podo falar, non sei... (*Risos.*) Tremenda risa. Non creo que sexa para esa actitude. Dende logo, que se prorrogue de xeito opaco e pola porta de atrás en plena pandemia á mesma concesionaria (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que foi así, que non licitamos todo. Ben, eu creo que aí está. E conflitos laborais están aí e as queixas tamén dos usuarios están aí en materia de transporte urbano en Vigo.

En Santiago, xa sabemos: concesión caducada. Non saben como renova-la, para unha liña no aeroporto levan máis dun ano, deixan sen servizo o concello de Ames sen previo aviso. Polo tanto, eu insisto en que non teñen moitos avais para concretar, abordar con seriedade o transporte público en Galicia. (*Aplausos.*)

Como dicía: tres mil cincocentas liñas de transporte, máis de cincuenta mil paradas, 2,3 millóns de horarios en transporte público por autobús. E o Goberno socialista recorta servizos ferroviarios na nosa comunidade, cambia horarios coa chegada do AVE, que, dende logo, non atende as necesidades dos usuarios interiores e na mobilidade interior de Galicia. Eu creo que se burla dos usuarios cando di que crea un comité de clientes. Quería ver eu esta bancada se eu digo que creamos un comité de clientes para atender os usuarios que atendemos todos os días, que agradece-mos as súas achegas, para facer un transporte público mellor. Se dicimos nós que creamos un comité de clientes nada máis, creo que, dende logo, a súa actitude sería outra.

Eu teño aquí a carta da responsable dos usuarios (*A señora Vázquez Mourelle amósalle á Cámara unha carta.*), que me di que está totalmente decepcionada polos horarios de Renfe, que non adapta ningún. Polo tanto, aquí están as cousas e as valoracións dos usuarios. Nós, como temos autocrítica, e facemos tamén as nosas enquisas de calidade de servizo, dende a Xunta de Galicia fixemos un... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, calidade do servizo, para ver exactamente o que precisan os usuarios, o que pensan os usuarios. A calidade do servizo do transporte interurbano da Xunta de Galicia ten cualificado practicamente un oito; polo tanto, é moi boa cualificación. E o que máis indican os usuarios que é mellorable son as paradas. Por iso imos actuar nas paradas, paradas seguras nas estradas da Xunta de Galicia. ¿Vai actuar a deputación nas súas estradas en paradas seguras?, ¿van actuar tamén aos concellos en paradas seguras? Pregunto, porque é o que nós temos cualificado aos usuarios, que piden máis melloras nas paradas, (*Aplausos.*) e aí imos actuar.

Tamén poden ler —se queren remítollela— a carta que me escribiu o secretario xeral de Institucións Penitenciarias do Goberno de España, na que nos felicita polo esforzo para atender eses cinco centros penitenciarios.



Voulles ler a carta do alcalde de Pontedeume: «Dende o Concello de Pontedeume valoramos moi positivamente a proposta final de reordenación da proposta final de reordenación das necesidades de mobilidade cun aumento do 11 % do número de expedicións, sendo un 35 % directas. Así mesmo, agradecemos que se tivesen en conta as reclamacións efectuadas dende este concello, ben de xeito individual, ben de xeito colectivo, cos concellos, veciños...» etcétera.

Sen comité de clientes. É dicir, nós atendemos, escoitamos e non damos ningunha achega por analizada; analizámolas todas. Polo tanto, ese é o noso traballo de mellora continua.

Para nós a mobilidade sostible é a pedra angular. Eu pregúntome cal é o modelo do Partido Socialista en materia de mobilidade, ¿peaxe nas autovías?, ¿hai que pagar por entrar nas cidades? O prezo dos carburantes afoga; *(A señora Vázquez Mourelle amósalle á Cámara unha gráfica.)* aquí temos o prezo dos carburantes, a subida espectacular do 20 % en tres anos. A estratexia de mobilidade no rural... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, carburante, *(A señora Vázquez Mourelle amósalle de novo á Cámara a gráfica anterior.)* que afecta o transporte público. Non creo que non sexan para desprezar estas reflexións. A estratexia de mobilidade que deixa o rural de Galicia e que pretende no rural de España eliminar os servizos de tren de media distancia; polo tanto, que sexan as comunidades autónomas as que apanden para dar o servizo no rural. Polo tanto, tamén ás veces consorcios, que significan novas estruturas, novos xerentes, presidentes. Aquí a alternativa de mobilidade do Partido Socialista —se me permiten— pasamos de que sexa un dereito e un plan social, que é o que temos nós, a que sexa un artigo de luxo, ou sexa, peaxes nas autovías, pagar por entrar nas cidades, carburantes polas nubes, quitar os trens no rural.

Polo tanto, nós o que apostamos é por un plan social de transporte, con máis paradas, máis horarios, máis servizos, máis bonificacións, incrementando as bonificacións coa área de transporte primeiro no rural, nos concellos de menos de dous mil habitantes, porque así entendemos nós a alternativa do noso modelo de mobilidade.

Seguiremos traballando cos retos por diante, que é a dixitalización, con esa área única de transporte para que os cento dezanove concellos de menos de dous mil habitantes sexan os primeiros en ter esas bonificacións e as vantaxes que teñen no día de hoxe as cinco áreas de transporte metropolitano.

E, pola miña parte, pouco máis; quédame a quenda de peche. Eu agardo que sexan construtivos, concreción, porque as receitas que escoitei ata agora, dende logo, non son nada útiles para mellorar o servizo de transporte en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, aquí temos un problema, porque vostedes non son quen de recoñecer as eivas, os problemas que hai no transporte público de Galicia. Se non os recoñecen, é moi difícil poder poñer solucións a estes problemas. O que me quedou moi claro é que os usuarios e as usuarias que están constantemente denunciando estes problemas menten, díxoo a señora conselleira e díxoo tamén o señor Calvo.

Ademais de banalizar estes problemas, porque o señor Calvo di que hai algunhas persoas que teñen problemas, algúns colectivos. Pero, señor Calvo, é que iso é en toda a comunidade autónoma. Eu analicei esta liña de Ferrol-A Coruña; non teño máis tempo para analizar máis liñas, pero dende logo que os problemas se están a dar en toda a nosa comunidade autónoma, nas catro provincias. Polo tanto, algo haberá que facer. Non é porque o denunciem nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista, é porque o están a denunciar os usuarios e as usuarias.

E vostede dicía que a intención do Goberno galego era ter un plan útil e que recollera estas necesidades. Polo tanto, se esa é a vontade, eu creo que o que ten que facer é escoitar eses usuarios e esas usuarias, porque parece que só recibe cartas con queixas sobre o funcionamento dos servizos que son competencia do Goberno central. Pero, entón, ¿esas cartas que lle envían os usuarios e as usuarias do transporte público de Galicia non lle chegan? Se non lle chegan esas cartas con abrir os xornais, cada día hai problemas nalgunha comarca.

Señora conselleira, vostede dedicouse hoxe aquí, sobre todo nesta segunda quenda, a falar de algo que non é competencia do Goberno de Galicia, que era do que hoxe pretendíamos falar tamén dende o Partido Socialista, porque falaba todo de incumprimentos por parte do Goberno central, dos incumprimentos dos alcaldes e alcaldesas das grandes cidades de Galicia, de todos menos o de Ourense, non vaíamos aí enfadar o amigo.

Polo tanto, señora conselleira, eu sei que hoxe, estes días están moito a mirar para Madrid, pero imos centrarnos en Galicia. Claro que están a mirar a Madrid, a ver quen vai, a ver quen queda... O señor Calvo, a verdade, é que parecía tamén bastante nervioso, ¿non? Debía ser por esa misión que lle mandaban de ir alí derrocar o seu xefe (*Aplausos.*) de filas, o señor Casado. Porque tamén pouquiño ou case nada falou do transporte público de Galicia e dos problemas que temos con el.

Preguntábanos o señor Calvo que que nos parecía mal. Unha das cousas que nos parece mal é que eses pregos de contratación se adapten ás necesidades dunha empresa e eses pregos non se adapten ás necesidades dos usuarios e das usuarias. Iso é o que nos parece mal. E o que nos parece, dende logo, moi, moi mal, porque repercute na calidade do servizo, é que a Xunta de Galicia non faga os seus deberes de inspeccionar e de controlar que se cumpran eses pregos de contratación. (*Aplausos.*) Iso é o que nos parece mal. Non lle estamos a pedir nada, señora conselleira, que non sexa da súa competencia.



E despois segue intentando enganar a cidadanía, manipular a cidadanía ao dicir que vostedes son os mellores e que incrementan as liñas nos servizos entre Ferrol e A Coruña; din once servizos diarios máis. Eu repítole, señor conselleira: están a enganar a cidadanía. Pois recoñezame se no prego como servizo mínimo obrigatorio non hai sesenta e seis servizos, dígame que non. Porque eu ler sei, sumar estas cifras que son así tan pequeniñas, tamén. Polo tanto, sesenta e seis obrigatorios, co 10 % adicional, que ten a dispoñibilidade a administración de utilizar, setenta e tres, con eses once máis que vende a consellería, son sesenta; de sesenta a sesenta e seis faltan seis, e de sesenta a setenta e tres tamén faltan. Polo tanto, señora conselleira, está a manipular e a enganar.

E despois sácame aquí a carta do alcalde de Pontedeume. Segue manipulando. Dende logo que o alcalde de Pontedeume lle dixo que recoñecía que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —pero déixeme que fale— ...que agradecía esa mellora do 11 % máis. Pero, ¿cando foi esa carta?, ¿antes ou despois de que se suprimiran sen previo aviso liñas, de que se modificaran horarios, de que se deixaran os estudantes sen autobús, que estiveron máis de media hora na parada esperando que os foran a recoller? ¿Cando foi esa carta? ¿Cando vostede lle dixo que ían incrementar un 11 % os servizos ou cando o alcalde de Pontedeume veu como funcionaba realmente? Foi antes, porque vostede vendeu ese 11 %, que dixo que ía poñer enriba da mesa, e de súpeto, sen previo aviso, o que fixo foi todo o contrario, (*Aplausos.*) recortar liñas e servizos.

Polo tanto, señora conselleira, non lle permito que manipule e que saque esa carta, que é verdade que a houbo antes de que se suprimiran as liñas. ¿Pódeme dicir entón que un alcalde vai estar contento de que se supriman liñas e servizos no seu concello e na súa contorna e que lle vai dar as grazas porque se recorten servizos? ¡Home!, é que iso non o cre nin vostede.

Polo tanto, nós o único que lle pedimos é moi doado: fagan os seus deberes, inspeccionen que realmente se están a cumprir eses contratos que se adxudicaron, porque se realmente se fai ese labor de inspección, e no suposto caso que haxa incumprimentos, de sanción, dende logo que o transporte público en Galicia mellorará moito. Porque, por un lado, a empresa que ten adxudicada esa contratación velará por que cada día o servizo vaia mellor e, dende logo, iso repercutirá na calidade do servizo para os usuarios e as usuarias. Creo que non é tan difícil, señora conselleira.

Se vostede utilizara un pouquiño do tempo que dedica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...en insultar e en poñerlle deberes ao Goberno central, dedicar unha parte pequeniña dese tempo ao seu labor de inspección e de control, melloraría moitísimo o transporte público en Galicia. É un consello, pode tomalo ou pode non.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, tamén en ton coloquial, vostede veu aquí a esta segunda intervención botar por fóra, *(Risos.)* ¡literalmente por fóra!, *(Aplausos.)* por fóra para culpar os concellos, o Goberno central, a este e ao outro. *(Aplausos.)* Pero non sei se, ao mellor, non leu a convocatoria do Pleno ou como fora. Pois eu rexistrei unha comparecencia para falar dun tema, e estoume cinguindo a ese tema no cento por cento; quen non o tocou foi vostede. Polo tanto, non me poña a min deberes e non veña aquí outra vez máis facer de oposición da oposición, porque iso di moi pouco dunha conselleira. Que veña ao Pleno facer oposición da oposición di bastante pouquiño.

¿E os avais que me acreditan a min para poder falar de transporte? Ben, nin máis nin menos que a confianza dos galegos e das galegas ao situarme aquí neste parlamento. *(Aplausos.)* Polo tanto, os únicos amos e patróns do BNG é o pobo galego, nin máis nin menos. *(Aplausos.)* Entendo que vostede non fale destas cuestións de forma máis aberta porque, ao mellor, ten outros amos ou outros patróns que non llo permiten ou que non compensa molestar polo que poida pasar. *(Aplausos.)*

Señor Calvo, tamén un pouco na mesma liña. Eu creo que tamén debeu recibir o toque de quentar que sae. Veu aquí facer estiramientos e quentamentos. Pero o que é completamente falaz —e vostede sábeo— é falar como falar moitas veces das residencias ou neste caso do que falou vostede, do Concello de Lugo, cando vostedes impoñen un marco, e nós estamos obrigados a xogar nel, e despois véñennos dicir que a culpa é nosa por xogar no seu marco. ¡Vaia por Deus, señor Calvo! Eu creo que hai outros argumentos que pode utilizar, que non son tan falaces e que, sobre todo, a ver, que enganar está un pouquiño feo. *(Aplausos.)* Eu creo que iso é algo que temos que empezar a practicar, o deixar de enganar. *(Aplausos.)*

E o tema —igual que o que falaba a conselleira do concello de non sei que, do concello de non sei canto, eludindo falar directamente do que eu trouxen aquí hoxe neste pleno, e polo que vostede veu tamén forzada pola petición de comparecencia do BNG, se non non tería vido, iso é así, iso é algo completamente evidente—, igual que no caso das residencias, o que están facendo é inflando a bombín grandes empresas, que despois incluso son máis poderosas que o propio Goberno. E despois a culpa é nosa por ter que xogar nese marco, cando vostedes inflaron sistematicamente —porque a vida non empezou no Bipartito nin no Goberno de Sánchez, ten moita responsabilidade, toda practicamente a responsabilidade do que pasou e pasa neste país—. Polo tanto, se vostedes inflan a bombín un grupo empresarial, unha empresa, e esa empresa despois tenlles un pouquiño collida a medida e a agulla de marear, e vostedes non son capaces tampouco de poñer orde aí, pois a culpa non vai ser do BNG. *(Aplausos.)* Eu creo que, vamos, *(Aplausos.)* un pouquiño... *(Aplausos.)*

E fálolle desta cuestión que trouxemos hoxe na comparecencia e por non citarlle todas as liñas que podería citarlle, teño aí máis, pero quédanme dous minutos. Pero falamos neste



caso de cinco liñas concretas onde hai demandas que están dicindo que no día de hoxe non se encontran facilmente sistemas de seguimento de explotación, seguen incumprindo reiteradamente; os vehículos que prestan o servizo nesta concesión non cumpren coa categoría ambiental ofertada; os vehículos que están nestas liñas e que prestan o servizo non cumpren coa idade e vida media ofertada; os vehículos que prestan estes servizos non cumpren as melloras en relación coa calidade e equipamento distintas ás obrigatorias segundo a oferta; os servizos que se realizan por parte destes vehículos fanse sen tarxeta de tacógrafo inserida, o cal é obrigatorio. Ou sexa, é unha e unha tras outra, non son casos illados.

No caso que falaba vostede da liña de Ferrol-A Coruña, supoño que está familiarizada coas oito bases que di ter a UTE na súa oferta, as oito bases que di ter para coller ese servizo. E sabe tamén que se vostede visita algunha desas bases hai algunha que non é máis que un descampado cun cartel de «Se vende». Non existen esas bases. Polo tanto, tampouco se cumpren os tempos de resposta das ofertas.

¿Pero que me está contando? ¿Diso non vai dicir nada, da idade media dos autobuses, dos incumprimentos da seguridade, dos incumprimentos das ofertas, das ofertas completamente infladas, das baixas temerarias que despois non se asumen...? ¿De verdade que non vai dicir nada hoxe vostede aquí? (Aplausos.) ¿É a culpa toda vai ser do BNG e do Partido Socialista? É que é increíble que veña aquí unha conselleira cun asunto tan grave como o que poñemos enriba da mesa e veña facer oposición da oposición.

Pero non se preocupe. ¿Quere saber vostede cales son os nosos plans para sacar a mobilidade deste país adiante e cales son as nosas receitas e se imos facelo ou non imos facelo? Non se preocupe que en dous anos poderá empezar a comprobalo.

Máis nada. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Falaba o señor Ríos Santomé dos marcos. Eu non lle entendín, pois non sei se se refire a que a Xunta de Galicia foi a que obrigou a deseñar uns pregos, obrigou a aprobar uns pregos no concello, obrigou o concelleiro do BNG a sacar eses pregos e obrigouno a facer unha adxudicación; non sei se se refería a iso. Pero no ano 2006, cando na Xunta de Galicia gobernaban vostedes co Partido Socialista, supoño que os marcos os poñían vostedes. *(O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, puxeron os marcos. Pois no ano 2006 no Concello de Santiago gobernaba o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. E fíxese vostede: sacaron a licitación o transporte urbano, a Monbus; o Palacio de Congresos, a Monbus; o Centro Deportivo do Sar e Santa Isabel, a Monbus, e o Mercado de Amio, a Monbus. Dez anos máis cinco prorrogables. Supoño que os marcos aí vostede os ten bastante claros.



(Aplausos.) A diferenza, señor Ríos, é que aquí non vimos esparcir porquería por todos os lados, acusacións infundadas, e deixalo aí no aire como quen que vai haber non sei que, que iso é o que fai o Bloque Nacionalista Galego. Pero se lle pasaran os datos, estou seguro de que vostede non o faría; o que pasa é que non llos pasaron. ¿Que lle imos facer?

Señora Otero, eses pregos que benefician os intereses dunha empresa, repítolle o mesmo: os pregos de Lara Méndez en Lugo, ¿a quen beneficiaban? Pregunte vostede, que é a secretaria xeral da provincia. Pregúntelle vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Xa non o é? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois se non o é, pregúntello a quen o saiba, pero pregunte vostede.

A carta do alcalde de Pontedeume, ¿sabe de que data é? Dígollo eu, hai dous meses, 21 de decembro do 2011. ¿Sabe cal é a diferenza entre cando escribiron a carta e o que pasou despois cando veu aquí e foron a Ferrol? Que nese momento o alcalde de Pontedeume pasa a ser o secretario xeral do Partido Socialista na Coruña. E o que ten que ver é que entón se deciden a facer política, e onde digo digo, non digo digo, digo Diego, ¿entende? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E os que deciden ese teatrillo do que vostede falaba é que ese teatrillo consiste en ir a Ferrol, ter a ministra de Transportes en Ferrol, facer un acto de vivenda en Ferrol. Por certo, non lle dixeron ao alcalde de Ferrol que dera o permiso para rehabilitar, que levan máis dun ano as vivendas en Ferrol. Pero fan un acto de vivenda. Iso si, non teñen nin a vergoña de preguntarlle á ministra que pasa co tren, que non afecta o transporte público en Galicia. Non teñen nin a vergoña de dirixirse á ministra.

Iso si, ao cabo de cinco ou seis días, ou dunha semana, ese mesmo alcalde —que agora é o secretario xeral do Partido Socialista na provincia— cos seus alcaldes van facer un encontro na estación de buses de Ferrol para pedirlle á Xunta máis frecuencias. Pero ¿que me está falando, se hai dous meses dixo que estaba contento co incremento do 11 % das frecuencias? (*Aplausos.*) O que cambiou foi a condición política do alcalde, señora Otero. Iso foi o que cambiou, que empezaron a facer outra política.

E falaban vostedes das inspeccións. Oia, a conselleira díxoo na primeira intervención: eu non menosprecei nin moito menos aqueles usuarios que poidan ter un problema cunha frecuencia, nin moito menos. O que vostede tiña que poñer era en realidade cal é ese problema. Porque se temos tres mil quíntas liñas de autobuses funcionando todos os días, que haxa problemas en dez, quince ou vinte sitios, porque a frecuencia non se axusta ao necesario ou porque hai novas necesidades que non se coñecían, e que os concellos non participaron, pois iso non é un problema grave, é un problema de desaxuste puntual en varios sitios que hai que corrixir, e estanos corrixindo por parte da Xunta de Galicia.

O importante é cambiar o sistema e ver o sistema en global. Por iso eu dicíalle á conselleira que o que acaba de facer é moi importante, pois acaba de cambiar o sistema. E claro que hai desaxustes e vains seguir habendo durante un tempo, claro que si. Pero ¿que é do que se trata?, ¿de que eses desaxustes boten por terra todo o traballo e incluso o sistema, ou de que se adapten ás necesidades que poden ir xurdindo? Eu creo que o hai que facer é ir adaptándose, e claro que se escoita a todos os usuarios.



Pero imaxinen vostedes que na consellería deciden facer un comité de cidadáns afectados —como dixo o outro día o Adif—, froito dos cambios nas liñas que houbo e dos desaxustes nos horarios dos trens. ¿Que fariamos aquí? ¿Que estarían dicindo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista?

O que pasa é que é moi fácil centrarse na Xunta de Galicia e intentar agochar todo o que hai detrás do Partido Socialista. Porque saben vostedes que se está a tramitar agora mesmo no Congreso a Lei de mobilidade. ¿Saben que conleva esa Lei de mobilidade? Pois que o Partido Socialista vai antepoñer a rendibilidade económica á rendibilidade social. Polo tanto, o tren non vai poder utilizarse salvo nas concentracións grandes de poboación e alta demanda.

Agora entendemos o que pasou hai dúas semanas na Comisión 2ª cando pediamos esa liña, facilitar ese cambio de ancho na liña do AVE entre Ourense e Santiago, e o Partido Socialista abstívose. Nós pensabamos que ían esperar a esa comisión técnica á que se comprometeu a ministra. Non, o que hai detrás é que non queren facer nada, como dixo realmente a ministra ou o Adif durante esta semana.

É unha pena que o Partido Socialista non tome en serio o transporte público de Galicia. É unha pena que o novo secretario xeral e o novo equipo sigan cometendo os erros que cometeron anteriormente, que é sempre estar ás ordes do partido en Madrid e nunca defender Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Diego Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peché da comparecencia, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, eu lamento que veñan a esta cámara con ese discurso totalmente oportunista en materia de transporte público en lugar de traer propostas construtivas e sensatas. O único que pretenden é sacar tallada política; a ver se facendo ruído e dicindo cousas que nada teñen que ver coa realidade sacamos algunha rendibilidade política, se crecemos politicamente. Polo tanto, nós vimos aquí falar de transporte público en serio, falar de mobilidade dos galegos. Eu sempre digo que o fácil é non facer nada. E nós aquí, dende logo, seguiremos traballando, progresando, implantando melloras e afondando neste plan social de transporte de Galicia.

E, señora Otero, nós sempre escoitamos os concellos e os usuarios, sempre escoitamos e agradecemos. Agradecemos aos concellos que nos fan achegas, e se nolas fan no momento oportuno moitísimo mellor. Eu agardo que vostede comparta —supoño, se falamos con sensatez— que no momento da participación pública e no momento da posta en marcha da



consolidación sería bo trasladar esas achegas e abordalas, e non a toro pasado, porque a toro pasado todo é moitísimo máis fácil.

E tamén eu entendo que os pregos son moi complexos. En calquera momento, se quere, explicámoslles. Pero son pregos complexos, que tamén hai que sabelos entender, porque realmente son complicados. Creo que é unha materia complexa. E, en calquera caso, tería sido moito mellor en información pública que analizar eses pregos, moito máis produtivo, se queren ser útiles e construtivos en materia de transporte.

Creo que non son serias moitas cousas das que escoitei aquí, señor Ríos. Non é nada serio, ¡nada! Aquí, dende logo, nós estamos para dar solucións, non para murmurios, ruído e confrontación. Nós achegamos solucións, melloramos os servizos e, dende logo, coa súa actitude, pecan xa. Coa maior, en vez de falar de transporte, en vez de falar de mobilidade como dereito dos cidadáns, veñen aquí montar un *totum revolutum*. (Aplausos.)

Vostedes non falan das deficiencias dos servizos ferroviarios, e iso é mobilidade. Vostedes tampouco falan dos servizos de tren, que aínda non se recuperaron, e iso tamén é mobilidade, alternativa á mobilidade (*Murmurios*.) —creo que é a miña quenda, que podo falar—. Non lles interesa desgastar o Goberno de España, iso xa o sabemos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) non falan dese lastre en materia de mobilidade, porque falar de transporte público é falar de mobilidade en todos os seus conceptos. Debemos de coordinarnos en todas as alternativas de transporte público e de mobilidade. Tampouco falan do lastre do pago de autovías, nin desa alternativa de pagar por entrar ás cidades, (*Murmurios*.) de penalizar. E pretenden dar leccións de transporte público, desa Estratexia de mobilidade no rural, que vai ser a carta de defunción do tren no rural en España, e sobre todo en Galicia, nos servizos de media distancia. Iso si que é, dende logo, non ser útiles en absoluto a Galicia e non querer molestar o Goberno central, e as críticas van todas á Xunta de Galicia, sexa o que sexa.

Eu insisto en que esa Estratexia de mobilidade, eses novos criterios, van supoñer a desaparición do tren de media distancia. Deberían de preocuparse. Eu ofrézolles traballar conxuntamente para que isto non pase. Outras comunidades autónomas tamén teñen alertado das consecuencias desa Estratexia de mobilidade. A nós preocúpanos o transporte público. Eu pregunto que alternativas teñen sobre esa Estratexia de mobilidade e se tamén apoian que os trens de media distancia se eliminan do rural, porque, claro, non son rendibles economicamente, e a rendibilidade social parece que non importa.

Nós seguiremos apostando polo transporte público como servizo público, con esa aposta sen precedentes, e por seguir mellorando o transporte público, con especial sensibilidade e atención ao noso rural, porque Galicia é eminentemente rural. As concesións do transporte público eran do século pasado, dos anos cincuenta, do século pasado. Vostede creo que a historia do transporte público en Galicia debería de reestudala ou, polo menos, que lla conten, para estar ben informado. E todo ese proceso de transformación son 3.400 novas liñas de transporte, 57 millóns de quilómetros ao ano, 53.000 paradas tamén, 2,3 millóns de horarios, ¡2,3 millóns de horarios!... ¡Non quero pensar que nas súas mans está a xestión de todo este gran plan de transporte público! É unha incidencia social importante. E hai que dar alternativas de mobilidade no rural, novas modalidades como o transporte a demanda



ou o bus compartido, que ten demostrado, por suposto, unha alternativa eficaz para o transporte público rural. Teno demostrado e está contrastado. *(Aplausos.)* Hai que utilizar esas prazas baleiras do transporte escolar para persoas do rural, para a xente do rural que poida utilizalo, e darlles alternativas de mobilidade. Asignamos 80 millóns de euros ao ano a este Plan de transporte público de Galicia.

Non paramos de traballar, e seguiremos traballando, seguiremos mellorando. Implantamos a Tarxeta Xente Nova no ano 2016, logo reforzamos esa aposta social pola mocidade galega. En maio de 2021 estendemos a toda Galicia esa Tarxeta Xente Nova, unha auténtica conquista social que vostedes non queren implantar no transporte urbano, pero, grazas ao Goberno galego, son 110.000 mozos galegos os que teñen esa Tarxeta Xente Nova para utilizar o autobús da Xunta de Galicia de xeito gratuíto, para fomentar o transporte público entre a mocidade galega e para axudar a economía das familias en materia de transporte.

E tamén nesa área de transporte seguimos traballando, seguimos mellorando, seguimos con alternativas, seguimos con retos de futuro. Esa área única de transporte en Galicia traerá a toda Galicia vantaxes, bonificacións, transbordos gratuítos, que teñen agora as cinco áreas de transporte metropolitano. Queremos a Galicia única, cunha tarifa única e un transporte único. Polo que apostamos é por ese impulso á mobilidade do rural e por esa área única, onde os primeiros en adherirse serán os 119 concellos de menos de 2.000 habitantes, que tamén teñen densidade de poboación pequena segundo os índices do Instituto Galego de Estatística, para que sumen esas bonificacións e esas vantaxes que no día de hoxe están nas áreas de transporte metropolitano.

Poderían ser estas mesmas vantaxes no transporte urbano. Está na súa man. A ver se se adhíren, a ver se nos adhíren a esta área de transporte e a ver que fan no transporte urbano coa Tarxeta Xente Nova. ¿Van vostedes dar exemplo de que si apostan polo transporte público ou van seguir con ruído e con esa mochila con cero propostas? Traian a mochila con propostas, con propostas concretas para que sexa un transporte público, útil, e non esa mochila con cero propostas e demagogia permanente, que é o que escoitei no día de hoxe.

Nós con esa área de transporte queremos facer unha nova aposta polo rural, favorecer os desprazamentos no rural ás poboacións, aos concellos de menos de 2.000 habitantes, e agardamos que este verán sexan 119 concellos de adhesión automática, para que teñan as bonificacións e o beneficio 150.000 galegos máis que no día de hoxe teñen as cinco áreas de transporte.

Pola miña parte, nada máis. Seguimos traballando e seguiremos traballando por eses retos que temos por diante coa dixitalización, coa área de transporte, coas paradas seguras. E eu volvo insistir en que agardo que nas súas mochilas traian propostas e que sexan útiles ao transporte público de Galicia, que nas intervencións de hoxe, dende logo, non escoitei ningunha proposta útil para mellorar o transporte público por autobús na nosa comunidade.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos co punto 2º da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda modificación do punto 4, que quedará redactado co seguinte contido:

«4. Impulsar un novo marco regulador do sector eólico que impulse a implantación de enerxía eólica ligada a actividades industriais en Galicia, establecendo seguridade xurídica e garantías sociais, económicas e medioambientais no seu desenvolvemento, coa elaboración dunha nova lei que substitúa as múltiples modificacións do marco regulador deste sector e un novo Plan Sectorial Eólico que data dos anos 90».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, no anterior pleno, desde o Bloque Nacionalista Galego volvemos interpelar o Goberno galego sobre un dos principais problemas e preocupacións do noso país, que é o modelo eólico do Partido Popular; un modelo ao servizo das grandes empresas do lobby eléctrico ou, o que é o mesmo, un modelo en contra de Galiza. Un goberno que vai na dirección contraria dos intereses deste país, dos intereses da sociedade, dos intereses do medio ambiente e tamén dos intereses respecto do desenvolvemento socioeconómico do noso país.

E na resposta do señor vicepresidente puidemos ver un dos exercicio favoritos do Partido Popular, unha das súas especialidades, nas que, a verdade, son uns campións sen parangón, que é a estratexia da avestruz, de facer como que con eles non vai a cuestión. Cando hai un problema, non ten que ver co Partido Popular, parece que están de paso, que non levan gobernando este país trece anos, e o que fan é buscar un responsable externo que culpar. Son vostedes tan expertos en externalizar servizos que tamén externalizan as culpas. A iso é ao que se dedican tamén co sector eólico, pero non lles está funcionando. *(Aplausos.)*

¿Que hai unha resposta social sen precedentes desde o ámbito do ecoloxismo, do asociacionismo, das comunidades de montes, de colectivos profesionais, científicos, etc. e unha posición unánime ao modelo eólico do Partido Popular? Pois a culpa é do BNG. É do BNG que ten unha variña máxica, e como a xente para o Partido Popular debe ser tonta neste país e non



pensa por si mesma, pois é o BNG que fai así, chisca os dedos, e decide que debe haber mobilización social. Ese é o concepto que ten da situación o Partido Popular, o que di que van un pouco mal vostedes canto á calidade e tolerancia democrática, porque a xente deste país é intelixente e, se protesta por este modelo eólico, é porque vai en contra dos seus intereses.

¿Que en dous anos de lexislatura, pese a todas as alfombras que puxeron ao sector eólico nas súas reformas legais, sen consensuar, aínda así non instalaron nin 100 megavatios? ¿Que en todo o mandato do señor Núñez Feijóo ao longo de máis dunha década houbo anos enteiros nos que instalaron cero megavatios? Pois tamén a culpa será da oposición e non do Goberno. E así con todo.

¿Que os propios alcaldes do Partido Popular e que entidades como o Consello da Cultura Galega saen contestando este modelo eólico? Pois tamén o Partido Popular busca algún tipo de responsabilidade externa, incluso inventando ou tirando de argumentarios verdadeiramente rocambolescos. Vímolos no anterior pleno, cando o señor vicepresidente Conde estaba moi preocupado porque di que viu unha xente —que levaba escrito na cabeza que era do BNG— recoller sinaturas no Incio, porque goberna o Partido Popular, e non na Pobra do Brollón. Ben, veu aquí o señor Conde case disfrazado dun deses espías que contrata o Partido Popular —e que lles está saíndo regular—... (*Aplausos.*) Eu, desde o meu escano, imaxinábaos case, case, case como o inspector Gadget, só lle faltaba a gabardina. Ben, que quede tranquilo, que ese día se recolleron sinaturas no Incio porque había feira. Non se preocupen que hai as alegacións xa presentadas tamén por parte dos gobernos do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

En todo caso, iso, que pode parecer unha brincadeira, reflicte bastante ben o *modus operandi* dun Partido Popular nervioso, que estaba nervioso de antes e esta semana un pouco máis, pero que estaba nervioso xa de antes. Un Partido Popular que emprega a técnica esa de «ti difama»; difama, que algo queda. Difama ou mente, porque tamén vimos mentiras unha vez máis no anterior pleno tanto por parte do señor vicepresidente Conde como por parte da conselleira de Medio Ambiente. Mentiras como, por exemplo, que pese a que foi hai quince anos o Goberno Bipartito o primeiro goberno deste país que por primeira vez na historia excluíu a Rede Natura da implantación eólica, pois o Partido Popular fai un borrado omnisciente da situación e di o contrario. Mente unha e outra vez ese goberno, que foi o que lexislou na «lei de depredación» primeira para que o Plan director da Rede Natura estivese sometido ao desenvolvemento industrial, e ese mesmo Goberno galego que paralizou premeditadamente o desenvolvemento da Rede Natura. ¿Para que? Vémolos andado o tempo, non era ineptitude. Nós estabamos equivocadas desde o BNG, non era ineptitude, era unha folla de ruta premeditada para, andado o tempo, permitir que as súas empresas amigas, as súas empresas familiares, esas empresas coas que se abrazan, esas empresas das súas exconselleiras que ata hai dous días sentaban aquí, puideran obter beneficios. (*Aplausos.*) As pezas van encaixando.

En resumidas contas, así funciona o modelo eólico do Partido Popular ao servizo das grandes empresas. Para iso levan, ademais, trece anos empregando o autogoberno para o que mellor se lles dá, que é achairarlles o camiño legal. E, así as cousas, pois primeiro vostedes tombaron o concurso eólico do Bipartito, para facilitar as expropiacións, para evitar exixencias industriais e para así vetar tamén a participación pública, e quince



anos despois vemos tempo perdido, vemos desindustrialización, vemos empresas como Vestas pechando, vemos cada vez máis sentenzas en contra do Partido Popular... ¡Alá van xa 4 millóns de euros! E o certo é que, como se a situación non fose abondo delituosa —que un país como o noso nunca xerara tanta enerxía eólica e nunca tivese tan pouco beneficio a cambio—, pois o Partido Popular non estaba contento e nos últimos anos incrementou os pasos para que Galiza continúe sendo simplemente unha colonia enerxética. Fixo primeiro a «lei de depredación» do 2017 e despois a lei de depredación II ou Lei de simplificación administrativa do 2021.

¿E que acontece? Pois como se xa non fose suficiente que ao longo destes anos xa leven vostedes dez modificacións da Lei do sector eólico sen facer un procedemento de consenso, de planificación, de debate cos axentes interesados, xa non é que acaben de anunciar a reforma número once, senón que cae tanto polo seu propio peso esta situación que vemos cada vez máis sentenzas do propio TSX —do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non do BNG— que tamén falla en contra da política eólica do Partido Popular. Xa non sabemos que máis argumentos e que máis voces de autoridade precisan vostedes para iniciar unha rectificación, que é, precisamente, o que vimos pedir hoxe unha vez máis a esta Cámara.

Ben, vimos hai pouco, só nesta lexislatura, a sentenza de Sasdónigas. Fálasenos da fragmentación en fraude de lei que comete unha e outra vez o Partido Popular, que permite, porque desiste do seu labor de función de control público. Vemos tamén a sentenza do Iribio, que é máis grave aínda, que falaba de como non se fornecían as garantías medioambientais adecuadas. E o pasado 21 de xaneiro —e por iso interpelabamos o señor vicepresidente— vimos unha sentenza tamén respecto do procedemento de repotenciación do parque eólico de Corme; unha sentenza que nos di moitas cousas. Unha delas é que as repotenciacións non son inocuas, que deben ser avaliadas profundamente tamén, porque houbo cambios na tecnoloxía do sector, e que, polo tanto, hai que ver o seu impacto cos ollos de hoxe. E dicíanos algo tamén moi importante no que queremos facer fincapé hoxe, que é que este modelo non dá garantías de participación social e democrática; non as dá. E abundaba o TSX en algo que tamén sinalaban xa non só colectivos sociais afectados, propietarios, concellos, etc., senón o propio Consello da Cultura Galega nun informe recente tamén, e é que sinalaba que exposición pública non é automaticamente participación pública.

¿E que nos di esta sentenza? Pois que, precisamente, unha das cuestións que introducían vostedes na lei do 2017 e que despois implementaron aínda máis na lei do 2021, que é reducir os trámites de 30 a 15 días, para a cidadanía non está xustificado. Non está xustificado e vai contra o dereito comunitario, pero vai contra algo moito máis importante, que é contra a mínima decencia que ten que ter un goberno para coa súa veciñanza. (*Aplausos.*) Porque é absolutamente inasumible que nun procedemento de instalación industrial que dura unha media de cinco ou seis anos a vía para cortar a tramitación, a vía para reindustrializar maxicamente este país, sexa furtarlle á veciñanza quince días. E non só iso, senón acumular trámites, de forma que se dá o caso —como exemplo, Corme— de que a xente, a veciñanza, tivo que informarse do proxecto, de como ía afectar, de facer unha valoración de cal era a súa opinión, sen ter todos os informes que eran necesarios. Porque iso tamén foi o que favoreceu o Partido Popular coas súas modificacións legais.



Desde logo, nós entendemos que isto é, de todos os puntos de vista, absolutamente inadmisíble. É inadmisíble e hai que poñerlle freo, señores do Partido Popular, porque están sendo vostedes o principal problema neste momento respecto da industria eólica. É un problema para a industria porque frean o seu desenvolvemento, porque non son capaces de tramitar; é un problema para a cidadanía, porque a cidadanía non ten instrumentos —e vostedes tampouco os fornecen— para avaliar os proxectos e ver como lle afectan; e é un problema tamén para os recursos naturais estratéxicos deste país.

¿E que vimos no pasado pleno? Pois ben, outra das actitudes que mellor se lle dá ao Partido Popular, despois de mudar leis para favorecer os seus intereses e despois de buscar culpables, que é a de «no sabe, no contesta». Entón, tivemos un vicepresidente «no sabe, no contesta». Facíámoslle preguntas directas e simplemente ignoraba que existe esta sentenza. Nós, desde logo, entendemos que ten que ter consecuencias. A primeira debería de ser que alguén neste país asuma responsabilidades políticas. En segundo lugar, corrixir os erros, e, para iso, pedimos tres cuestións moi claras:

A primeira, que se faga pública a totalidade dos acordos do sector eólico que se toman no Consello da Xunta e que vostedes ocultan sistematicamente á sociedade cada xoves. Iso é importantísimo.

A segunda, que os proxectos que están susceptibles de estar nas mesmas circunstancias que o de Corme se paralicen cautelarmente para fornecer a veciñanza dun prazo adecuado de alegación. Se se tarda cinco anos en implantar unha industria eólica, pódese esperar un mes para que a xente teña capacidade de exercer os seus dereitos democráticos.

E, por último, impulsar a derogación dos aspectos destas dúas leis que vulneran a participación pública da veciñanza e deseñar instrumentos para que poida ser efectiva.

Nós seguimos insistindo: este país precisa un modelo eólico garantista, precisa un novo marco legal, un novo plan sectorial eólico e precisa garantías, porque están vostedes freando a capacidade de desenvolvemento económico deste país, están freando a capacidade de exercer os dereitos democráticos da cidadanía e, o máis importante, están poñendo en risco valores estratéxicos do punto de vista económico, ambiental e para o futuro deste país.

Polo tanto, cada minuto que tarden vostedes en rectificar é un minuto en contra dos intereses deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Antes de darlle paso ao Grupo Parlamentario Socialista, eu congratúlome —e penso que todos vostedes tamén— de que, despois dun longo tempo, poidamos saudar a quen nos acompaña hoxe na tribuna, xa que volven as visitas dos colexios a este Parlamento. Neste



caso, é o Centro Xesús Golmar, que son alumnos de 6º de primaria de Lalín, en Pontevedra. Estamos encantados de saudalos a eles e ás profesoras que os acompañan. Benvidos ao Parlamento, despois dun longo tempo. Que sexan, polo tanto, benvidos. (*Aplausos.*)

E agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, don Marín Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Benvidos estes rapaces que veñen hoxe escoitarnos.

Neste debate, no que tratamos unha moción sobre a implantación da enerxía eólica no noso país e sobre como utilizamos un abundante recurso natural como é o vento en Galicia, déixenme comezar agradecendo a esta casa, ao Parlamento de Galicia, e con el tamén ao seu presidente, as facilidades que nos deu o intergrupo de Solidariedade co Pobo Saharauí, do que formamos parte os tres grupos con representación parlamentaria, para facer unha visita institucional a semana pasada aos campamentos de refuxiados de Tinduf e poder levar connosco a Comisión sanitaria de Galicia para poder traballar unha vez máis *in situ* co sistema sanitario saharauí, axudando na diagnose e no tratamento das enfermidades dunha poboación que vive nunhas condicións extremas no medio do deserto máis inhóspito.

«Quiero aprovechar esta tribuna, además, para lanzar una vez más un mensaje de solidaridad del pueblo gallego con el pueblo saharauí, que cuarenta y seis años después sigue viviendo refugiado en territorio argelino, que no ha perdido sus aspiraciones legítimas de volver a vivir en paz en el territorio ocupado por el Gobierno marroquí y que no desea la guerra, pero lucha día a día por sus derechos y por el cese del hostigamiento que sufre la población saharauí en territorio ocupado. Además, hay que seguir pidiendo a los organismos internacionales valentía e implicación en la solución que establecen las Naciones Unidas para que sea la ciudadanía quien decida el futuro del Sáhara occidental por vía de un referéndum democrático.

Y, después de la visita, quiero animar también a todas aquellas instituciones, personas y organizaciones no gubernamentales a seguir manteniendo su cooperación solidaria con los campos de refugiados para que una sociedad organizada, como es la saharauí, tenga cubiertas sus necesidades básicas en el exilio.

Como dice mi amigo Sidi Hamudi, responsable saharauí en la base de proyectos de Cooperación Internacional, pueden robarnos nuestra tierra, pero nunca podrán robar nuestra dignidad.»

Señorías do Partido Popular, outro pleno máis volvemos debater sobre o sector eólico, nun momento no que a imparable transición enerxética e a chegada millonaria de fondos europeos deberan de ser utilizados pola Xunta de Galicia para ser de novo líderes mundiais neste sector, e aproveitar as potencialidades do noso país, no que temos o recurso natural, pero tamén o coñecemento, as capacidades e a experiencia para poder desenrolar as tecnoloxías e a construción de novas infraestruturas necesarias para esta imparable transición enerxética. Pero todo isto non será posible sen que o Goberno galego leve a cabo dúas cuestións: por un lado, que aposte firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio e que se axilicen aqueles proxectos que veñen ligados ao desenvolvemento de novas tec-



noloxías, como é o hidróxeno verde, e aqueles que poden abaratar o prezo da enerxía ás empresas con alto consumo eléctrico. E, por outro lado, que isto se faga dunha forma respectuosa coa poboación do noso rural, co noso territorio e coas actividades do noso sector primario, ademais de conseguir un maior retorno económico entre as comunidades rurais e os concellos afectados, para que o beneficio da implantación desta actividade teña unha repartición equilibrada e non só beneficie poderosas multinacionais estranxeiras, como se Galicia se tratase dunha colonia dalgunha destas multinacionais; e que esta implantación veña acompañada tamén dun desenvolvemento industrial que mellore o noso PIB e os niveis de emprego que a industria pode crear.

A realidade é que neste momento tan importante a política do Goberno galego é caótica e non ten dirección; unha política que consegue que algo que antes era desexado por toda a cidadanía, agora teña contestación en calquera lugar de Galicia onde se desexe construír un parque eólico.

Resulta incomprensible que a única reacción do Goberno galego e do Partido Popular ante os problemas xerados polo seu modelo sexa comportarse como unha avestruz, agochando a cabeza, esperando a ver se lles funciona o único recurso que ten Feijóo para intentar xustificar a súa absoluta inoperancia, que é culpabilizar o Bipartito e o Goberno socialista de Madrid por todos os males que temos neste país.

Señorías do Partido Popular, é moi difícil ter anoxados a todos os sectores afectados pola implantación eólica de Galicia, pero, se facemos un repaso polas declaracións que fan dende as empresas promotoras de enerxía eólica, a industria auxiliar de compoñentes eólicos, as comunidades rurais afectadas pola implantación desta infraestrutura, os concellos afectados, as asociacións ecoloxistas e as propias organizacións agrarias, atopámonos con que ningún deles está contento coa política sobre a enerxía eólica que fai o Goberno galego.

Os promotores eólicos, en verbas do seu presidente, o presidente da Asociación Eólica de Galicia, din que o modelo eólico existente en Galicia é a lei da xungla, cando denuncian que a Xunta ten paralizado o sector, como propiamente recoñecía o señor Conde, cando dicía —fachendoso— que no ano 2020 se instalaron cero megavatios de enerxía eólica en Galicia e que pecharíamos o 2021 con tan só 70 megavatios e cando denuncian que non teñen seguridade xurídica sobre a actividade que realizan e só piden orde e planificación para implantar a enerxía eólica dun xeito responsable.

As empresas de fabricación de compoñentes ven como esa paralización leva consigo a deslocalización da actividade que facía, por exemplo, a de Siemens-Gamesa, nas Somozas, ou a de Vestas, en Viveiro. E, pese ao Partido Popular, o sector de fabricación eólica en Galicia segue a dar moitos empregos.

As comunidades rurais denuncian a falla de seguridade que teñen na implantación da enerxía eólica nas portas das súas casas, a falla de información e colaboración da Administración galega para poder defender os seus dereitos, a falla de equilibrio nas negociacións coas empresas promotoras, a excesiva afección que teñen as poligonais dos parques, etc.

Os concellos piden que a implantación desta actividade industrial sexa ordenada, que o Goberno galego os axude na información e nas alegacións a realizar, que esta implantación



teña maior retorno económico para os seus cidadáns e que o Fondo de Compensación Ambiental sexa maior e mellor repartido entre os realmente afectados.

Os colectivos de defensa do medio ambiente piden que se defenda o noso patrimonio ambiental, as zonas da paralizada expansión da Rede Natura, que se defendan os nosos humedais e que se minimice a afectación paisaxística destes parques. E as organizacións agrarias, que esta infraestrutura respecte as actividades gandeiras e agrícolas dunha terra onde esta actividade é esencial.

Ao Grupo Socialista preocúpanos que mentres uns están en contra de todo tipo de instalación de enerxía eólica, aproveitando para facer política partidista alí onde aparece un promotor eólico —e con iso lastran tamén o futuro industrial do noso país—, outros estean a gusto con esta situación de inseguridade para os promotores e os cidadáns afectados pola planificación desta enerxía eólica. É dicir, que por uns e por outros a casa segue sen barrer.

Preocúpanos que non se trate de impulsar un novo marco regulatorio do sector eólico que impulse a implantación de enerxía eólica ligada a actividades industriais en Galicia, establecendo seguridade xurídica e garantías tamén sociais, económicas e medioambientais no seu desenvolvemento; que non se elabore unha nova lei que substitúa as múltiples modificacións do marco regulatorio neste sector que introduciu o Goberno de Feijóo; e que non se avance para modernizar un plan sectorial que data do ano 1997 e que o Goberno galego no seu día nin tan sequera someteu a avaliación ambiental estratéxica.

Dende o Grupo Socialista voltamos aproveitar esta moción, derivada das múltiples sentenzas que van aparecendo e deixan clara a inseguridade xurídica que existe no sector —como é o caso de Corme, que anteriormente dicía a voceira do BNG—, para pedirlle ao Goberno galego unha vez máis que abra o debate sobre como dar seguridade legal a aqueles que desexan apostar pola implantación da enerxía eólica en Galicia e con ela darlle un futuro á industria deste país e modificar os problemas reais da cidadanía nesta implantación eólica.

Señorías do Partido Popular, fagan algo por demostrarlle á cidadanía que o Goberno está ao seu carón e que non traballa para beneficiar os intereses duns poucos, como os que colocaron a súa compañeira Beatriz Mato no consello de administración, que, xunto a outras empresas, están a crear unha burbulla de proxectos eólicos sen outro fin que o meramente especulativo, xerando problemas no territorio e tamén no propio sector económico, que está moi preocupado pola situación que estamos a vivir.

Dende o noso grupo sabemos que o sector eólico é moi importante para Galicia e que no 2019 representaba un total de aportación ao PIB de preto de seiscientos millóns de euros, o que significa un 0,9 % do PIB galego e un número de postos de traballo asociados de maneira directa ou indirecta a este sector duns sete mil neste 2019. E sabemos, ademais, que moitos dos proxectos vinculados aos fondos Next Generation e ao futuro das empresas —altas consumidoras de enerxía— dependen da instalación desta enerxía, que Galicia non pode permitirse unha paralización deste sector, porque unha paralización pode significar a perda de moitos postos de traballo actuais e doutros que se poderían crear. E o que non pode ser é que por esa burbulla ficticia de proxectos eólicos teñan vostedes completamente paralizado o sector.



Débese protexer o noso territorio, e axudar a fomentar a actividade onde non sexa lesiva. Seguro que o agradecen os traballadores de empresas como os de GRI Towers, de fabricación de torres no Carballiño, a de reparacións de Gamesa, en Oroso, ou a de Norvento, en Vilalba; ademais das empresas electrointensivas, como Alcoa, Alu Ibérica, Ferroatlántica ou Megasa, que dependen desa tecnoloxía para abaratar custos.

Axuden a que se implante a enerxía eólica, pero non esquezan que deben protexer a nosa cidadanía e o noso patrimonio natural e histórico. Temos que implementar fórmulas para que esta actividade deixe maior retorno económico nas comunidades rurais e nos concellos onde se desenvolve esta actividade, e non se poñan en risco as terras de alto valor agropecuario e forestal de Galicia.

Pedímoslle, por último, ao BNG que acepte a nosa emenda de modificación do punto cuarto, que, tendo un espírito similar, deixa claro que, antes de derrogar e paralizar, apostamos por crear un novo marco regulatorio que impulse aqueles proxectos que dean futuro ao noso sector industrial, establecendo seguridade xurídica e garantías sociais, ambientais e económicas no seu desenvolvemento, cunha nova lei que modifique a selva xurídica que implantou o Partido Popular e a elaboración dunha nova planificación que, como dicía antes, data de demasiado tempo.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Quero agradecer dende o Grupo Popular a presenza do futuro de Galicia, destes nenos e nenas de 6º de primaria.

Miren, señorías, é lamentable que, unha vez máis, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego faga interpretacións que van máis alá do que verdadeiramente di unha sentenza. De forma mal intencionada tratan de transmitir que o ditame vai en contra dun modelo eólico, pero o que pasa, señora Présas, é que vostedes, da sentenza, len o que lles interesa. E si que lles deu cumpridas explicacións o señor Conde o outro día, o vicepresidente segundo, o que pasa é que non lles gustaron as explicacións que deu, porque vostedes, da sentenza, interpretan o que queren.

En canto ao Partido Socialista, señor Seco, a verdade é que parecía que coa nova dirección se podía pensar nunha colaboración e cooperación nun sector que pretende avanzar cara a unha transición enerxética, por outra banda, apresurada e desplanificada que dende Madrid vos tedes propiciaron e que estamos a sufrir co peche anticipado das térmicas e co alto e elevado prezo da luz, do que os meus compañeiros nada dixeron aquí. Hoxe temos picos de 300 euros



o megavatio/hora e aquí, silencio sepulcral, que afoga a industria electrointensiva, as pequenas empresas, as familias... O PSdeG, en vez de desmarcarse dunha radicalidade do BNG e das súas plataformas, pois, non, unha vez máis se opón a todo, a todo o progreso, nun intento de confrontación. É o único que fan aquí os dous portavoces que me precederon.

Mire, señor Seco, o rural galego non necesita de falsos salvadores, necesita de servidores públicos que antepoñan o interese xeral ao seu interese político, que é o que fan vostedes, señor Seco.

Mire, fala vostede de burbulla. ¡É que é increíble! A máis de medio cento de proxectos que se están a tramitar no Estado en Galicia díxoselle dende a Xunta de Galicia que non se poden tramitar porque incumpren a normativa, con máis de 4.000 megavatios. ¿De que burbulla estamos falando? ¿Quen propiciou aquí a burbulla? ¡Un pouco de pudor!

Mire, señora Présas, mal que lles pese, Galicia é unha das seis comunidades que ten un plan sectorial eólico, que ten un modelo eólico e unha comunidade na que o seu territorio está blindado nun 77,5 % contra a instalación de parques eólicos, e a sentenza da que vostede fala nin cuestiona criterios técnicos nin ambientais; de feito, valóraos positivamente. Dígolle que a lea ben, non que lea só o que lle interesa.

Miren, o colmo xa é cuestionar aquí a repotenciación dun parque eólico. Señorías, é un parque eólico, o parque eólico de Corme, que pasou de 61 aeroxeradores a 7. Ten 54 aeroxeradores menos, e están cuestionando aquí as repotenciacións. ¡Pero, por favor, señora Présas, non insulte a intelixencia dos galegos e das galegas! Vostedes están en contra do sector eólico, e non me pode dicir aquí que non, porque ¿cantas iniciativas levamos debatido vostede e mais eu, que somos as dúas portavoces de enerxía dende que comezamos aquí a nosa andadura no Parlamento de Galicia? ¿Cantas veces debatemos, á súa instancia, en contra dun sector? Mire, vostedes están en contra da Xunta de Galicia, están en contra do sector —obviamente, do sector eólico; si, señora Présas, iso demostrano todas as iniciativas que constantemente estamos a debater aquí—, cuestionan os técnicos da Xunta, cuestionan as empresas, cuestionan a todo o que promove un desenrolo e unha nova oportunidade que podemos ter nunha transición enerxética que non temos máis remedio que afrontar —apresurada—, señora Présas.

Mire, o único que conseguen vostedes é tratar de amedrentar; é o que pretenden, amedrentar. Por alí teñen unha guía... Nós loitamos por que haxa máis transparencia. Fanse guías divulgativas para o sector. E despois, a guía que teñen vostedes é a de como facer a camiseta e a pancarta contra o sector eólico; a iso é ao que vostedes axudan.

Mire, señoría, vostedes falan de defender Galicia, pero aquí non dixo vostede nada do máis do medio cento de proxectos que xa foron informados negativamente; 4.000 megavatios. ¿Que dixo vostede? Iso tamén é defender Galicia, pero non, póñense de parte do Partido Socialista. ¿Por que? Porque cogoñernan aquí en Galicia e apoian en Madrid o señor Sánchez. Esa é a realidade.

Miren, o colmo é tamén vir aquí acusarnos de depredadores, de que impulsamos dúas leis de axilización administrativa —axilización, que non depredación— e de non instalar par-



ques. ¡Pero, póñanse de acordo! ¿Cal é...? Miren, cáelles o seu argumentario, a súa demagogia, polo seu propio peso.

Miren, equivócanse unha vez máis sinalando soamente a Xunta de Galicia. Non son capaces de condenar o que está ocorrendo cos proxectos estatais, que son megaparques, máis de 4.000 megavatios e nin unha soa palabra.

Eu entendo que estean doídos, porque vostedes gobernaron e fracasaron no Bipartito. E, claro, o pasado está aí e hai que dicilo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, home, si, si! Non é do século pasado; non, non é. Entón, hai un tempo vostedes gobernaron e puxeron en marcha máis de oitocentos megavatios que quedaron tramitados do Goberno anterior. E vostedes, caladiños. ¿Como que non autorizaron parques en Rede Natura? Si, autorizaron a súa explotación. O outro día o señor Bará dicía que non, ¿Pero como que non? En seis parques autorizaron a explotación en Rede Natura, e en tres autorizaron a súa construción, incluída *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* esa que lles doe, a do Oribio. Nesa tamén, señora Présas, ¡nesa tamén!, en 2007. ¡Si, si!

Miren, insisto, esta sentenza non cuestiona en ningún caso os criterios técnicos e ambientais que levaron a aprobar este proxecto, nin tampouco se cuestiona o Plan eólico —non se cuestiona— nin as sucesivas leis; o que si está referendado e é firme é a anulación dos seus tres concursos do Bipartito. Non me poderá negar que iso é así, e ademais dun decreto que tiveron que retirar porque acumulou na súa redacción varios recursos da industria e oito obxeccións do Consello Consultivo. Pero, bueno...

Vostedes nin a este grupo nin ao Goberno da Xunta lle teñen que dar leccións do sector eólico; non, señora Présas. Non, miren, en Galicia si hai un modelo eólico, e claro que somos punteiros en Galicia, levámolo sendo grazas a ese modelo eólico, e a iso non me pode dicir que non. Todos os nosos proxectos, os que se tramitan en Galicia —e debería ser así cos do Estado— respectan a lei eólica aprobada no ano 2009 e o Plan sectorial eólico. E todos os proxectos —insisto, e parezo repetitiva, pero xa llo teño dito 50.000 veces— seguen a normativa estatal ambiental, que é a máis garantista; todos os proxectos, que sabe vostede, que, segundo esa lei, a avaliación ambiental ordinaria, só se podería ou estaríamos obrigados a tramitala así en proxectos de máis de trinta megavatios; e non para todos os proxectos eólicos aquí se tramita a declaración ordinaria de impacto ambiental.

Entón, vostede ten que recoñecelo, e non pode vir aquí demonizar dúas leis de axilización administrativa, porque nin reducen dereitos, nin implican liberalización do sector, nin desprotexen o medio ambiente. O que si que fan estas dúas leis de axilización administrativa é que Galicia teña unha oportunidade de resolver unha transición enerxética xusta, ordenada e compatible co medio ambiente e favorecer a creación de novos empregos. Eu entendo que vostedes lles teñen alerxia aos novos empregos, porque para vostedes hai traballadores de primeira e traballadores de segunda; os que queren vostedes, deféndenos, e os que non, non. Pero non, a Xunta de Galicia, como é a administración responsable deste grupo, vai defender todos os traballadores. *(Aplausos.)*

Mire, fala vostede de transparencia. Eu non sei, pero todos os proxectos teñen exposición pública e poden presentarse alegacións. Moitos teñen —vostedes sábeno— centos de ale-



gacións presentadas, que son analizadas pola Xunta de Galicia, e por iso levan un tempo e por iso non pode vir aquí dicir que non tramitamos proxectos ou que non os aprobamos. Os tempos dos proxectos son os que son, e leva un tempo tramitalos con total rigor. Eu entendo que vostedes iso do rigor tamén o poñen entre comiñas.

Miren, eu creo que vostedes tamén teñen alcaldes sublevados. O outro día foron a Vereá e foron a Celanova (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e, claro, a señora Pontón deu o discurso en contra do eólico en Celanova, que non en Vereá, porque, claro, o alcalde de Vereá, señorías, por se non o saben, é do BNG, e o alcalde de Vereá quere os eólicos no seu concello. Entón, a señora Pontón deu a charla contra os eólicos en Celanova, que non goberna o BNG.

Mire, señora Présas, teña un pouco de pudor. Os seus alcaldes, tamén. O alcalde de Muras tamén quere os eólicos. Por certo, mire ese libro que sacou o Observatorio Eólico de Muras e mire cantos megas autorizaron vostedes en Muras. Míreno, míreno... (*Murmurios.*) Pero, entón, vostede niso, cero responsabilidade.

Mire, o señor alcalde de Muras quere máis diñeiro do canon, pero está a favor dos eólicos. Non me veña vostede dicir aquí que non. Bueno, en fin, demagogia pura. A verdade, señora Présas, é que vostedes ao retorno ao eólico non lle dan importancia: 7.000 empregos, 584 millóns de euros ao PIB, máis de 130 millóns de euros en impostos, 23 millóns de euros do canon eólico... Por certo, canon eólico que vostedes agora —benvidos— parece que aceptan, porque non o querían, votaron en contra. Con vostedes o Bipartito dáballes aos concellos cero euros, e con este goberno, grazas ao canon... Pero, ¡home, señor Bará, é a súa historia! A historia do Bipartito é que lles daban aos concellos cero euros, porque non tiñan un instrumento como o canon eólico, que o fixo este goberno en 2009, coa chegada de Alberto Núñez Feijóo, e iso dóelles (*Aplausos.*) ¡Dóelles moito! ¡Si, señor Rivas, claro que lles doe! ¡Claro que lles doe! ¡Esa é a realidade!

Miren, remato xa.

Eu, señora Présas, cando fala vostede aquí da demagogia, dígolle que agora teñen un pouco aparcada a tarifa galega e todo iso. A min gustárame, de verdade, que, por favor, me responde a algunha pregunta: ¿con que enerxía?, ¿con cal?, ¿eólica? Terrestre, non; eólica mariña, non. As centrais pechámolas de acordo co Partido Socialista. E as hidráulicas, que se pechen tamén. As centrais hidroeléctricas dependen tamén do concello onde se instalan. Igual se goberna o PSOE e o BNG, á central hidroeléctrica lle poñemos a alfombra roxa, pero se goberna o PP, criticámolo. Iso, bueno, é así, ¡esa é realidade, señoría!

Os seus compañeiros na Comisión de Industria reclaman a Sociedade Pública de Enerxía, pero ¿con que enerxía?...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...dígame vostede. Porque eu non sei. Se non vale ningunha, señora Présas... De verdade, señora Présas, vostede pinta un escenario negro que non é así.



Mire, en Galicia, conviviu co sector eólico —e punteiro— moitos anos, e levamos convivindo, e imos seguir facéndoo igual, respectando a lei, tramitando todos os proxectos, que non é autorizar; tramitar non é autorizar. E vaise seguir tramitando ao ritmo que sexa necesario. É verdade que se contratou máis persoal, porque si, si hai unha avalancha de 275 proxectos, claro que si que os hai, propiciada, como sabemos todos, por quen.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, señora Présas, claro que non vai recibir o apoio deste grupo á súa moción...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señor NÓVOA IGLESIAS: Eu seguirei debatendo con vostede todas as veces que queira, pero non vai conseguir o que pretende.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, respecto da emenda do Partido Socialista, non a imos aceptar, porque, a verdade, é bastante sorprendente. Porque nós, no noso punto, que o Partido Socialista emenda, falamos directamente de desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio e un novo plan sectorial eólico; e basicamente o que fai o Partido Socialista —que non deixa de sorprendernos— é retirar a parte da nosa proposta na que falamos de derrogar os aspectos das leis de depredación do Partido Popular que recortan os prazos de participación pública. *(Aplausos.)* Non sei se é que ao novo Partido Socialista —que creo que practica iso que dicía o seu voceiro do oportunismo; debía ir polas últimas declaracións do señor Formoso— agora lles parece ben esa axilización administrativa que vulnera os dereitos da cidadanía. A nós, desde logo, non; *(Aplausos.)* e, polo tanto, bueno, non imos aceptala. *(Aplausos.)*

Señora Nóvoa, efectivamente, levamos debatido longo e tendido. Pero, mire, eu creo que o meu grupo parlamentario debería cambiarme de voceira de enerxía e non sei se no próximo debate veña a señora Rodil facer un modelo eólico do BNG para *dummies*, a ver se así se fai entender mellor ca min. Porque vostedes entenden o que lles interesa e o que queren. Entenden o que queren, señora Nóvoa, e ás veces o debate vai só nunha dirección.



Mire, de alcaldes sublevados... Eu non sei se quería falar vostede aquí do señor Almeida e posicionarse... (*Murmurios.*) Non o sei. (*Aplausos.*) Pero, mire, imos falar dos alcaldes do BNG. De verdade, eu dígolle que non hai un só alcalde do BNG, que non hai un só cargo institucional do BNG, que non hai un só goberno do BNG que estea en contra do sector eólico. É que vostedes repiten ese mantra, pero é mentira, señora Nóvoa. Do que estamos en contra é do modelo do Partido Popular, (*Aplausos.*) que é lesivo para os intereses deste país. (*Aplausos.*) E o BNG non é o Partido Popular, no que vai o líder do partido e comparece a unha hora e o alcalde de turno comparece a outra. (*Murmurios.*) Aí estaban o señor alcalde de Verea, xunto coa portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) cunha posición que ten un denominador común, que é defender que o modelo eólico ten que servir os intereses do país. (*Aplausos.*) E por iso o BNG como organización alegou a eses proxectos pedindo determinados cambios. Claro, é que en democracia é o que se fai, os concellos opinan. De feito, aos concellos o que lles amola é non poder opinar máis porque o Partido Popular desde o Consello da Xunta —do que logo non publica os acordos— preme a variña da supramunicipalidade e pase por riba dos seus intereses, señora Nóvoa. (*Aplausos.*)

De todos modos, podemos seguir falando de sublevacións. É unha mágoa que marcharan os pícaros de Lalín, porque Lalín é un exemplo de unanimidade política —tamén do Partido Popular e do Partido Socialista— contra proxectos lesivos da Xunta e do Estado. (*Aplausos.*) É que van moito máis alá do que vai a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) porque os seus representantes votaron alí a favor dunha moratoria, pero dunha moratoria das de verdade, non como esas que vostedes meten nas leis dos orzamentos —que non é o que estamos votando aquí, por certo—. Ou podemos falar da Deputación de Ourense, porque, claro, agora que todo se está movendo, non sei se é que vostede xa non está do bando da Deputación de Ourense. Porque o señor Baltar —a Deputación de Ourense— votou a favor dunha proposta do Bloque Nacionalista Galego que apostaba pola participación pública. Entón, señora Nóvoa, atrévase e, para unha vez que hai un posicionamento común, pois quede no bando ourensán.

En todo caso, señora Nóvoa, desde logo, por esa vía poden seguir, pero é que, mire, nós temos un legado de coherencia. É que non poden convencer o mundo de que estamos en contra do desenvolvemento eólico cando foi esta organización política a que impulsou un modelo que era revolucionario e que apostaba pola participación pública, que blindaba garantías contra as expropiacións e que apostaba tamén, señora Nóvoa, polo desenvolvemento industrial. Porque, claro, aquí cadaquén ten a súa folla de servizos. E vén vostede aquí dicir que lles temos alerxia aos empregos. A alerxia tenlla Vesta, Siemens-Gamesa, etc. ao modelo do Partido Popular. (*Aplausos.*) Efectivamente, si, esa é a cuestión. (*Aplausos.*)

Logo, claro, veñen aquí, e os que negaban o cambio climático din que os demais estamos en contra do progreso. (*Aplausos.*) Veñen aquí e din que os servidores públicos teñen que antepoñer o seu interese xeral. ¡Caramba!, os servidores públicos como os exconselleiros e exconselleiras do Partido Popular, que autorizaron o 80 % dos parques eólicos das empresas ás que despois van sentar no seu consello de administración. (*Aplausos.*) ¡Caramba, si, así defende ben este país o Partido Popular! (*Aplausos.*)

Mire, un último apunte, dúas cuestións telegráficas. O que di a sentenza é que eses prazos que vostedes recortaron están mal recortados e que van contra o dereito comunitario. Nós



engadimos: van contra o dereito moral que debería garantir un goberno de participación á súa cidadanía. *(Aplausos.)* Entón —insistimos—, iso ten que corrixirse. Sería un sinal de boa vontade por parte do Partido Popular, pero xa vemos que non hai nin a máis mínima.

E unha última cuestión, e volvémoslo repetir ata a saciedade: claro que falamos tamén dos parques do Estado, claro que falamos tamén deses. Señora Nóvoa, ¿cantas veces votaron vostedes en contra nesta lexislatura de pedir que os parques sexan tramitados integramente en Galiza con independencia do seu volume de megavatios? ¿Cantas veces votaron vostedes en contra de pedir tamén explicacións e trámites garantistas? É que o que non se pode é intentar buscar esa estratexia de culpables externos. Entón, vostedes teñen o culpable BNG e teñen o culpable de se hai unha avalancha eólica e se non son capaces de tramitar e de se hai contestación entre os seus alcaldes pois intentan que pareza que todo é responsabilidade do Goberno central. Por aí non sigan, señora Nóvoa, porque os que son incoherentes son vostedes.

Polo tanto —nós insistimos—, estas sentenzas teñen que ter unha resposta. Asuman responsabilidades políticas, modifiquen a lei para garantir que a veciñanza poida participar e paren de ser un obstáculo vostedes ao desenvolvemento deste país, á custodia medioambiental e ás garantías da xente. Impulsen un novo marco regulatorio do sector eólico, un novo plan sectorial eólico, e deixen de ser un obstáculo para o avance deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º) Impulsar unha comisión bilateral Xunta de Galiza-Estado coa finalidade de esixir, planificar e executar os fondos de achega estatal que lle deben corresponder a Galiza no marco dos fondos europeos, dirixidos ás persoas autónomas, profesionais e empresas afectadas pola covid.



2º) *Elaborar un informe no que se debulle na totalidade dos fondos estatais recibidos pola Xunta de Galiza, os fondos propios achegados pola Xunta e a súa execución total nos exercicios 2020 e 2021 para fomento de emprego e as persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19.*

3º) *Recuperar o auténtico diálogo social, que necesariamente debe residenciarse nos órganos legalmente constituídos no noso país a tal efecto, como son o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Económico e Social de Galiza, garantes de representatividade e da adopción democrática de decisións.*

4º) *Solicitalle ao Goberno do Estado a derogación íntegra da reforma laboral do 2012.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Hoxe os socialistas traemos a debate a moción derivada da interpelación feita á conselleira de Emprego e Igualdade no pleno anterior; unha interpelación na que a propia conselleira recoñecía a incapacidade do Goberno galego para executar o cento por cento dos fondos transferidos polo Estado, a incapacidade da Xunta de Galicia para executar os máis de 234 millóns de euros que o Goberno de Pedro Sánchez transferiu hai un ano —jun ano!—, para beneficiar as persoas traballadoras autónomas, os profesionais e as empresas particularmente afectadas pola crise da covid mediante axudas directas; e unha Xunta de Galicia incapaz, que terá que devolver 70 millóns de euros, mentres que outras comunidades autónomas executaron o cento por cento dos fondos transferidos.

A Xunta de Galicia, dende o mesmo momento de decretar a pandemia orixinada pola covid-19 no mes de marzo de 2020, adicouse a atacar frontalmente calquera proposta, resolución ou acordo que viñera do Estado, convertendo o Goberno galego no Goberno do non, e ao presidente Feijóo no alumno máis avantaxado do «ayusismo», facendo seguidismo da señora Ayuso. É unha presidenta que anuncia sen ruborizarse que, efectivamente, outorgou contratos a amigos e nos que o seu irmán cobrou unha comisión pola xestión dos ditos contratos con cartos públicos; é dicir, con cartos dos impostos que pagamos todos e todas.

O PP fai negocio, mentres o Goberno do Estado —o Goberno de Pedro Sánchez— puxo os medios para saír todas e todos xuntos da crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia. A corrupción, señores do Partido Popular, corre unha vez máis polas veas do Partido Popular, e o peor de todo é que a teñen normalizada. Vostedes falan da posible dimisión de Casado, pero nada din de Ayuso e dos contratos aos seus amigos. En fin... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ao Partido Popular (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) —señor Puy, ¿quere vir vostede aquí?— non lle importou que coa crise da covid se puidera tambalear a estabilidade do noso país, nin os milleiros de postos de traballo que podían ser destruídos, ou a situación das familias máis vulnerables. Para o presidente Feijóo o ayusismo conver-



teuse na luz a seguir, e a confrontación co Goberno do presidente Sánchez, o obxectivo principal. O PP durante estes meses puxo todos os atrancos posibles para que os fondos europeos, eses fondos Next Generation, non chegaran a España e para que, polo tanto, non chegaran a Galicia. Intentaron por todos os medios que eses 140.000 millóns de euros non chegaran para axudar as persoas nin as empresas. Votaron en contra no Congreso dos Deputados, reiteradamente falaron mal do noso país en Bruxelas para que a Unión Europea dubidara e rexeitara transferir eses fondos europeos. E, xa por último, facendo auténtico ridículo, enviaron unha delegación de alcaldes, alcaldesas e algún presidente da Deputación a Bruxelas para seguir con esa campaña de desprestixio do noso país e intentar novamente poñer en dúbida a boa xestión dos fondos en España.

Pero unha vez máis —e xa van catro, señoras e señores do Partido Popular— non foron recibidos polos órganos de decisión da Unión Europea, e dende a Comisión Europea voltaron reconfirmarlles que o Goberno de Pedro Sánchez o está facendo ben e que grazas á súa xestión 140.000 millóns de euros están chegando a España para garantir a nosa recuperación económica e social sen que ninguén quede atrás; 140.000 millóns de euros que están chegando a España e, polo tanto, a Galicia a pesar do Partido Popular. ¿Cantas veces máis van facer o ridículo ante as institucións europeas? ¿Cantas veces máis van intentar que eses 140.000 millóns de euros non cheguen a Galicia, a España? ¿Cantas veces máis van falar de patriotismo enarborando bandeiras mentres que queren impedir que cheguen fondos europeos absolutamente necesarios para a reconstrución do noso país?

O curioso, señores e señoras do Partido Popular, é que ao mesmo tempo que intentan que non cheguen eses fondos, na mesma frase critican o Goberno para que cheguen. A verdade é que non se pode ter maior hipocrisía política. Se a xestión da pandemia dependera do Partido Popular, suporía que para España e para Galicia habería cero euros, pero grazas á xestión do Goberno Socialista de Pedro Sánchez están chegando 140.000 millóns de euros.

Miren, nesta pandemia sen precedentes, que fixo tambalear as bases económicas e sociais en todo o mundo, o Goberno de Pedro Sánchez traballou dende o primeiro momento para conseguir fondos, elaborar e implementar un potente plan de choque, con medidas económicas e laborais, inicialmente estimado nuns 200.000 millóns de euros para protexer as empresas, para protexer as persoas traballadoras autónomas que por primeira vez, ante unha crise, teñen cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou a diminución dos seus ingresos. Tiveron moratorias das súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións. Tiveron accións para reducir os seus custos fixos e variables mediante axudas directas para o pagamento de salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores, contaron con medidas de alivio no pagamento de alugueiros, proporcionáronlles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para as empresas traballadoras autónomas, máis de 37.000 empresas obtiveron avais ICO e, por último transferíronse eses 234 millóns de euros a Galicia para que puidera proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito tradicional.

Dentro deste plan de choque tamén houbo medidas para protexer os traballadores e as traballadoras a través dos ERTE, da implantación do teletraballo, do permiso retribuído recuperable, da mellora de protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal,



da implementación de medidas para as empregadas de fogar. Pero tamén case 37.000 galegos e galegas recibiron o ingreso mínimo vital, e en tres anos de goberno de Pedro Sánchez o salario mínimo interprofesional incrementouse en 264 euros ao mes. Co goberno de Pedro Sánchez tamén se reformou o sistema de pensións para devolver poder adquisitivo aos pensionistas e derrogar o vergoñento índice de revalorización do 0,25 aprobado por M. Rajoy, co que case 770.000 pensionistas galegos e galegas viron revalorizadas as súas pensións conforme o IPC neste ano 2021. Se polo Partido Popular fose, de todas estas medidas non sairía absolutamente ningunha.

Pero o Goberno de Pedro Sánchez tamén aprobou a reforma laboral, na que a actuación do Partido Popular volta amosar o máis baixo e desprezable en determinadas formas de facer política. Aprobouse a reforma laboral, a pesar do Partido Popular e tamén a pesar do Bloque Nacionalista Galego, aprobouse a reforma laboral a pesar das artimañas do Partido Popular para mercar vontades, algo no que teñen longa e acreditada experiencia; unha reforma que saíu adiante polo erro humano dun dos seus deputados e que o PP intenta xustificar tentando tamén ensuciar e desprestixiar as institucións democráticas deste país. A vostedes válles calquera cousa con tal de embarrar un goberno lexítimo e asegurar a súa estratexia partidista.

Exactamente gustárame saber que celebraban cando pensaron que non ía saír adiante a reforma laboral. ¿Celebraban que os traballadores e traballadoras non recuperasen parte dos dereitos anulados baixo o Goberno de Mariano Rajoy? ¿Ou celebraban que por primeira vez houbera un acordo entre o Goberno e os axentes sociais, nomeadamente sindicatos e patronal? ¿Ou celebraban que, se non saía esta reforma, esta fora un atranco para que seguiran chegando os fondos europeos? Realmente, isto recórdame tamén a un ministro do Partido Popular no Goberno de M. Rajoy, o señor Montoro, que dixo «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*». ¡Unha mágoa! ¡Unha mágoa, señores e señores do Partido Popular!

Miren, vostedes saben perfectamente que o emprego non foi unha prioridade durante estes doce anos de Goberno Feijóo. Os últimos datos publicados polo IGE sobre a última EPA referida ao cuarto trimestre de 2021 revélannos que os datos de emprego da nosa comunidade autónoma son dos peores. Mentres que en España se crearon 840.000 empregos nun ano, superando a ocupación prepandemia e o mellor nivel de emprego dende a crise de 2008, un crecemento dun 4,35 %, en Galicia o crecemento foi do 0,96 %, sendo a terceira peor evolución de todas as comunidades autónomas e as cidades autónomas, só por detrás de Murcia e de Ceuta.

Seguimos a ter 50.900 persoas ocupadas menos que no cuarto trimestre de 2009. E entre outubro e decembro de 2021 destruíronse 21.200 empregos en Galicia, a razón de 230 empregos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...por día, ou 350 empregos/día en xaneiro deste ano.

Remato xa, señor presidente.

Se vemos o número de parados, temos a mesma situación. En Galicia, no cuarto trimestre de 2021, respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, baixa nun 5,3 %, mentres que para o conxunto do Estado a baixada é dun 16,56 %.



Deixen de confrontar, traballen para reverter a precarización laboral e o desemprego na nosa comunidade e colaboren para que se establezan mecanismos co Estado e para que non se perdan eses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...70 millóns de euros que a Xunta de Galicia non foi capaz...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de executar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día.

Ben, *a priori*, a interpelación que xera esta moción ía xirar sobre un plan en concreto, sobre os fondos autonómicos e estatais dirixidos a autónomos e pequenas e medianas empresas durante a pandemia e o seu grao de execución.

Xa nos estrañaba porque, señoras e señores do Partido Socialista, no que respecta ao IV Plan de rescate, na nosa modesta opinión, era ir a peito descuberto contra as balas, porque o Goberno do Estado tardou máis dun ano desde o comezo da pandemia para aprobar o Real decreto lei 5/2021, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial, que prevía unha liña de axudas do Estado directas de carácter finalista.

Con base nesas achegas estatais, a Xunta artellou o que denominaron III Plan; plan que non funcionou, e ficaron 134 millóns de euros sen repartir nesa convocatoria, que, de non ser executados, terían que ser reintegrados á Facenda estatal.

A Xunta anunciou con estes cartos non executados un IV Plan de rescate, pero nin o III nin o IV Plan de rescate funcionaron. E a proba está en que no día de hoxe fican, segundo a Xunta, 70 millóns de euros sen executar.

O que é meridiano é que a planificación destas axudas foi errática desde a súa concepción polo Ministerio de Asuntos Económicos, cun plan que estaba pensado para salvar grandes empresas, pero, en ningún caso, para socorrer as pemes e persoas autónomas, que maioritariamente constitúen o tecido empresarial galego. Unha planificación de axudas estatais centradas en socorrer as grandes empresas hostaleiras das comunidades máis dependentes do turismo e que demostra o pernicioso que é o centralismo político para o noso país. Porque



o feito de que Galiza sexa menos dependente do turismo que outros territorios non quere dicir que a pandemia non impactara na nosa economía, ¿verdade? O feito de que quedaran sen executar 70 millóns de euros non quere dicir que non existan no noso país empresas, autónomos e autónomas en situación de crise que tivesen necesidade de axudas.

Aí estivo a hostalería manifestándose na rúa e reclamando solucións e axudas e denunciando, por certo, o sectarismo da Xunta á hora de convocar as reunións co sector. Aí estiveron as asociacións de empresarios e de autónomos e autónomas, queixándose de que os criterios de adxudicación eran ás veces imposibles de cumprir. Fíxose evidente que as características do noso tecido produtivo non foron prioritarias, non foron consideradas. E isto puxo en evidencia unha cuestión que o BNG vén denunciando desde hai moito tempo: a falta de peso político de Galiza no Estado español. Puxo en evidencia a necesidade de aumentar as capacidades de autogoberno do noso país, de mellorar o noso financiamento e de aumentar as nosas competencias. Pero, claro, nós temos aquí o presidente das cero competencias reclamadas en doce anos. Puxo en evidencia que o peso político ou a importancia do presidente Feixóo no panorama político estatal deriva, precisamente, de ser un presidente autonómico que non dá problemas, de ser un presidente non conflitivo, non reivindicativo; un presidente que pode pasar por alto a indefensión do tecido produtivo do noso país no actual marco autonómico e que tamén pode pasar por alto outras cousas, ¿verdade?, como está demostrando precisamente estes días, porque ¿quen non ten un irmán ou unha prima? Esas son as cousas que vostedes atenden, as cousas que vostedes saben facer. A pandemia, para a bronca política, estéril e infrutuosa para Galiza, pero moi rendible para os intereses partidarios e mesmo persoais do seu presidente.

E, mentres tanto, en medio dunha crise que puxo contra as cordas, literalmente, todo o pequeno comercio, toda a hostalería, axencias de viaxes, espectáculos, cultura, etc., quedan fondos sen executar, diñeiro sen gastar. ¡É absolutamente increíble!

Desde o BNG insistimos, a través da nosa emenda, en que se impulse esa Mesa bilateral da Xunta e o Estado, en que cheguen a acordos e en que deseñen solucións para que os fondos poidan chegar onde teñen que chegar.

E, finalmente, a moción do PSOE é unha moción sobre a execución dos fondos para rescatar o tecido empresarial afectado pola pandemia e inclúe, sorprendentemente, nada máis e nada menos que un intento de branquear a non derogación da reforma laboral.

Creo que nun tema tan relevante hai que deixar as cousas ben claras. O Goberno do PSOE e Podemos non derogou a reforma laboral do Partido Popular do ano 2012. Polo tanto, consolida os seus aspectos máis lesivos. Consolidan a redución das indemnizacións por despedimento improcedente, que pasaron de 45 días a 33, e, sobre todo, consolidan a facilidade para despedir, o sistema de causas obxectivas que xustifican os ERE, o sistema que permite, por exemplo, que unha empresa poida despedir por causas económicas aínda tendo beneficios. Unha reforma que eliminou a posibilidade dos gobernos de intervir nos ERE, que precisamente estes anos terían sido de moita axuda en empresas como Poligal, Siemens-Gamesa ou Vestas, e que sería de grande axuda tamén, por exemplo, para resolver o problema da fábrica de Alu Ibérica, na Coruña.



Non só non se tocaron todas estas cuestións, todas de gran importancia, de gran transcendencia social, senón que a nova regulación aprobada polo actual Goberno reduce os prazos de negociación dos ERTE, complicando a posición da parte social nesas negociacións —unha curiosa maneira de reequilibrar as relacións laborais, que vén sendo o mantra do Goberno—, e unha reforma que introduce outra novidade de gran transcendencia e de calado na normativa laboral: que os contratos fixos descontinuos poidan establecer a xornada e o horario de traballo dun xeito estimado, pendente de concretar no momento do chamamento. Xornada e horario, cuestións que até o de agora eran consideradas condicións substanciais do contrato de traballo, agora poden establecerse de xeito estimado. É dicir, parece que unha persoa poderá enterarse de cal vai ser a súa xornada e horario de traballo xusto cando vai comezar a traballar. ¡É alucinante! Desde logo que isto non é reequilibrar as relacións laborais. *(Aplausos.)*

E outra cuestión de enorme importancia é deixar a salvo a prevalencia dos convenios de empresa sobre os do sector, xa que será, precisamente, nestes convenios onde se concrete, por exemplo, a xornada anual, a xornada irregular ou os mecanismos para realizar o chamamento destes fixos descontinuos á carta. Non hai derogación e non hai, se mire como se mire, reequilibrio das relacións laborais, senón que, pola contra, se afonda no reforzo da capacidade da empresa para realizar os ERE, ERTE ou para fixar unilateralmente as condicións de traballo.

Por iso o BNG votou en contra. Non contarán coa nosa complicidade para enganar a clase traballadora. *(Aplausos.)* Non contarán coa nosa complicidade en operacións coma esta, da que deriva unha redución de dereitos. ¿Que coincidimos co Partido Popular e con Vox no voto en contra? Tamén coinciden vostedes noutras ocasións con eles. A diferenza é que vostedes coinciden con eles na defensa da Monarquía e na corrupción, e nós votamos en conciencia e en defensa dos dereitos da clase traballadora. *(Murmurios.)*

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Agora saudamos os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro de Frións, na Coruña. Pois nada, benvidos ao Parlamento. Tamén saudamos os seus profesores e a xente que os acompaña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, debo comezar lamentando que a moción que vostedes traen hoxe é unha moción extraordinariamente decepcionante para o grupo maioritario desta Cámara, para o Grupo Popular. E non o digo só polo feito de que os socialistas desvirtúen —como, de feito, o fixeron— unha interpelación e a moción consecuente desa interpelación. En vez de centrarse no plan de rescate, que era o motivo da interpelación, a empresas e autónomos, que era o seu obxectivo, vostedes aproveitan incluso para presumir da reforma laboral do



Goberno de Pedro Sánchez. Estas afirmacións fan que a moción socialista sexa unha auténtica decepción. É unha auténtica decepción pola falta de compromiso, pero sobre todo pola falta de valentía do Partido Socialista, porque, unha vez máis —e empeza a ser demasiado habitual xa por parte do PSdeG neste parlamento—, perderon a oportunidade de poñerse a carón dos intereses de Galicia e de poñerse a carón dos galegos e das galegas, para demandar, alto e claro, con claridade e con contundencia, que non se siga privando a Galicia dos cartos que nos corresponden a todos os galegos e a todas as galegas.

Vostedes perderon a oportunidade, única, de pedir con claridade que o Goberno de Pedro Sánchez devolva a Galicia, devolva ás empresas e devolva aos autónomos galegos eses preto de 70 millóns de euros que foron asignados á nosa Comunidade e non puideron ser executados ao abeiro do terceiro e do cuarto Plan de rescate. Vostedes, os socialistas, perderon a oportunidade de demandar que eses recursos poidan ser de novo destinados á nosa Comunidade Autónoma e pedir, ademais, que se devolvan nunhas condicións que fagan destes fondos axudas útiles, e non inútiles, como fixeron anteriormente, e non como aconteceu nos dous últimos plans de rescate.

E así o explicou —como sabe vostede— nesta mesma cámara a señora conselleira de Emprego, con total claridade; unha conselleira que foi quen de expoñer as dificultades e de expoñer os atrancos cos que nos atopamos, tanto a Xunta de Galicia como o tecido empresarial, á hora de acceder a pedir eses fondos transferidos.

Na súa moción, señora Rodríguez Rumbo, os socialistas perderon a oportunidade de dicir, alto e claro, que devolvan a Galicia uns cartos que están en risco de regresar á Moncloa, por culpa non da Xunta de Galicia nin por culpa dos autónomos, nin por culpa das empresas, senón porque o Goberno central non foi capaz de facer que estas axudas fosen xustas e accesibles para quen as necesitaba.

Digo eu que probablemente a culpa é nosa, a culpa ao mellor é do Grupo Parlamentario Popular, por pensar que a nova dirección do PSdeG sería máis valente e se situaría do lado dos intereses de Galicia e non do lado dos intereses da Moncloa. Pero a verdade é que a realidade é teimuda e de novo os socialistas galegos están submisos ante Pedro Sánchez.

De novo pasa o que xa aconteceu no pasado, cando tivemos que reclamar por vía xudicial o que era noso, o IVE, ou cando vostedes, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, venderon os traballadores de Alcoa, por poñer un exemplo. Probablemente o erro é do Partido Popular e do Grupo Popular, por sobrevalorar a capacidade de autonomía dos socialistas para actuar con valentía tendo en conta os antecedentes.

Pero non se preocupen. Teñen a oportunidade de rectificar neste mesmo pleno, votando a favor da iniciativa do Partido Popular que debateremos esta mesma tarde, e que precisamente pide que non se continúe privando a Galicia dos cartos que nos corresponden. E, polo tanto, permítame que deixe o debate con máis profundidade sobre o novo plan de rescate para esta tarde, que imos ter ocasión de poder volver debater.

Aínda que insisto, señores do Partido Socialista, e señores do Bloque Nacionalista Galego tamén: están a tempo vostedes de rectificar. O Partido Socialista está a tempo de poñerse a



carón dos intereses das empresas e dos autónomos galegos, empresas e autónomos de Galicia que continúan merecendo o noso respaldo e todo o apoio das administracións, teñan estes gobernos a cor política que teñan.

Señora Rodríguez Rumbo, sinto dicirllo. Na súa moción, na que fixo ademais vostede un testamento de moción, sete puntos, o único punto que poderíamos votar a favor é o punto número 2, que, aínda que falto de valentía, porque si está falto de valentía, porque non piden con contundencia que nos reasignen os fondos pendentes, si inclúe o que leva o Goberno galego intentando facer dun xeito constante: buscar fórmulas de colaboración para que os 70 millóns non executados dos últimos plans de rescate cheguen a pemes e persoas traballadoras e autónomos.

E a ver se vostedes teñen máis sorte que tivo o Goberno de Galicia, se vostedes conseguen que o actual inquilino da Moncloa ou a vicepresidenta primeira, Nadia Calviño, ou a ministra de Facenda, a señora Montero, respondan á carta remitida pola Xunta de Galicia coa finalidade de buscar fórmulas para que o 30 % restante que quedou sen comprometer dos 243 millóns de euros transferidos quede en Galicia.

Pero xa llo adianto: non votaremos a favor do resto dos puntos da súa moción, onde nos piden blanquear a reforma laboral. Señorías, o Grupo Popular defende a utilidade da reforma laboral do 2012, a reforma laboral de Mariano Rajoy na presidencia do Goberno e de Fátima Báñez no Ministerio de Traballo, que se consolidou como un dos instrumentos máis eficaces para a creación de emprego e para sacar España da crise na cal a deixara o Partido Socialista no ano 2008. (*Aplausos.*)

É certo que o real decreto aprobado por vostedes mantén aspectos fundamentais da dita reforma, pero todo indica que os artigos que se modificaron suporán un retroceso.

E falan vostedes de temporalidade. Mire o que di non hai moitos días *El Mundo*: unha década e un millón máis de indefinidos coa reforma laboral do Partido Popular. Coa reforma laboral do Partido Popular, hai máis de 9 millóns de mulleres traballando, reduciuse en máis dun 17 % a temporalidade e a realidade é que de cada catro persoas que traballan tres teñen contratos indefinidos.

E, por favor, sexan vostedes coherentes. Se o argumento para avalar normas laborais é que teñan o respaldo do diálogo social, moi ben, aceptamos que conseguiron un consenso forzado na reforma laboral, pero o Goberno do Partido Socialista e de Podemos acaba de impoñer unha subida do salario mínimo co único apoio dos sindicatos afíns e saltando o diálogo social, recentemente, e nós sostemos que a reforma do Goberno do Partido Socialista e de Podemos supón un prexuízo para o tecido empresarial, con maiores custos de contratación, pero tamén supón un prexuízo para as persoas traballadoras, xa que se perderon instrumentos como é, por exemplo, a negociación directa coa empresa para cando esta poida atravesar momentos de dificultade.

Ademais, a desaparición do contrato de fin de obra está a provocar cousas que como hoxe un concello que gobernan vostedes diga: os concellos, en dificultade para consolidar a plan-



tila temporal e as axudas. Isto é de hoxe, de hoxe. *(O señor Balseiro Orol mostra un documento.)* Polo cal ten importantes prexuízos en determinados sectores, como é por exemplo o sector da construción; como son por exemplo os concellos e as universidades, que facían uso frecuente desta modalidade por exemplo, entre outras cousas, para contratar investigadores.

O que non pode facer un goberno dun país é aprobar unha norma sen ter avaliado antes as súas consecuencias. E fíxense do xeito en que foi validado. É lamentable que unha das leis máis importantes dun país, xunto cos orzamentos, se aprobe utilizando un erro. O acontecido no Congreso foi unha manipulación da democracia, *(Murmurios.)* unha manipulación da democracia *(Aplausos.)*, que non se podería dar neste parlamento. Neste parlamento non se podería dar, *(Murmurios.)* onde se respecta a vontade de vostedes, e de vostedes, dos deputados. *(Aplausos.)* O resultado da votación é un claro «non» á reforma laboral. É imposible imaxinar que en Alemaña, en Francia ou en Italia non deixen explicar a un deputado o seu voto en liberdade e que se utilice un erro para dar por aprobada unha reforma deste calado.

Señorías, validar unha reforma laboral por un erro na votación debilita aínda máis un goberno como é o Goberno de Pedro Sánchez, que non acadou nin os apoios dos seus socios, nin sequera os que o votaron para investilo, que agora non lle deron o voto.

En conclusión, señora Rodríguez Rumbo, a reforma laboral, ademais de non ter maioría, vai na dirección contraria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...do que o mercado de traballo necesita, que é maior flexibilidade nas relacións laborais e maior seguridade para os traballadores. *(Murmurios.)* Non se poñan vostedes nerviosos, non se poñan nerviosos, porque vostedes, entre outras cousas, son os culpables de que o inquilino da Moncloa estea alí, porque vostedes apoiárono...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...e é certo que negociaron un pacto entre Ana e Adriana e agora non se cumpre e vostedes seguen igual tranquilos, vostedes seguen igual tranquilos, *(Murmurios.)* séguenlle aplaudindo. Co cal vostedes son culpables tamén.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Señores do Partido Socialista —e remato, señor presidente—, están a tempo de rectificar á tarde, de votar favorablemente que eses 70 millóns de euros queden nas empresas e no tecido empresarial galego e que deixen de marxinar Galicia, os galegos e as galegas, as empresas e os autónomos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que non sei moi ben por onde empezar, pero mire, señor Balseiro, o interese por Galicia é que cheguen 140.000 millóns de euros a España e a Galicia, porque, se por vos-
tedes fora, este plan serían cero euros; cero euros, (Aplausos.) fronte a 234 millóns de euros. Ese é o interese por Galicia e o amor a Galicia.

Vostede fala de que é defraudante a nosa moción, pero a verdade é que eu penso que o defraudante é que vostede non sei se é que non quere ou non quixo interpretar correctamente o texto, porque mire, voulle ler os dous primeiros puntos e despois vostede dime a ver se non se atén á interpelación feita. No primeiro pedímoslle elaborar un informe no que se debulle a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado, os fondos propios achegados pola Xunta de Galicia e a súa execución nos anos 2020 e 2021 para fomento de emprego e para as persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19. Pero vostedes nunca queren que a Xunta de Galicia actúe con transparencia e nos facilite ao resto dos grupos parlamentarios os datos, os datos reais da súa execución e da aportación de fondos propios.

E o segundo punto, señor Balseiro, sería establecer mecanismos de colaboración co Estado para poder executar os 70 millóns de euros non executados pola Xunta de Galicia —non executados pola Xunta de Galicia, foi quen os deixou sen executar— para poder atender as pemes, as micropemes e as persoas traballadoras autónomas. Así que non nos fale de amor a Galicia nin de interese de Galicia, porque estes non se executaron pola súa falta de xestión.

Realmente, cando vostede fala da reforma laboral, vostede e neste caso tamén o Bloque Nacionalista Galego, mire, Unai Sordo, que non é do Partido Socialista, secretario xeral de Comisiones Obreras, di: «La reforma laboral» —o 1 de febreiro deste ano— «es una absoluta enmienda a la totalidad de la de 2012 del Partido Popular». E cando se lle pregunta: «¿Es el acuerdo más importante del diálogo social?» Indiscutiblemente, indiscutiblemente; (A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.) non só desta lexislatura, senón dende os anos 80. Isto di un dos sindicatos. ¿Que di UXT? Pois que celebran a aprobación da reforma laboral. (A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.) Claro, a CIG excluíuse e, polo tanto, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) por iso o BNG non está de acordo.

Mire, señor Balseiro, simplemente datos, datos que saen estes días na prensa. En *El País*: «La contratación indefinida se dispara tras la reforma laboral.» Faro de Vigo: «La reforma laboral eleva un 65 % los indefinidos en Galicia, en el mes de enero con menor alza del paro.» Estes son datos, señor Balseiro. Esta é a realidade da reforma laboral.

E mire, eu vólvoles preguntar: ¿vostedes están en contra da reforma laboral? Porque esta reforma laboral supón apostar polo emprego de calidade, deixando atrás décadas de precariedade, do modelo ese de 2012 que vostede tanto alaba, claro, que está baseado na devalua-



ción salarial, porque vostedes o que queren é ter man de obra moi barata. Ese é o seu modelo, o seu modelo neoliberal de como debe funcionar unha sociedade.

Esa reforma laboral reduce a temporalidade, reforzando a creación de emprego de calidade; potencia a contratación indefinida e o emprego estable; recupera a prevalencia do convenio sectorial fronte ao da empresa; limita a contratación temporal e fomenta o contrato fixo discontinuo; recupera a ultraactividade indefinida e pon freo aos despedimentos e protexe o tecido produtivo, regulando un novo instrumento, o mecanismo RED de flexibilidade e estabilización do emprego, e impide os ERE nas administracións públicas.

Polo tanto, tanto o BNG como o Partido Popular votarán en contra desta moción, pero votan en contra ideoloxicamente, non polos beneficios que se acadan con esta reforma laboral e non polo que nós poñemos para seguir colaborando co Estado e para que Galicia poida executar dunha vez por todas eses 70 millóns de euros que deixou sen executar pola súa ineficacia.

E, evidentemente, a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego non a podemos aceptar.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta moción ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

A moción que hoxe trae o Grupo Parlamentario Socialista é lóxicamente consecuencia da interpelación que lle fixemos no anterior pleno ao señor Conde, pero sobre todo é porque é moi acaída no día de hoxe e despois das verbas do propio presidente da Xunta de Galicia nunha entrevista nun xornal na provincia de Lugo e tamén do señor Conde, pois, despois dese acordo unánime que adoptamos nesta cámara, no que Altri tiña que vir para A Mariña, o señor Conde e o señor Feijóo olvidáronse totalmente da comarca da Mariña e nas súas declaracións só falan da provincia de Lugo.

O señor Conde incluso foi moito máis chamativo, porque o martes daquel pleno chegabamos a un acordo a última hora da tarde e o mércores pola mañá, durante a interpelación, o señor



Conde olvidouse totalmente daquel acordo parlamentario adoptado por unanimidade. É certo que era unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular transaccionada cunha emenda do Grupo Parlamentario do PSdeG, no que precisamente era o meu grupo o que introducía a comarca da Mariña nesa parte resolutiva, pero sorprendentemente o señor Conde, ao longo das dúas quendas de intervención que tivo ao día seguinte, non foi quen de pronunciar nin unha soa vez o nome da Mariña, a pesar de que o propio señor Conde me dicía: señora Otero, non se preocupe, que se hai un acordo unánime desta cámara vaise cumprir. Imos darlle tempo ao tempo e ver se ese acordo parlamentario acadado por unanimidade nesta cámara se cumpre, porque estamos acostumados e acostumadas a que se incumpran repetidamente.

Polo tanto, hoxe o que buscamos con esta moción é este compromiso co Grupo Parlamentario Popular para instar a Xunta de Galicia para que realmente Altri veña para a nosa comarca, como foi o acordo acadado entre os grupos. Porque —repito— o que se votou por unanimidade naquel pleno foi que a Xunta de Galicia propicie o seu emprazamento preferentemente na comarca da Mariña, e, se criterios técnicos non garanten a viabilidade deste emprazamento, en todo caso na provincia de Lugo. Isto foi o que se votou aquel martes de pleno, pero o mércores seguinte o señor Conde olvidouse totalmente dese acordo parlamentario e non pronunciou nin nun só momento o nome da comarca da Mariña.

Polo tanto, eu xa lle dicía daquela que, se Altri non vén para A Mariña, a responsabilidade é da Xunta de Galicia, a responsabilidade é do presidente Núñez Feijóo, a responsabilidade é do conselleiro Conde, porque ademais incumpren un acordo parlamentario adoptado por unanimidade. Polo tanto, hoxe o que pedimos é que se cumpra ese compromiso para que se faga todo o posible para que Altri veña para A Mariña.

Entón, eu a pregunta que lles lanzo aos deputados do Grupo Parlamentario Popular, sobre todo aos deputados que representan a comarca da Mariña, é se van apoiar que A Mariña sexa unha prioridade ou vai quedar só naquel papel que asinamos aquel día. Porque esta moción vai diso. Esta moción que hoxe presentamos vai de apostar porque Altri veña para a nosa comarca. Polo tanto, hoxe vostedes teñen a oportunidade de dicir co seu voto se van apoiar que A Mariña sexa a prioridade para a Xunta de Galicia para que se instale a nova planta de Altri. A pregunta é moi sinxela: ¿Altri para A Mariña si ou Altri para A Mariña non? É moi doado, señorías do Partido Popular, vostedes téñeno na súa man co seu voto.

É que, claro, é tal a desconfianza que nos xeran por parte da Xunta de Galicia a este grupo parlamentario que tamén teremos que solicitar a información, porque o señor Conde dicía que levan moito traballado a prol de que Altri se instale na nosa provincia. Queremos saber realmente que é o que se ten feito, porque chama poderosamente a atención que os alcaldes e alcaldesas da Mariña, representados pola mancomunidade de municipios, na que están alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas, teñan remitido diversas cartas, tanto ao presidente da Xunta de Galicia como ao señor Conde, para ter unha entrevista e para poder ter unha conversa de traballo para ver as posibilidades de que Altri se instale na nosa comarca e, se houbera algún tipo de problemas, para enfrontalos entre todos e entre todas e soluciónalos.

A verdade é que a carta foi remitida en data 18 de novembro do ano 2021 por parte da Mancomunidade de Municipios da Mariña. Non se soubo nada nin se lle deu resposta a esa carta, e



sorpresivamente o día en que se estaba a facer a interpelación ao propio conselleiro, remite vía *e-mail* unha contestación a esa carta. A verdade é que podería entregarlles a carta en man aos representantes da mancomunidade de municipios que estaban na tribuna de invitados a seguir a interpelación. Pero esa é a importancia, é iso o que din querer a nosa comarca e todo o que están a traballar por parte da Xunta de Galicia para a nosa comarca, pero vemos que todo queda niso, en declaracións de intencións, en slogans que despois en nada se cumpren.

Polo tanto, son vostedes, a Xunta de Galicia, pero vostedes como Grupo Parlamentario Popular, maioritario, que sustenta ao Goberno, son vostedes os que se están a contradicir un día despois de ter chegado a ese acordo; chegamos a ese acordo de que preferentemente a comarca da Mariña, pero ao día seguinte falamos de provincia de Lugo e nada de nomear A Mariña.

Polo tanto, a moción que hoxe presentamos vén, sobre todo, pola desconfianza xerada tras as verbas do presidente da Xunta de Galicia, que falaba naquel xornal só da provincia de Lugo, de que a provincia de Lugo tiña auga, enerxía e eucalipto. E eu pregúntome se o señor Feijóo sabe que o eucalipto preferentemente onde está é na nosa comarca, na comarca da Mariña. Polo tanto, el, que alegaba esas tres razóns para que Altri se instale na provincia de Lugo, e dicía: auga, enerxía e eucalipto, pois esas tres condicións danse na nosa comarca.

Polo tanto, teñen a responsabilidade de promover a elección da nosa comarca como sede para que se instale Altri. E, dende logo, eu pregúntolle que fixeron, se deron a coñecer a esa empresa as posibilidades que hai na nosa comarca, se tamén a Xunta de Galicia lle deu a coñecer a Altri a dispoñibilidade dos alcaldes e das alcaldesas da Mariña para todos xuntos e xuntas traballar para que esa instalación na nosa comarca sexa unha realidade.

A nosa moción de hoxe é moi clariña, ten tres puntos: un primeiro, para que a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias exclusivas en materia industrial, promova a instalación de Altri na nosa Mariña, tamén dando a coñecer e realizando todo o esforzo para dar a coñecer as enormes potencialidades que temos na nosa comarca para que esta ubicación sexa unha realidade. Tamén volvemos reclamar que por parte da Xunta de Galicia se teña esa reunión de traballo cos representantes da Mancomunidade de Municipios da Mariña. E tamén queremos que se constitúa un grupo de traballo, e nese grupo de traballo, no que estea a Xunta de Galicia, no que estea a Mancomunidade de Municipios da Mariña e tamén se pode estar a empresa Altri, se lles dea a coñecer a estes representantes das entidades locais da Mariña ese proxecto que a Xunta di que enviou ao Goberno de España para que se financie cos fondos Next Generation.

Nós pediremos tamén esa información polas vías oportunas, porque a verdade é que moitas das cousas que se nos comentan aquí vemos como despois non son verdade.

Polo tanto, eu dicíalle que non poden poñer eses fondos Next Generation de escusa para que Altri non veña para A Mariña. Eu o que lle dicía xa daquela é que ubiquen Altri, traballen para ubicar Altri na Mariña, e que, dende logo, despois entre todas e entre todos temos que traballar para garantir que, dende logo, eses fondos Next Generation poidan financiar un proxecto tan importante, que iso creo que o recoñecemos todas e todos, e que nós en ningún



momento vendimos isto como un proxecto de fume, como dixo o señor Feijóo na prensa. Nós reclamamos a instalación de Altri na nosa comarca dende que se deu a coñecer a posibilidade de que esta empresa se instalara na nosa comarca, e non, como di o señor Feijóo, tras o peche das cubas.

Polo tanto, empezamos a mentir. Nós o único que estamos a pór e ofrecer é o pouco traballo que poidamos facer, ou o moito, pero, dende logo, o moito traballo que tamén poden facer os alcaldes e alcaldesas.

Polo tanto, esa moción hoxe demostrará se hai ese compromiso ou se só aquel día o que quixeron foi non saír mal nunha nota nos xornais. Porque ¿vostedes cren realmente que a ubicación idónea non é A Mariña?, se é precisamente nesa zona na que se dan eses tres requisitos que dicía o señor Feijóo.

Polo tanto, moito falan de que dende a Xunta de Galicia e dende o Grupo Parlamentario Popular traballan a prol da Mariña. Pois non lle volvan dar a espalda á Mariña e traballen para que Altri se instale na nosa comarca. Eu creo que poden facer moito, dende a Xunta de Galicia, están aí tamén nesa sociedade e, polo tanto, teñen capacidade de xestión, poden facer algo máis que botar balóns fóra e botar a culpa ao resto.

Polo tanto, a Xunta debe de pórse xa a traballar, debe deixarse de medias tintas, ten que traballar en conxunto tamén cos alcaldes e alcaldesas da Mariña e, dende logo, pois buscar o mellor terreo, a mellor ubicación para esta nova planta dentro da nosa comarca.

Os alcaldes e alcaldesas teñen demostrado a súa disposición, queren axudar. Eu non sei por que a Xunta de Galicia non acepta ese ofrecemento. A cogobernanza que tanto din practicar dende a Xunta de Galicia é iso, é lealdade institucional, e iso é tamén falar co resto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...das administracións —e remato, presidente— e traballar todas e todos xuntos por un territorio que todas e todos sabemos que o está a pasar mal. Deixen de mirar para outro lado e, dende logo, hoxe teñen a oportunidade de demostrar con feitos que están a prol de traballar por que A Mariña teña un futuro.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde xa a todos e a todas.



De novo volvemos falar de Altri unhas semanas despois, e de novo seguimos tamén sen saber nada sobre o seu futuro. E isto refírese e débese principalmente a dúas cousiñas, que están ademais moi relacionadas entre si. A primeira é que a política industrial do Partido Popular é algo así como os Reis Magos ou como Papá Noel, ou, mellor, como o Apalpador —xa que estamos en Galiza—, porque escoitas moito de cando en vez falar dela pero nunca a ves, pero o caso é que aquí tampouco son os pais, porque non existe. E isto sabémolo bastante ben na Mariña, porque o feito de que a Xunta non teña unha política industrial conlevou a perda de centos e centos de postos de traballo. E así faise necesario recordar que este é o Goberno que non puido salvar nin unha soa empresa das que estaban en perigo na comarca da Mariña, pero non só na comarca da Mariña, senón en calquera outra comarca do país.

E por iso hoxe o Partido Socialista no seu primeiro punto pídelle algo ao PP que non pode levar a cabo, ou polo menos que non está disposto a facer, porque leva case trece anos sen facelo. E é que o PSOE insta a Xunta a que exerza as súas competencias en industria e loite por implantar Altri na Mariña. E eu pregúntome: ¿como van exercer as súas competencias en industria? Porque, e se sae mal, ¿que van facer? ¿A quen lle van botar a culpa? Teñen que ter coidado tamén co que lle piden á Xunta de Galiza, porque levan xa trece anos facéndoo, claro, e temos que ter en conta que é o Goberno que tarda máis tempo e gasta máis tempo en buscar culpables das cousas que en solucionarlas. Entón, pedirlle isto ao Goberno de Feijóo, que teña unha política industrial clara e decidida, pois é moito pedirlle.

E —segundo aspecto a ter en conta— vólvese ver a evidencia —tamén o dixo a compañeira do Partido Socialista— de que as empresas mandan máis que a Xunta de Galiza. Levamos anos e anos véndoo e a día de hoxe segue a estar ben claro, e ademais non porque o diga eu e o diga o Bloque Nacionalista Galego; dío o propio conselleiro de Industria e dío o propio presidente deste país. Foron varias as frases, todas no mesmo sentido e todas unhas derivadas das outras, que dicían algo como que a empresa decidirá en que localización instala Altri; a empresa decidirao, ela ten a total decisión. Entón, pois un pregúntase, ademais de que que vimos facer aquí coas súas votacións, porque aquí votamos moitas cousas e logo a empresa decide totalmente, por que o señor Feijóo anunciaba a bombo e prato ao inicio desta lexislatura que ía instalar a empresa Altri na provincia de Lugo, como hai quince días votábamos que fose concretamente na Mariña, porque ao final a empresa decidirao, e entón isto é como un pouco unha casa de papel —non a serie—.

Pero ¿que pasa? —e esta é a pregunta—, ¿que pasa cando as empresas fan o que lles dá a gana?, preguntaranse vostedes, señores e señoras deputadas do Parlamento de Galiza. Pois na nosa comarca, na Mariña, sabémolo ben. Cando as empresas fan o que lles dá a gana, pois pasa que en pleno *boom* eólico no noso país unha empresa que fabrica aeroxeradores se vai ao tacho e cen persoas van á rúa, como foi o caso de Vestas. E cando unha empresa fai o que lle dá absolutamente a gana, pois unha factoría que xera máis de mil postos de traballo e que supón un terzo do PIB da provincia de Lugo pois está pendendo dun fío e todo porque a uns señores de Estados Unidos vénlles mellor.

Pois un goberno, ademais, que non está disposto a facer que as empresas manden todo o que queiran e non foi capaz de salvar ningunha destas empresas que estaban en perigo no noso país, ten que buscar saídas. ¿E que é o que fai cando non ten nada que ofrecer? Pois



xogar un pouco coa necesidade dunha sociedade que está falta de traballo e que necesita agarrarse a un cravo ardendo. E xoga coa necesidade ademais que el mesmo xerou, tamén —hai que dicilo— coa complicidade do Goberno estatal; todos recordamos o que fixo en Alcoa. Pero xoga con esa necesidade e as últimas semanas na Mariña deixárono ademais clarísimo, porque aparecen de repente, semana si e semana tamén, proxectos que van salvalo todo, solucións milagreiras que chegan ademais de repente e que parecen caramelos que chegan do ceo, pero sempre están no aire e nunca tocan a terra.

E estes proxectos, ademais, ao igual que a política industrial do Partido Popular, teñen sempre dúas cousas en común: a primeira —como dixen— é que son sempre —digamos— abstractos, están no aire, sempre fume e sempre son promesas e nunca os chegamos a ver. E isto é algo que farta moito á xente, e así se viu na comarca da Mariña e así o viron na folga xeral de novembro, porque son décadas e décadas vendo como non se cumpren as promesas.

E a segunda é que, curiosamente —porque aquí sempre todo é unha casualidade—, sempre hai unha ou unha hipotética empresa beneficiada que pertence ao que podíamos denominar —xa se dixo ademais hoxe aquí pola mañá— a *familia* do PP. Desculpen, non o fixen con acento italoamericano, pero non falou ademais da familia directa, como o caso da súa compañeira madrileña polo de agora, pero si da familia da que se escolle. Soa moi bonita esta frase, a familia que se escolle, os amigos e amigas que sempre aparecen cerquiña do seu partido, eses que van vincular aínda non se sabe como e por obra de maxia os eólicos a Alcoa, os que van deixar sen peixe os nosos mariñeiros cos seus muíños, os que teñen o oligopolio das residencias, os que —como ben se viu hoxe— monopolizan o transporte. E, por suposto, os mellores de todos —que seguro que vostedes saben moi ben—, a Deputación de Ourense, (*Aplausos.*) porque eu cando vía estes días a serie de Netflix, algo peor que *House of Cards* ou *Baron Noir* —para os que lles gusten—, cando vía estes días desde o xoves a serie de Netflix, teño que recoñecer que dificulta traballar porque está bastante interesante, a pesar de que é ben triste, pois dicía: ¡canto ten que aprender a señora Ayuso! Non sei se coñecerá unha familia chamada familia Baltar, en Ourense, porque ¡canto ten que aprender para facer eses *tejemanejes*, e con máis elegancia, se cabe!

E isto, como dicía, pode chegar a dar a risa, pero realmente o conto é triste, porque é moi triste, porque a cada semana acábase demostrando que vostedes conciben as institucións —esas ás que tanto veneran— como o medio para contentar a súa *familia*, os seus amigos e amigas. E así seguimos co tema de Altri, agardando a que os seus amigos decidan onde queren localizar a factoría, e, ademais, xogando todo a unha carta, xogando A Mariña a unha carta, sen previsión, sen estruturas, sen ningún tipo de plan, e facendo que todo un país estea entregado ao que decidan uns poucos; e recórdoo sempre: uns poucos que non se presentaron a ningunhas eleccións pero que mandan máis ca este goberno, desgraciadamente.

En canto aos demais puntos da iniciativa, temos que dicir que calquera cousa que mellore a comunicación, o traballo colectivo e sobre todo compartir a información —que este proceso está bastante ávido e bastante cheo de escurantismo— pois parécenos moi ben. Pero, en resumo, do que temos que falar aquí é de que A Mariña precisa traballo, pero precisa dun traballo, dun plan estrutural, dun plan de industrialización, que o Goberno deste país presente algo tanxible, algo que non sexa a flor dun día.



E cando necesitamos isto, a vostedes dálles ata medo de falar directamente da Mariña. Xa lle puxeron a coletilla o outro día de que tiña que ser se as condicións técnicas o avalen —a variña ben grande—; ía ser mala sorte que non houbese ningún lugar onde puidese ser. E eu, claro, teño que facer así unha pequena análise, e eu penso: pode ser normal, porque quizais restrinxilo todo á Mariña se logo finalmente a empresa di que *nanai*, pois pode provocarlles problemas, e como se sabe ben que eles son os que mandan, pois non se queren arriscar. A ver hoxe e a ver o que segue ocorrendo.

Finalmente, agardamos que cambien de rumbo. Agardemos que esa empresa se asente na Mariña e xere todos eses postos de traballo, miles e miles de postos de traballo que vai xerar; nós seríamos —repito— os primeiros en aledarnos. Pero, sobre todo —e o máis importante, porque esta é unha cuestión así xeral—, é que este goberno ten que deixar de ser esa Fotocasa das empresas amigas, de amigos e de amigas, e comezar a ter unha política industrial. Porque mentres se dedican a acabar os uns cos outros aí en Génova, 13, na Mariña hai xente que segue na rúa pola súa inexistente política industrial, absolutamente.

E, ao final, de reflexión —e penso que ten que servir hoxe, tampouco quero facer moito mal, que bastante mal o deben de estar pasando estes días, (*Risos.*) (*Aplausos.*) así rapidiño, imos ser bos, creo que chegou este razoamento a todos e a todas—, se lles fan iso aos seus compañeiros de partido, ¿que non lle farán ao resto? (*Risos.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Imos tratar de analizar co rigor e, dende logo, co respecto que merece a temática desta iniciativa, eu non sei se *acaecida*, como dicía a señora Otero. Probablemente esta cuestión non é que sexa acaída, porque realmente foi obxecto de debate no pleno anterior, un pleno no que teño que recoñecer que ademais veciños e veciñas da Mariña valoraron moi positivamente e teño que recoñecer que ata nos felicitaron; incluso algún xornalista poñía nos medios de comunicación a fin de semana que era un acordo importante, que tildaba case de milagre, porque uns apoiaban as industrias. Ben ve como, de maneira constante, señora Otero, os seus socios están sempre criminalizando, hoxe incluso dicían con acentos... que, ben, ata me gustaría que o retirara da orde do día, porque xa lle dixen que o meu partido sempre defendeu a creación de emprego e que defendeu os autónomos, que defendeu as pequenas empresas e as grandes empresas, (*Aplausos.*) e seguirao defendendo mal que lles pese.



Ben, uns por iso, porque estamos moi acostumados a que se criminalice o tecido produtivo do noso país, e tamén pola altura de miras, que eu creo que os dous partidos que representamos a señora Otero e mais eu pois chegamos a un acordo, un acordo de gran transcendencia, que, se me permiten, vou volver ler:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles de España por ser unha grande aposta tanto dende o punto de vista económico e laboral como dende o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira en Galicia, así como que se propicie a súa localización preferentemente na comarca da Mariña, e, se criterios técnicos non garanten a viabilidade desta localización, en todo caso, na provincia de Lugo, a través da súa representación na sociedade Impulsa.» Punto 2 —tamén moi importante—: «Reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible».

Un acordo creo que con altura de miras, con actitude positiva, que reflectía, alto e claro, o compromiso coa comarca da Mariña e coa provincia de Lugo. Compromiso que dixemos, alto e claro —eu no uso da palabra—, na iniciativa do pleno anterior, que reafirmou o conselleiro e vicepresidente neste mesmo parlamento o día seguinte e que hoxe mesmo volvemos escenificar de maneira clara, contundente e concisa. *(Aplausos.)* E non nos van mover de aí.

Ben, dito iso, o Grupo Socialista rexistrou dúas iniciativas: unha, o día 11 ás 16.30, e, despois, o mesmo día 11, ás 16.50. Lémolas catro ou cinco veces, son exactamente idénticas, non sei a que se refería. Ben, pode ser que non lle gustara como a defendeu a señora Otero. Pode ser tamén que algúns alcaldes que non puideron vir o outro día ao debate —quero pensar que por problemas de axenda, porque resulta chamativo que casualmente nin o seu propio alcalde a acompañou na iniciativa— quixeran vir sacar a foto, para ter así dúas fotos e así completar o panorama da Mariña. Pode ser que ao mellor na anterior sesión plenaria, na que ademais intentei non picar nas provocacións, porque parecíame que o asunto era suficientemente importante, que ata —pois ¿por que non?— algúns investidores poden estar escoitando, e á fin e ao cabo somos o reflexo da vontade popular, o que aquí se acorda vén referendado, por suposto, polo apoio que temos dos veciños e veciñas, e creo que hai determinados debates políticos en que, cando conseguimos un acordo con esa altura de miras, non debemos caer.

Pero tampouco lle vou ocultar, e aí ao mellor esa obsesión de quitar da súa iniciativa, señora Otero, a provincia de Lugo, que detrás pode haber algún movemento de dirixentes socialistas que por algunha razón, que seguro que vostede ten máis información ca min, lles interese levalo para outra provincia. E aquí insisto: esa información xa a tiña no pleno anterior, pero pareceume que non debía de sacalo a colación porque, evidentemente, a altura de miras que estabamos demostrando, esa mensaxe de certeza, de seguridade e de unanimidade, tan pouco común, que tanto vale agora á cidadanía e é tan necesaria cando enfronte temos proxectos desta envergadura, non debía despistarnos.

Pero visto que agora vostede lle dá a volta ao acordo, un pleno despois, porque pasaron dez días, podía ser tamén que vostede conquerira o apoio do Goberno do Estado dos fondos Next



Generation para ese proxecto. Sería a primeira hoxe en recoñecerlle, por suposto, ese traballo e tamén aplaudirlllo. Pero tamén é curioso: vostede iso non o cita; é máis, chega a dicir aquí que veña e despois veremos a ver se hai outro proxecto, como xa puxo na iniciativa anterior, como que ese á fin e ao cabo nin moito valor lle daba.

Entón, se non hai un acordo do Goberno do Estado, que no seu primeiro turno nin o mencionou; di que van traballar como traballaron ata agora; claro, as referencias que temos vostedes ben as saben; aínda que non comparto esa visión tan catastrófica da Mariña, que segue sendo unha —aquí vai a cuña publicitaria— das zonas da provincia dende logo máis bonita, máis rica e onde vive moita xente dignamente do seu traballo, porque calquera que vos escoite moitas veces parece que estamos vivindo debaixo dunha palmeira, pero ben, facendo esa matización, facendo esa matización, creo sinceramente que debería no seu último turno aclararnos tres ou catro cuestións.

Primeiro, ¿por que elimina vostede deste punto de acordo Lugo?

Segundo, ¿por que se desmarca do acordo unánime do pleno anterior? ¿Que é o que está intentando xustificar, señora Otero? ¿Acaso vostede tamén prefire que se vaia a outra provincia? ¿Ou é vostede a que traballa exclusivamente para un titular, dándolle as costas á Mariña?

Déixame profundamente preocupada, profundamente preocupada. O Partido Socialista coa Mariña e co emprego sinceramente non é de fiar. Díxenlle moitas veces que cando os traballadores de Alcoa entraron na Deputación Provincial de Lugo, entraron ao berro de «socialistas de pacotilla». E, se non o saben, teño a desgraza de recordarlles que as cubas de Alcoa están paradas. E están paradas porque Alcoa non foi capaz de ter un prezo competitivo da enerxía eléctrica para seguir fabricando aluminio. E por primeira vez, (Aplausos.) gobernando Pedro Sánchez, do Partido Socialista, que vostede representa, señora Otero, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, por conseguinte tamén moi cómplice desa decisión, foi precisamente quen non foi capaz, a pesar de prometerlo ata en cinco ocasións, de aprobar o estatuto electointensivo. E pretende vostede delegar esa xestión nos alcaldes da Mariña.

Máximo respecto, e dillo probablemente dos tres que interviñemos, son a única que podo falar con esa sensibilidade, porque grazas ao apoio dos veciños tiven esa honra. Pero tamén lle teño que recoñecer: tampouco aí nos poden dar leccións.

E vostede, que é de Burela, tampouco ao mellor estaría de máis que aquí puidera dar algunha aclaración dalgún outro proxecto que interesa moitísimo na Mariña, que pode xerar moitos postos de traballo, e que precisamente está un alcalde gobernando polo Partido Socialista e que neste momento está pendente dunha decisión dun goberno socialista. E imos lelo: a planta de cría de salmón de Burela periga polas obxeccións de Costas.

Isto non o di o Partido Popular, isto estallo dicindo *La Voz de Galicia*, e indubidablemente... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, eu creo que cando falamos de emprego deberíamos de rirnos un pouquiño menos. Eu xa sei que o Bloque Nacionalista Galego sempre utiliza para o seu debate contos; esta vez falounos de Papá Noel, da *Casa de papel*, de xogar



a non sei que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero mire, coas cousas de comer non se xoga, coas cousas de comer non se xoga.

Entón, dito iso, o Partido Popular e o grupo que eu represento, neste momento, nesta iniciativa, mantense no acordo que apoiou unanimemente este parlamento o pasado pleno. Sobre el convídoa a construír calquera alternativa, calquera mellora, calquera implementación. Iso si, teña polo menos a coherencia de traer un compromiso dos fondos Next Generation do Goberno de Pedro Sánchez. Pero o Grupo Parlamentario Popular di, alto e claro, que esta fábrica se ubique, que a súa localización preferente sexa na Mariña, e, se criterios técnicos non garanten a súa viabilidade nesta localización, en todo caso, na provincia de Lugo.

Isto dixémolo neste pleno na anterior sesión, dicímolo hoxe e seguiremolo dicindo todas as veces que vostede traia esta iniciativa aquí. Non nos preocupa un titular, parece que lle está preocupando máis a vostede, o que nos preocupa realmente é que esta fábrica teña os fondos suficientes para poder levarse a cabo, que indubidablemente A Mariña vai ser a beneficiada, porque vostede sábeo e mais eu, que é onde está o recurso, que hai moitos propietarios que teñen no seu monte —dixémolo moitas veces— o seu fondo de pensións e un importante patrimonio que nosoutros queremos coidar e que sabemos que este proxecto indubidablemente vaille permitir poñer en valor.

E un segundo, ou trece segundos, que é o que me queda. Mire, son momentos certamente complicados, seguramente, pero tampouco lles vou negar que en ningunha das súas forzas temos grandes referentes. Probablemente dende o *Manual de resistencia* do señor Pedro Sánchez ou a última organización do propio señor Formoso poñendo de presidenta probablemente unha socialista cunha sentenza da que —¿que quere que lle diga?— probablemente non se sinta tampouco moi orgulloso. Ou ¿que lle vou dicir? Vostedes, o BNG, podían aserlos moitísimo. ¿Que lle vou contar de Amio, verdade, que lle vou contar? Eu alí non estaba, pero o que se viu... (*Aplausos.*) Entón, como presidenta, que aí tamén case estou lexitimada para facer unha reflexión, os problemas de partido (*Murmurios.*) deixémoslos fóra desta cámara, porque temos moitos sitios onde resolvelos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E neste caso sobre todo que non reste tempo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...a aqueles debates que si realmente nos prestan atención aos cidadáns, que son os debates de crear emprego, de fixar poboación e de seguir traballando por Galicia, por Lugo e pola Mariña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



A verdade é que dicía a señora Candia: non falemos dos problemas dos partidos... Pero se son vostedes... ¿Eu dixen algo dos problemas dos partidos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. É que, señora Candia, nótoa a vostede tamén bastante nerviosa. Debe ser outra que está a quentar pola banda, a ver se vai saír ao campo de xogo. (*Aplausos.*) Parece mentira: vostede, que é da Mariña, na provincia de Lugo, que temos esa zona tan bonita, tan bonita, que teña tamén tanta présa en dar ese paso para irse xa a Madrid. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falaba vostede dun manual de resistencia. Claro, agora... (*Murmurios.*) ¿A cal lle iamos facer máis caso: ao do señor Sánchez ou ao do señor Casado? Porque de resistencia agora estes días creo que tamén sabe un pouco.

Mire, señora Candia, imos poñernos serias, como dicía vostede ao principio da súa intervención. Eu coincido con vostede en que, a verdade, naquel pleno adoptamos un acordo que foi ben valorado na comarca da Mariña; eu coincido con vostede, señora Candia. E aí eu dicía que foi unha iniciativa que saíu da bancada do Partido Popular, que transaccionamos cunha emenda do Partido Socialista, e que nese momento puxemos A Mariña no centro; dixemos que Altri ten que ir para A Mariña.

Pero claro, é que despois o Goberno galego contradixo o acordo que adoptamos o día anterior. Porque, señora Candia, revise a hemeroteca e revise a intervención do señor Conde. En ningún momento pronunciou o nome da comarca da Mariña. E, posteriormente, esa fin de semana nun xornal o señor Feijóo non foi quen de pronunciar tampouco o nome da Mariña. Só se referenciaba a provincia de Lugo. Polo tanto, os que lle deron a volta a aquel acordo parlamentario —e síntoo, terá que doerlle moito máis a vostede que a min— foi o seu Goberno. O señor Conde e o señor Feijóo non ratificaron o acordo parlamentario que adoptamos; ese acordo parlamentario que —é verdade— foi ben recibido na Mariña. Pero que despois quen ten as competencias para levalo adiante, que é o Goberno galego, nin mu. Da comarca da Mariña non dixo nada.

Mire, señora Candia, o que queda moi claro e alto, o que vai dicir hoxe o Grupo Parlamentario Popular, é que Altri para A Mariña, non. Non veña con demagogia e con dicir: é que si apostamos pola Mariña. Non. Vostedes hoxe, votando «non» a esta moción, din que non a Altri para A Mariña.

O que pedimos ademais a ese grupo de traballo é que se dean a coñecer. Porque miren, é que a verdade é que a experiencia nos leva tamén a desconfiar moito da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular. Nós tampouco coñecemos se realmente a Xunta de Galicia presentou ese proxecto ao Goberno do Estado para que se poida financiar cos fondos Next Generation; é que non o sabemos. Pedirémolo polas vías regulamentarias e a ver se nalgún momento son quen de facérnolo chegar, se é que existe.

Mire, señora Candia, despois vostede fai un *totum revolutum*. Volvemos con Alcoa. Claro, é que dicirnos que nós non conseguimos un prezo da enerxía estable... ¿Quen marcou ese marco regulatorio? ¿Quen o estableceu? ¿Que fixeron vostedes ata o ano 2018? ¿Conseguiron ese prezo da enerxía estable? Non. Polo tanto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Algún ministro xa dicía que no ano 2017... Están moi nerviosíños hoxe, eu a verdade é que non podo nin falar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Non, vergonza é o que se está a dar noutros sitios. *(Murmurios.)* A vergonza non é...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Estamos rematando xa, veña.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: É moi clariño. ¿Si ou non Altri na Mariña? ¿Vai ser esa a aposta da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular ou agora xa estamos a botar balóns fóra e agora xa ben, claro, aquilo que apoiamos? Claro, é que o señor Conde dicía: váiase moi tranquila, señora Otero, que é un acordo parlamentario e a Xunta de Galicia vaino cumprir. Pero, señora Otero, ¿como pode dubidar do Goberno galego de que non cumpre un acordo parlamentario? Pero agora, co voto do Grupo Parlamentario Popular a esta moción, a verdade é que xa vemos por onde van os tiros.

Non, mire, eu o que lle digo é que aínda teñen tempo para valorar ese cambio de voto; ademais, se non chega o número de deputados e deputadas, sempre podemos esperar dez minutíños máis para facer esa votación. E entón, polo tanto, eu o que lle digo é que a Xunta... *(Murmurios.)* Xa se deu a situación nesta cámara, non estou a dicir ningunha mentira.

Polo tanto, a Xunta non pode nin debe de abdicar da súa responsabilidade de promover a elección da Mariña. Por iso preguntolle, e, señora Candia, preguntelle ao seu Goberno que fixo para que Altri se instale na Mariña. Porque, a verdade, o que nos queda claro a este Grupo Parlamentario Socialista, tras escoitar o señor Conde e o señor Feijóo, é que a Xunta non fixo nin fai nin fará nada para promover a instalación de Altri na nosa comarca.

Polo tanto, e como dicía o señor Castro, é verdade que a comarca da Mariña é moi ampla. Haberá moitos sitios onde se dean eses tres requisitos de auga, electricidade e, sobre todo, eucalipto. Polo tanto, agora xa vir coas escusas de se as condicións técnicas son as que son e se os fondos Next Generation van chegar, é moi clariño. ¿Van apoiar que Altri veña para A Mariña, si, ou non van apoiar?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, téñeno moi clariño.

E, por outra parte, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado xa o debate sobre as mocións, comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas, sobre a política eólica da Xunta de Galicia.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

(O señor Martín Seco pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdón. ¿Si, señor Martín Seco? *(O señor Martín Seco pronuncia palabras que non se perciben.)*
¿Acepta a votación por puntos?

O señor MARTÍN SECO: A votación do punto 4 por separado.

O señor PRESIDENTE: Imos volver atrás. ¿Que puntos quere separar?

O señor MARTÍN SECO: Só o punto 4.

O señor PRESIDENTE: Votamos en primeiro lugar o punto número 4.

Votamos.

Votación do punto 4 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás do punto 4, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política eólica da Xunta de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate.

Votamos.

(O señor Fernández Alfonzo pide a palabra.)

Perdón. Si, señor Fernández Alfonzo, ¿para que quere a palabra?

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Solicitamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Solicita a votación por puntos. ¿Que puntos quere separar?

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Os dous primeiros separadamente.

O señor PRESIDENTE: Perdón.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Os dous primeiros.

O señor PRESIDENTE: Os dous primeiros separadamente.

(O señor Balseiro Orol pide a palabra.)

Señor Balseiro, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Pedimos a votación por puntos. Queremos separar o punto número 2.

O señor PRESIDENTE: Queren separar o punto número 2.

¿Acepta vostede esta separación? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Acepta as dúas.

Entón, hai un punto en común. Imos empezar, se lles parece, votando o punto número 2, porque pediron a separación.

Votamos.

Votación do punto 2 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, agás dos puntos xa votados, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Patricia Otero.

Votamos.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión.

Alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión, co debate acumulado das proposicións non de lei, en concreto a número 1 e a número 6, que se corresponden coas seguintes:

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e quince deputados/as máis, sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas. En concreto, á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista hai unha autoemenda e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-001230, doc. núm. 12465).

Emenda de modificación:

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Dirixirse ao Goberno de España para que nun prazo de tres meses promova medidas necesarias para evitar a exclusión financeira e favorecer a inclusión financeira das persoas máis vulnerables e especialmente das persoas de maior idade, nos termos acordados na proposta de modificación, aprobada no Senado, da Lei de protección dos consumidores e usuarios fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica.*
- 2. Elaborar nun prazo de tres meses un informe da situación de accesibilidade e risco de exclusión financeira da cidadanía galega, detectando a vulnerabilidade e dificultades da poboación galega en función da fenda dixital, das limitacións territoriais e da poboación con máis dificultades para acceder aos servizos financeiros.*
- 3. Iniciar un plan estratéxico galego fronte a exclusión financeira na Galicia postcovid, que poda incorporar acordos, medidas e convenios coas entidades bancarias que operan en Galicia coa finalidade de:*



a) Garantir a atención personalizada nos servizos financeiros bancarios aos consumidores e usuarios vulnerables que o demanden, e abordando unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas á inclusión financeira.

b) Acercar os servizos financeiros a todas as persoas, especialmente no medio rural, facéndoos máis accesibles tendo especialmente en conta as necesidades das persoas con discapacidade e das persoas maiores que non usen a banca dixital.

c) Diseñar un plan de acción coa finalidade de que nesta lexislatura non existan concellos en Galicia que retrocedan irreversiblemente no seu nivel de inclusión financeira, buscando restituír servizos bancarios en todos os municipios nos que se pechou a única oficina bancaria existente.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 12465 (11/PNP-001230).

Emenda de substitución:

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a actuar con determinación na protección das persoas consumidoras diante do aumento da exclusión financeira e as dificultades de acceso a servizos bancarios presenciais, así como do incremento de abusos bancarios, impulsando as seguintes medidas:

1. Rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos e supoñer unha derivación de recursos públicos a entidades financeiras xa rescatadas cos recursos da cidadanía.

2. Impulsar, ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, un estudo, dando continuidade ao “Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia” elaborado pola Comisión Galega da Competencia (publicado no 2018) e ampliando o seu enfoque para avaliar as características e graos de exclusión financeira da poboación galega, e singularmente a vulnerabilidade das persoas máis maiores.

3. Demandar do Goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras, limitar a imposición de contías mínimas nas cantidades a retirar por caixa así como as comisións de servizo e establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico e cunhas operacións mínimas exentas.

3. Demandar do Goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras, limitar a imposición de contías mínimas nas cantidades a retirar por caixa así como as comisións de servizo e establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico e cunhas operacións mínimas exentas.



4. Dirixirse ás entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir a rectificacións das medidas aplicadas, seguindo a liña de rectificación que están a facer respecto dos horarios de caixa pola presión social.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 30022 (11/PNP-002587).

Emenda de substitución:

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a actuar con determinación na protección das persoas consumidoras diante do aumento da exclusión financeira e as dificultades de acceso a servizos bancais presenciais, así como do incremento de abusos bancarios, impulsando as seguintes medidas:

1. Rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos e supoñer unha derivación de recursos públicos a entidades financeiras xa rescatadas cos recursos da cidadanía.

2. Impulsar, ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, un estudo, dando continuidade ao “Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia” elaborado pola Comisión Galega da Competencia (publicado no 2018) e ampliando o seu enfoque para avaliar características e graos de exclusión financeira da poboación galega, e singularmente a vulnerabilidade das persoas máis maiores. características e graos de exclusión financeira da poboación galega, e singularmente a vulnerabilidade das persoas máis maiores.

3. Demandar do Goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras, limitar a imposición de contías mínimas nas cantidades a retirar por caixa así como as comisións de servizo e establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico e cunhas operacións mínimas exentas.

4. Dirixirse ás entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir a rectificacións das medidas aplicadas, seguindo a liña de rectificación que están a facer respecto dos horarios de caixa pola presión social.»)

O señor PRESIDENTE: Comezamos co debate, e para iso ten en primeiro lugar a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.



Señoras e señores deputados, ao longo destas últimas semanas emerxeu un debate e unha preocupación, plasmada na recollida de centos de miles de firmas ao longo de todo o Estado, para defender a inclusión financeira. Estamos falando dun dereito fundamental para ter unha cidadanía de primeira nunha democracia e nun país de primeira. Porque os sistemas financeiros canalizan o aforro cara ao investimento, e sen ter dereito á inclusión financeira para cada un dos cidadáns do noso país, sen ter accesibilidade á banca do noso país, aos recursos e servizos financeiros alí onde se estea, estaríamos mermando os dereitos da xente para poder ter unha vida digna.

É por iso que o Grupo Parlamentario socialista trae a esta cámara unha proposición non de lei para instar as administracións centrais do Estado, o Goberno de España e o conxunto das cámaras parlamentarias para que, de acordo co que se ten aprobado no Senado, se desenvolvan ao longo dos próximos tres meses un conxunto de medidas que aposten pola inclusión financeira e pola accesibilidade.

E creo que é o momento, tamén, de poñer toda a capacidade do Goberno da Xunta de Galicia para respaldar esa liña de acción. Eu quedei abraiado na comisión parlamentaria do outro día, e quedei abraiado porque o Grupo Parlamentario Popular votou «non» a facer deberes para defender a inclusión financeira en Galicia. E vostedes traen hoxe aquí unha proposición non de lei na que instan o Goberno de España e a Administración xeral do Estado a que poñan os mecanismos necesarios para favorecer a inclusión financeira. É o que se está facendo. ¿Ou é que vostedes non viron onte e hoxe as novas que están existindo? Non sei se suficientes —imos darlle tempo para velo e estaremos exixindo todas as medidas necesarias—, pero é un paso importante, un paso que permite que xa os horarios de caixa aos que van os maiores se teñan ampliado en Galicia de forma inminente. Pero, ademais de reclamar ao Goberno do Estado, a Xunta de Galicia ten que facer os seus deberes.

E por iso querémoslle pedir ao conxunto da Cámara parlamentaria que respalde unha proposición non de lei que está pensando nos dereitos dos galegos e das galegas do día a día para que non exista exclusión financeira, para que ante ese avance que se dá a través da dixitalización, que permite vantaxes fundamentais de competitividade, de conectividade, de accesibilidade aos recursos financeiros, pero que tamén ten riscos, consigamos paliar eses riscos. E témolo que facer para que ninguén por motivo da súa idade, por motivo de onde viva en Galicia —cando hai parte do territorio con dificultades de conexión ás redes e á banda ancha— ou especialmente por motivos de discapacidade, poida ver mermados os seus dereitos a poder acceder ao sistema financeiro.

É por iso que pedimos o voto unánime da Cámara para unha proposición non de lei que o que plantexa é instar e dirixirse ao Goberno de España para que poña todas as iniciativas necesarias no prazo de tres meses, como se ten acordado, e que se fagan efectivas no prazo de seis meses que onte acordaron coas principais institucións financeiras do país, coa asociación da banca —a CECA— e coas cooperativas. Pero, ademais, a Xunta ten que facer algo. O que non pode é vir o Partido Popular co cinismo de pedirlle ao Goberno de España que traballe como está facendo e que aquí non haxa nin un só compromiso nin unha soa medida, ningún avance para respaldar a inclusión financeira dos galegos e das galegas (*Aplausos.*)



E por aí vai mal o Partido Popular, por aí vai mal o Goberno de Galicia, se lle está dicindo á xente que vive no rural, aos nosos maiores —cando hai un informe do Banco de España que di que dous de cada tres maiores non teñen o hábito de estar traballando dixitalmente para poder acceder coa banca—, dicíndolles ás persoas con maior vulnerabilidade que quedan exentas dos seus dereitos financeiros.

Pídlles que muden esa posición —e fágoo coa man tendida dun país que necesita ter un sistema financeiro accesible—, pedímoslles que o concreten en cuestións importantes, pedímoslles que fagan vostedes un diagnóstico real de como está neste momento a dixitalización e a accesibilidade en cada un dos concellos de Galicia, para ver como se pode acceder. Que o fagan tamén tendo en conta as condicións de idade, de conexión coa vía dixital e, especialmente, a discapacidade, para tamén saber exactamente que é o que está acontecendo na cidadanía galega.

E para iso hai que tomar esas medidas, apostar por esa inclusión financeira, tomar todas as medidas e garantir unha carta de servizos financeiros que comprometa ao Goberno da Xunta a darlles dereitos aos galegos e galegas no sistema financeiro ao longo de toda esta lexislatura.

Porque esta proposición non de lei que aquí plantexamos ten un punto que ten importancia, que ten a importancia de garantir que non se perdan dereitos á inclusión financeira nesta lexislatura. Témoslle que pedir ao Goberno do Partido Popular de Galicia que aprobe esta proposición non de lei para garantir que ao longo desta lexislatura non haxa ningún concello en Galicia que vexa reducidos os seus dereitos a ter inclusión financeira e conectividade; que traballen para que alí onde se pecharon oficinas ao longo deste tempo se poidan abrir de novo no que queda de lexislatura.

Non lles podemos aprobar que a única medida que vostedes plantexan é dar tres millóns de euros ás institucións financeiras para abrir caixeiros, cando teñen feito máis por si soas esas institucións financeiras, as cales ao longo das últimas semanas e a raíz do que está facendo o Goberno do Estado, comprometéronse, unha: a abrir o horario de caixa durante toda a xornada de mañá —un paso, non o transcendental pero importante—; e —o que é máis importante— a non volver pechar unha oficina bancaria nun concello onde soamente exista unha oficina. Iso que fan as institucións financeiras fano á marxe do Goberno da Xunta, que está ausente, que nin está nin se lle espera.

Un Goberno da Xunta que apostou por converter as antigas caixas nunha entidade bancaria, o cal supuxo 8.000 millóns de euros públicos para esa vía, que incluso a Audiencia Nacional nun auto xa estableceu que Caixanova nunca tería sido intervida e que foi decisión da Xunta o que ocorreu. É por iso que o presidente da Xunta —que non está agora aquí no hemiciclo, porque terá evidentemente outras tarefas que atender—, antes de tomar calquera decisión, ten que comprometerse cos galegos e coas galegas e ten que desprezar todas esas medidas para conseguir que sigamos e poidamos manter unha conexión financeira, que é importante.

Hai arredor de cincuenta concellos en Galicia que hoxe non teñen ningunha oficina bancaria. Nos últimos anos, dende 2008, pecharon en Galicia mil oficinas bancarias; no que vai de lexislatura, case duascientas oficinas bancarias e en concellos como, por exemplo, A Baña que—



daron sen ningunha. E iso é o que está acontecendo cun goberno do Partido Popular que ten a desfachatez de traer unha proposición non de lei a esta cámara para dicir que eles non van facer nada nin teñen ningún compromiso cos galegos e coas galegas porque simplemente son unha axencia de mandar PNL a Madrid a ver se se resolve algo alí, cando aquí vostedes non fan nada (*Aplausos.*) E por aí mal imos.

E eu xa sei que o Partido Popular ten historicamente unha grande alianza coa banca, coa banca privada tamén, pero eu pídolles que gobernen para os galegos e para as galegas. Pídolles que voten a favor dunha proposición non de lei que é razoable, que está redactada e tratada con suficiente calado para non ferir, pero si para construír. E pídollo a toda a Cámara parlamentaria ao tempo que estamos dispostos a incorporar tamén o que o BNG plantexa como unha emenda de substitución, como unha engádegas a todo o texto, porque incorpora novas cuestións —non incorpora outras que nós plantexamos— que son coherentes e razoables.

Creo que é o momento de traballar, e eu sei que hoxe o Partido Popular non está pensando nisto, pero pídolle que pense nos galegos e nas galegas. Eu entendo que o Grupo Parlamentario do Partido Popular xa non está pensando no PP —como está falando toda España—, está pensando en de se aquí ao verán haberá un novo presidente á fronte da Xunta de Galicia.

Pero fagan ou non a transición, eu pídolles que gobernen Galicia, porque é a súa responsabilidade, que non deixen pasar máis días sen tomar medidas de inclusión financeira para tantos galegos e galegas que se senten excluídos, que gobernen para os galegos e que pensen naqueles que teñen máis dificultades.

Esta proposición non de lei é unha proposición para defender a Galicia rural, é para defender a igualdade de dereitos dos galegos e galegas a ter inclusión financeira, para poder ter oficinas bancarias abertas de forma presencial. Tamén para tomar as medidas que sexan posibles no marco legal para apertar un pouquiño a banca, que ten moitos beneficios e que teñen que ter máis cumprimento co país. E tamén, ademais, é unha proposición non de lei pensando en tantos galegos e galegas con algún tipo de discapacidade, para os que os seus dereitos á inclusión financeira sempre son máis complexos.

Pido un respaldo a unha proposición non de lei que, máis alá de calquera clave partidista, é unha proposición en clave de país. E que se o Partido Popular, como argumentou na propia comisión, dicindo que nós estabamos virando, que había que... Nós non viramos nada, pero se nós virásemos, o que vostedes terían que facer é xa ter votado a favor, e o problema é que no seu discurso quedan baleiros de compromiso e de credibilidade porque non houbo ningunha viraxe. E o peor é que quedan espídos ante os galegos e as galegas, porque no momento en que todas as administracións saben que hai que traballar pola inclusión financeira dos maiores e das persoas con máis dificultades...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...o PP nin está nin se lle espera.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señor Caballero, menos prepotencia e un pouquiño máis de humildade, porque probablemente o que máis fala é o que máis ten que calar. *(Aplausos.)* Eu ultimamente creo que debería calar un pouquiño máis.

Estamos ante unha proposición non de lei ante a que cabe escoitar un pouquiño máis, ter humildade, e dende logo que é perceptible o forte impacto que tivo e ten a reestruturación bancaria sobre o territorio galego, sobre o territorio nacional e tamén sobre o territorio europeo.

Estamos ante unha situación como é o peche das entidades bancarias, cunha pésima atención ao cliente e cuns horarios moi reducidos, que abrangue sucursais ubicadas tanto no ámbito rural como no ámbito urbano, e que xera unha fonda preocupación e inquedanza nos galegos e nas galegas. E, como non, esa preocupación compartímola dende o Partido Popular de Galicia, dende hai tempo, señor Caballero.

Falaba vostede de semanas. Ese é un descontento social ante un problema como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, que afecta xa máis da metade dos municipios españois.

En definitiva, señorías, só chega con dar un pequeno paseo por calquera pobo ou cidade do territorio español para observar que estamos ante un problema de grande envergadura. A crise económica e financeira do ano 2008 foi o punto de partida dun forte proceso de reestruturación do sector financeiro. O propio Banco Central Europeo publicaba en outono do ano 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario se cobrou, dende o inicio da crise do ano 2008, a desaparición dun 25 % dos bancos europeos. En definitiva, a crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario, non só en España, senón tamén en toda a Unión Europea.

E por pór datos, señor Caballero, enriba da mesa e por suposto ver o alcance ao que lle ten que pór solución o Goberno estatal, dígolle que, segundo datos do Banco de España correspondentes ao pasado setembro, no último ano o sector bancario pechou case un 11 % das súas oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56 % menos que as 46.118 do ano 2008. Se comparamos datos dos últimos seis anos, a 30 de setembro do 2015, vemos que en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte ás 1.096 que se contabilizan no 2021. Se trasladamos o problema ao nivel estatal, estes datos aínda son moitísimo máis preocupantes, cunha perda das oficinas do 56 %, e incluso comunidades como a catalá alcanzan o 64 %. En definitiva, señorías, son datos alarmantes e que poñen de manifesto que é necesaria unha actuación por parte das administracións públicas no seu conxunto.



Estamos ante un problema de ámbito nacional, que parece ser que o señor Caballero non quere recoñecer, pero xa recuou —xa lles direi por que—, e cremos que é necesaria unha solución ao mesmo nivel, ao nivel estatal, que dende o Grupo Popular, señor Caballero, levamos reclamando en numerosas ocasións, con reclamacións que se trasladaron ao órgano competente a nivel nacional, pero tamén dende esta Cámara parlamentaria, pese a contar só cos votos favorables do Grupo Parlamentario Popular e a abstención de nacionalistas e socialistas galegos.

Abraiados quedamos, señor Caballero. Si que quedamos bastante abraiados ante a súa abstención. Unha abstención que reflicte claramente que para os grupos da oposición representativos nesta Cámara parlamentaria non debe ser un tema especialmente importante, ou un tema especialmente necesario e crucial, o feito de que os máis vulnerables teñan un acceso de calidade aos servizos financeiros.

Mire, señor Caballero, queremos darlle a benvida, porque vostede presentou unha iniciativa e autoemendouna, e non ten nada que ver a inicial coa autoemendada. Por iso, dende o Grupo Parlamentario Popular dámoslle a benvida, agradecemos este xiro de 180 graos e que recoñeza a demanda ao Goberno de España a implantar as medidas necesarias para evitar a exclusión financeira, tal como levamos reclamando dende este grupo parlamentario dende numerosas ocasións.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros e débese prestar especial atención ao ámbito rural e á poboación envellecida. De feito, señor Caballero —igual vostede non o sabe, pero eu explícollo—, mire, xa existen fórmulas útiles. En canto á súa autoemenda —que fai ao segundo e terceiro punto—, xa existen fórmulas nese ámbito, como a iniciativa —que a vostedes non lles debe gustar, pero é que aínda non sabemos moi ben a súa posición— de acordo entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, onde están representados todos os concellos, que dende o segundo semestre do 2019, ante a inacción do seu goberno —porque nada se fixo ata o día de hoxe, coa gran presión que teñen—, lles permitirá a moitas localidades que carecían de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio.

Señor Caballero, vostede confórmase cun simple caixeiro automático, pero dende o Grupo Parlamentario Popular imos máis alá e queremos que os veciños poidan contar cos servizos de asistencia financeira e de formación. A través dos organismos autónomos de consumo, dentro das súas competencias, xa se traballa na defensa dos usuarios de banca mediante a organización de campañas informativas e a prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Durante estes meses, o Goberno galego, dentro das súas competencias, levou a cabo numerosas medidas para evitar a exclusión financeira, pero é necesaria a implicación do Goberno estatal. A semana pasada, na Cámara alta, saía aprobada por unanimidade unha iniciativa a instancias do Grupo Popular que instaba o Goberno de España a establecer as modificacións lexislativas necesarias e a garantir a atención personalizada dos servizos financeiros bancarios. É que é competente o Banco de España, señor Caballero, que eu creo que vostede o



discute —non sei se ao mellor ten algunha dúbida—. Eu coméntolle que, mire, no día de onte coñeciamos a firma do protocolo entre a Vicepresidencia primeira do Goberno, o gobernador do Banco de España e as patronais bancarias; e, dende logo, este grupo parlamentario, como partido de goberno que é, valorámolo positivamente. Porque, señor Caballero, recuar é de sabios. E benvido —xa llo dixen—, benvidos.

E tal como iniciaba a miña intervención, consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que sexan eficaces e non caian nun saco roto as medidas anunciadas recentemente.

Señorías, a proposición non de lei que presenta este grupo parlamentario trae dous obxectivos claros: legislar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros; e o segundo —e non menos importante, señor Caballero—, o servizo de calidade con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Cremos, señoría —e agardamos—, nesa rectificación que fixo vostede na súa autoemenda. Contamos co apoio do Bloque Nacionalista Galego —cremos— para a aprobación por unanimidade desta proposición non de lei, co fin de garantir a igualdade de oportunidades e o benestar das persoas.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo non propoñente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

(O señor presidente diríxese á señora Presas Bergantiños e esta pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mellor empregar os quince minutos, señor presidente, que, se non, despois temos que escoitar que é repentino o interese pola exclusión financeira dos grupos da oposición, pese a que levemos anos denunciándoo. Entón, imos aproveitar.

Ben, boa tarde.

Eu quería comezar poñendo un pouco en cuestión o obxecto do que falamos. Porque o primeiro que temos que ter claro é que os problemas dos abusos bancarios, aínda que haxa un repentino interese mediático por mor do caso do xubilado de Valencia que tivo un eco importante, o certo é que non é novo. A perda de oficinas bancarias, a perda de emprego, a dixitalización mal entendida, os pactos anticompetencia, etc. non naceron coa pandemia. E tampouco nacen espontaneamente por unha máxica conxunción da natureza, senón que hai que dicir que obedecen a unha folla de ruta que é premeditada, que é calculada e que está orquestrada e atada e ben atada, desde o ano 2008 —desde que se iniciou esa profunda transformación do sistema financeiro—, e que viu agora mesmo na pandemia, simplemente,



unha nova oportunidade para avanzar en dúas direccións que o sistema bancario ten moi claras: unha, en acelerar nese proceso de concentración e oligopolización bancaria; e, outra, en seguir chuchando recursos do erario público para permanecer nun rescate permanente, que fai que, basicamente, mentres se drenan recursos das administracións públicas, a banca cada vez faga máis caixa e se cumpra aquel refrán de que «a banca sempre gaña.»

O problema é que, nese camiño, a banca atopou nos gobernos —no central sobre todo, pero tamén no galego— grandes aliados, en lugar de atopar un dique de contención para a defensa dos intereses dos territorios e da xente. E é máis —corríxome—, xa non é que se puxesen de lado, é que fixeron o posible por favorecer esta folla de ruta. Polo tanto, non se pode facer amnesia consciente de todo iso.

A crise de 2008 supuxo moitas cousas, e supuxo moitas cousas tamén respecto do sistema financeiro, porque, lonxe de emprender unha reforma conducente a que se garantira a transparencia, o control público, a tutela, a intervención e evitar así a repetición da historia e a repetición de cuestións como a burbulla do ladrillo, as actuacións políticas, as actuacións dos poderes públicos, dos supervisores e dos gobernos responsables foron na dirección contraria. E, de feito, o que se fixo foi unha denominada «reestruturación do sector» que pactaron o Partido Popular e o Partido Socialista no seu día, que o que fixo foi concentrar e oligopolizar máis o sector financeiro.

Vivimos neste país a privatización e a bancarización das caixas, vivimos como se reducía o número de entidades, e como estaban sometidas, ademais, a unha supervisión única de institucións do Estado, que fallou. Vimos como fallaba o Banco de España, vimos como fallaba a CNV ou a CNMC, e vímolos en casos tan dolorosos para este país como o das preferentes, pero tamén noutros como os das cláusulas chan, e vímolos tamén agora mesmo coa cuestión dos pactos de horario e de caixa, como despois referirei.

En resumidas contas, levouse a cabo un proceso que, para Galiza sobre todo, tivo consecuencias bastante nefastas e delicadas, e que pagamos no día de hoxe no noso sistema económico e financeiro. A máis clara e a máis evidente é a perda desas caixas de aforro, esa perda da galegitude e da capacidade de vinculación co territorio de entidades bancarias, como no seu día foron o Banco Pastor ou o Banco Gallego. E tamén comezou esa andaina —que insisto, é acelerada na pandemia, pero non vén de aí— de peches de entidades, de despedimento de xente, de precarización dos postos de traballo, etc. Para mostra, un exemplo que temos posto noutras ocasións a debate nesta Cámara é como o aforro galego emigra e vai para investimentos noutras partes do Estado. Cada ano a diferenza entre depósitos e créditos —o último dato do Banco de España— é de máis de 26.000 millóns de euros no noso país.

Polo tanto, isto, poñéndoo en correlación con outras cifras, como cal foi o custo para o erario público do rescate bancario —porque é algo do que hai que falar tamén—, pois hai que dicir que o último dato do Banco de España de decembro de 2021 eleva a factura nada máis e nada menos que a máis de cento cinco mil millóns de euros! Cento cinco mil millóns de euros dos que non se van recuperar nin dez mil; é dicir, non se vai recuperar nin o 10 %. E esa contía equivale nada máis e nada menos que a nove orzamentos da Xunta de Galiza, para que nos fagamos unha idea.



Polo tanto, a conclusión é que vivimos un atraco á man armada e que despois de 2008, da mesma maneira que non se tomaron decisións para impedir que se repetira a historia, tam-pouco se tomaron decisións para impedir que novamente o atraco á man armada se repetira.

E hai que preguntarse: ¿que pasou despois de 2020?, ¿que pasou despois de marzo de 2020? Irrompeu unha pandemia nas nosas vidas —como todos e todas sabemos— e a banca viu unha gran oportunidade para dar un paso máis adiante na súa cobiza. Iso é o que estamos vivindo; é o que levamos vivido estes dous anos e o que estamos vivindo nestes momentos. Faise realidade aquilo de que as segundas partes non foron boas, e estamos na segunda parte dun gran proceso de concentración bancaria.

E aínda que esta nova crise non é de orixe financeira, estamos vendo como as entidades aceleran os seus pasos de transformación no sector. Primeiro vivimos un rescate encuberto, e iso tamén hai que dicilo, porque ao final os créditos ICO, os mecanismos de apoio económico e incluso os propios fondos europeos están servindo tamén de rescate encuberto para a banca. E, en segundo lugar, a banca paga, agradece os servizos prestados con esta folla de ruta de máis peches de entidades, máis imposición dunha dixitalización mal entendida e tamén nalgún caso incluso xa poderíamos falar directamente de pouca vergonza. Porque, claro, vivimos unha pandemia sen precedentes, hai que tomar medidas económicas sen precedentes, pero é que tamén vivimos unha senvergonzonería sen precedentes. Porque eu quero recordar que algunha entidade, tan premiada e tan apoiada polo Grupo Parlamentario Popular e polo Partido Popular en xeral, como é Abanca, tivo a ousadía de aproveitar que todos e todas estaban confinados na súa casa para incrementar as súas comisións. Xa por non falar da absoluta falta de vergonza de todas as entidades bancarias con trámites tan dolorosos para os galegos e galegas como os de testamentaría, que son xa directamente de xulgado de garda. *(Aplausos.)*

E a realidade é que a situación de hoxe foi advertida por activa e por pasiva. Eu dicía no comezo da miña intervención que, efectivamente, grazas a ese caso do xubilado de Valencia, que colleu tanto eco mediático, se visibilizaron outras mobilizacións; desde os pensionistas de Lugo, Santiago ou A Coruña, ata as forzas sindicais en diversas cidades e municipios do noso país, asociacións de consumidores, etc. Incluso neste Parlamento debatemos e falamos en múltiples ocasións tamén das consecuencias que estaba tendo esta reestruturación bancaria en moitos aspectos.

¿Que é o que acontece agora? Pois que, efectivamente, con ese incremento da atención mediática —que benvido sexa se trae algunha solución—, de repente hai unha gran gana de lavar conciencias e hai tamén un medo da banca a unha crise reputacional. E iso é única e exclusivamente o que fixo que se movera algo nos últimos días. Iso exclusivamente, porque a iniciativa que trae o Partido Popular é practicamente idéntica a unha que debatemos no mes de setembro. No mes de setembro, cando debatíamos, xa había un acordo anterior do Senado inzado de boas vontades para poñer solucións a algúns dos problemas, e ata agora non se movera absolutamente nada.

E, claro, o problema é que á parte de non mover nada, os gobernos teñen unha responsabilidade, e hai que dicir que o Goberno central podía ter lexislado antes. Agora estamos enco-



mendados a que no futuro, no inmediato —aparecen na prensa diferentes prazos—, se vai legislar. Veremos. Pero, polo pronto, ao Bloque Nacionalista Galego parécenos insuficiente o que aconteceu onte. O que ofrece a patronal e os xestos de boa vontade por parte do Goberno parécennos insuficientes.

Estaremos pendentes dese cumprimento de prazos, de como se verifican, pero, claro, é que hai cuestións que xa vivimos. Porque eu quero recordar que hai un código de boas prácticas bancarias, para tamén corrixir abusos respecto das hipotecas ou outros ámbitos, que practicamente non se cumpre, e ao que a adhesión, por riba, é voluntaria por parte das entidades bancarias. E quero recordar que existe o que se chama unha «conta de pago básico» pensada para as persoas que menos recursos teñen, para persoas que cobran prestacións sociais e que necesitan unha conta bancaria para vivir. É algo que é obxecto de numerosas reclamacións no propio Banco de España porque as entidades non cumpren.

Pero o máis grave, neste caso, do pacto das entidades respecto dos horarios de caixa, é que iso contradecía abertamente as normas e as leis de competencia, porque hai organismos —en teoría— que fiscalizan en Galiza e no Estado español a competencia e que non actuaron. Non actúan os supervisores, igual que non actuaron no ano 2008. Isto é como se por unha autovía —imos poñer, por exemplo, a AP-53, para non falar tanto da AP-9— van unha serie de coches circulando en dirección contraria, a douscentos quilómetros por hora, está a Garda Civil na gasoleira de Silleda e non fai nada ata que un día hai un accidente e hai repercusión social. E entón din: «ben, veña, imos empezar a multar; imos empezar a mandar a xente na dirección adecuada e á velocidade adecuada». Pois, evidentemente, chega tarde.

E, desde logo, o que é peor aínda é a Xunta de Galiza. Porque podemos pensar que o Goberno central non actúa a tempo, pero xa o da Xunta de Galiza é directamente alucinante; porque as competencias exclusivas en consumo non existen, non se empregan —temos aí o Instituto Galego de Consumo practicamente conxelado—, e de vez en cando dálles así unha arrouta de autogoberno, pero só para escenificar; e, por riba, practican a innovación no peor sentido da palabra. Porque collen e din: «¡Veña!, ¿como imos poder seguir lucrando unha entidade como Abanca, que xa a rescatamos con nove mil millóns de euros e á que xa lle montamos un chiringuito para que manexe o cotarro dos fondos europeos —dos que a oposición do Parlamento galego non sabe nada, pero Escotet *lo sabe todo*—?». Pero din: «imos dar unha volta de torca máis». E entón, collen e deciden sacar unha orde de subvencións para subvencionar eses caixeiros que están pechando as propias entidades bancarias ao longo do territorio.

Nós —xa o temos dito nesta Cámara e xa no seu día debatemos isto co noso benquerido Valeriano Martínez— dicíamos que nos parecía unha obscenidade, e, despois do que pasou na pandemia, máis aínda. E xa dicíamos por aquel entón que podíamos poñer nun sobre o nome da entidade que ía gañar. Adiviños non somos, pero é que, claro, cos precedentes de amiguismo do Partido Popular e coas súas preferencias con ese banco venezolano, pois, desde logo, era bastante fácil facer esa política de adivinación. Pero a cuestión é que é absolutamente obsceno, e foi un efecto chamada. Foi un efecto chamada, por iso despois de Castela-León e Cataluña, Galiza é a comunidade que máis entidades pechou cos últimos datos do Banco de España, perdendo máis de cento oitenta e nove oficinas, segundo os datos máis recentes que temos. E, desde logo, isto é a pescada que morde a cola. As entidades bancarias móvense pola



cobiza, os gobernos non fiscalizan, e segue a roda; e mentres, ademais, os beneficios de Abanca son cada vez maiores. Porque aquí non estamos falando do panadeiro que ten unha suba de prezos espectacular na luz e na fariña e que ten que subir o prezo da barra do pan. Aquí estamos falando de que Abanca obtivo un resultado de 323 millóns de euros en 2021, duplicou beneficios; o BBVA, 4.653, triplicou; e o Santander, 8.124 millóns de euros, o mellor resultado na súa última década, nun contexto de crise económica sen precedentes.

E aínda temos que darlle as grazas ao señor Escotet porque nos di que por cada caixeiro que lle subvenciona a Xunta, perde 2.000 euros. Aínda debe estar intentando que no próximo exercicio orzamentario lle suplementen tamén 2.000 euros, e que, por riba, lle deamos as grazas por dismantelar postos de traballo neste país e por continuar nesta deriva de calotes bancarios, da que tamén é parte fundamental.

Desde logo —nós insistimos—, o que estamos vivindo ten consecuencias múltiples. Só no que vai de lexislatura, xa falamos aquí, nesta Cámara, do ERE de Abanca, do ERE do Santander, do ERE de CaixaBank e de Bankia, unha e outra vez. E o Goberno galego, *missing*; nin se dirixiron ás entidades bancarias para dicirlles que pararan de facer iso, nin sequera recibiron os representantes sindicais, ou cando menos os representantes sindicais que máis alerxia lles dan, que son os do sindicato maioritario deste país —a CIG—, que lles segue dando alerxia, porque non teñen vostedes un cariz democrático moi alá, pero, desde logo, pediron reunións directamente coa Consellería de Facenda para abordar estas cuestións e vostedes ignoráronos.

E vivimos isto tamén nun contexto de facerse trampas ao solitario. Porque é evidente que o peche de oficinas é un problema, pero hai que asumir que non é un problema só rural, que tamén é un problema nas cidades —porque a folla de ruta é «entidades cero», e iso é un empeoramento dos servizos, ademais de perda de emprego—, e porque, ademais, se están poñendo trampas ao solitario tamén coas solucións. Por exemplo, coa telebanca. Despois da telemedicina, pois tamén está a telebanca, ¿como non? Pero aquí hai tamén unha fonda precarización dos servizos, da atención e do sector. E non se pode autoenganar ningúen nesta Cámara porque xa sabemos o que pasou coa teleasistencia que se facía, por exemplo, desde Galiza aos servizos de Naturgy, que pecharon e se deslocalizaron sen que o Goberno do Partido Popular se ruborizase; ou mesmo cos do Santander que había na Coruña, con R, etc. E, por riba, cunha precarización encuberta, cun sector que vai estar asumindo responsabilidades —mesmo legais— do convenio da banca, tendo un convenio inferior, que é o de *call center*, e cunha gran precarización.

E, por riba, estamos vendo como tamén todo isto acontece nun contexto de incremento dos abusos bancarios e de incremento da exclusión financeira. Tamén aquí quero chamar a atención sobre o feito de que agora estamos falando moito das persoas maiores e das dificultades que teñen, pero ¡ollo! tamén co que está acontecendo —e que alertan todas as asociacións do terceiro sector, e tamén un informe recente da Rede galega contra a pobreza— coa exclusión financeira que premeditadamente practican as entidades para expulsar aqueles clientes que non lles son rendibles, xa que iso é un grave problema social, por non falar xa das consecuencias económicas tamén no tecido produtivo.

En resumidas contas, nós pensamos que, desde logo, non está a cousa como para vir aquí con iniciativas de lavado de conciencia, simplemente porque o tema estea de actualidade



política e, sobre todo, para que o Partido Popular vexa que así pode botar unha arma arreboladiza máis. Pensamos que hai que tomar medidas serias e, desde logo, xa son as que incluímos na nosa emenda, que é a mesma presentada aos dous grupos. Pedimos que se retiren esas ordes de subvención aos caixeiros polo seu efecto chamada, que se activen todas as competencias posibles do Instituto Galego de Consumo, que se demande do Goberno central a modificación efectiva da lei para garantir unha serie de servizos mínimos e tamén que este Parlamento se dirixa á Xunta, aos gobernos e ás entidades bancarias para facer presión política, para dicirlles que tamén teñen contas bancarias que poden pechar e que tamén teñen motivos cos que facer presión a estas entidades para que paren de facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...estas prácticas abusivas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo autor da proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, parlamentarios, é certo que ao longo destas últimas xornadas existiron cambios. Probablemente a todos nos gustaría que fosen máis, pero que son relevantes.

Vímolo na aprobación no Senado da Lei de protección de consumidores e usuarios fronte a situacións de vulnerabilidade, onde se chegou a un acordo importante coa intención de poñer unhas tarefas comúns para que ao longo dos tres próximos meses existan medidas cara á atención personalizada e sen discriminación pola fenda dixital para o conxunto da cidadanía. Tamén en que abranguen a Correos, e nun plan de medidas que incorporan, nos textos votados, cuestións como apostar por máis persoal de apoio, por manter caixeiros, pola prioridade a persoas vulnerables, pola atención presencial a persoas de máis idade, por medidas para o rural, por seguridade nas transaccións para maiores e por tecnoloxías sinxelas.

É que ao longo destes días, desta semana, tamén vimos un acordo entre a Asociación Española da Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforros, a Unión Nacional de Cooperativas, o Goberno e o Banco de España con medidas concretas, como pode ser a ampliación de horarios de caixa, que van estar abertos de nove a dúas horas —algo que era moi demandado polos maiores—; axudas que teñen que ver coa dixitalización e tamén coa incorporación ao mundo dixital; a atención telefónica, cando non é presencial, e de forma preferencial para aqueles maiores que así o desexen; máis mecanismos de complemento ás vías dixitais; e tamén o Observatorio para a aplicación destas medidas nun prazo de seis meses.



Imos observar como se desenvolve todo isto. Hai unha tarefa lexislativa e hai un acordo tamén dun protocolo para desenvolver novas prácticas financeiras. Eu creo que están na boa dirección, e creo que temos que ser todos nós tamén valentes e que temos que poñernos o reto de acadar moito máis, se iso non chega a ser suficiente.

Pero nunha Galicia cun compoñente de poboación rural moi importante, nunha Galicia con moitos concellos e varias dúcias de concellos sen ningunha oficina bancaria e nunha Galicia cunha poboación máis envellecida que no conxunto do Estado é necesario ter máis medidas, máis compromiso e máis avances fronte á exclusión financeira. E esa é a tarefa do Goberno do Partido Popular: cumprir cos galegos e galegas alí onde están os deberes sen facer. E teñen que facelos.

E teñen que facelos porque eu escoito hoxe o Grupo Parlamentario Popular e non trae nin un compromiso, nin unha medida, ningunha decisión, ningún proxecto —nin executivo nin lexislativo— da Administración autonómica galega para dicirlles aos galegos e galegas que se vai apostar por unha banca que chegue ao conxunto do territorio e por unha banca que non exclúa, polas competencias dixitais ou pola conectividade ou polas condicións de discapacidade, a parte da poboación.

Hoxe o Goberno de Galicia vén unha vez máis coas mans baleiras, sen compromisos e sen medidas. Vostedes deron varios millóns de euros a unha institución financeira para poñer caixeiros, e esa institución financeira, e outras, anunciaron medidas de máis calado que as que vostedes conseguiron, sen contar con vostedes. Vostedes enteráronse pola televisión e polos xornais de que esa institución financeira, froito desta nova tendencia de protocolos e de presión que existe a nivel do Estado, se compromete a abrir o horario de caixa durante as horas de mañá, e se compromete a non volver pechar unha oficina bancaria nun concello en caso de que ese peche deixase o concello sen ningunha atención.

É a hora de que o Partido Popular tome medidas. É a hora de que se comprometan. Xa sabemos que vostedes teñen unha folla negra na súa historia polo feito da fusión das caixas. É algo que Galicia non lles pode perdoar (*Murmurios.*) e é algo que Galicia non pode permitir olvidar, porque houbo unha sentenza da Audiencia que lles dixo a vostedes textualmente: «Caixanova nunca habría sido intervenida si no se le obligase a fusionarse con Caixa Galicia». É que esa decisión non foi do Banco de España nin de ninguén máis que do presidente da Xunta e do Goberno de Galicia. E por iso vostedes non queren abrir a Comisión de caixas, que leva case unha década pechada, porque queren seguir escondendo as vergoñas do Partido Popular coa banca deste país. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E non soamente non queren falar do pasado, senón que non queren falar do futuro. Non traen unha soa medida, e eu quérolles preguntar que é o que queren que esperemos desa proposición non de lei na que vostedes non se comprometen a nada. Eu quérolle preguntar ao Partido Popular: ¿van garantir, co Goberno de Galicia, que nesta lexislatura non se retroceda en inclusión financeira nos concellos de Galicia, que non quede ningún concello máis, ao longo desta lexislatura, sen oficina bancaria e que alí onde se pecharon oficinas bancarias e quedaron sen ningunha van tomar nesta lexislatura as medidas de presión, de persuasión e de toda a actividade que poidan facer para que se volvan abrir esas oficinas bancarias?



Porque é algo importante para a inclusión financeira pero tamén un compromiso coa Galicia do rural. Ter unha oficina bancaria aberta é ter traballadores no concello...

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e é ter posibilidade de conexión. Esa é a Galicia que queremos.

Para que Galicia poida ter máis futuro é necesario moito máis que a PNL que vostedes presentan. Eu pídolles que respalden unha proposición non de lei que nós presentamos, que, sen estar botando nada fóra do testro, os compromete a facer algo, en vez de seguir sendo o goberno que en materia financeira converteu as caixas nun banco, que non as afincou en Galicia e que agora non toma medidas pola xente do noso país.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, hai que recoñecerlles a gran capacidade que teñen de regate, a verdade é que si. Mire se regatean que no seu punto cuarto —como vostede ben especificou cando estivo no uso da palabra, e que tamén llo digo ao señor Caballero, porque eu creo que o esquece— a regulación bancaria é competencia do Banco de España, señor Caballero. Eu creo que non o ten claro. É dicir, é competencia do Goberno do Estado. E case queran facerlles crer aos galegos —coa súa emenda, señora Presas, e coa súa literatura, señor Caballero— que compete ao Goberno galego. ¡Pois non, señoría! ¡Señor Caballero, ten que facer os deberes o Goberno central! E invitámolo a que se sume, que parece ser que está un pouquiño despistado. *(Aplausos.)*

Mire, señor Caballero, cando a problemática do acceso aos servizos bancarios aínda non era patente en Galicia, o Goberno galego, preocupado, demandoulle ao Goberno estatal unha coordinación estatal coa urxente necesidade de que elaborase un estudo completo e detallado do mercado financeiro. E ante esa inacción do seu goberno, o Goberno galego decidiu non quedar cos brazos cruzados e darlles unha solución a miles de galegos que carecen de acceso aos ditos servizos. ¡O desa demanda que vostede pide na súa PNL é que xa está feito, señor Caballero! ¡Está feito xa!

A ver que lle explico, porque eu creo que non o ten claro. É un acordo da Xunta de Galicia coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que xa se empezou a traballar a finais do semestre do 2019. Foi criticado polos nacionalistas pero, miren, conta coa firma de alcaldes do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular, por suposto, e incluso dos independentistas, que comparten un único obxectivo: darlles unha solución aos



miles de galegos. É unha iniciativa semellante a moitas outras ao longo da xeografía española e levadas a cabo por administracións de diferente cor política, porque o único que buscan é dar unha resposta de acceso aos servizos financeiros carentes fronte a unha inacción por parte do Goberno estatal, por administracións como a Generalitat de Valencia ou mesmo a Deputación de Tarragona —apunte, que ao mellor lle pode dar algunha instrución—.

O que sucedeu despois de todo isto é que o Bloque Nacionalista Galego, ao ver que alcaldes da súa cor política tamén o firmaban, pois..., ¡vamos comezar un pouquiño de trifulca política! Pero, señora Presas, aí non nos vai atopar. Non imos aceptar a súa emenda, non o dubide. Porque o que realmente non sabían é que alcaldes do Bloque e do Partido Socialista firmaban e se adherían ao dito protocolo co simple obxectivo de dar un mellor servizo bancario e financeiro aos seus veciños. Porque é realmente o importante, e eu creo que é onde deberíamos estar todos unidos.

Señor Caballero, vostedes traen a debate unha proposición non de lei que non dá solución aos problemas dos galegos. Vostede fala na súa iniciativa dos caixeiros automáticos, ¡pero é que o problema vai moito máis alá!, ¡necesitamos persoal cualificado e vostede non o está a poñer na súa iniciativa! Claramente o que lle pasou é que se deron conta —como xa o fixo— de que o máximo responsable e o único competente é o Goberno central. O problema era que tiña que darlle a razón ao Partido Popular, e claro, parece ser que non están moi dispostos. Eu enténdoo, entendo que agora queira subirse ao carro. E sexa benvido, xa llo dixen na miña primeira intervención e díxenllo na Comisión 3ª. ¡Benvido a recuar!, porque recuar é de sabios.

Na tarde de onte, vostede rexistraba unha autoemenda —un copia e pega dunha emenda presentada na Comisión 3ª—. Algo totalmente lexítimo, por suposto, pero é unha emenda á totalidade de todo o que pensaban. Está ben que recúen, porque a regulación bancaria pertence ao Goberno do Estado e é quen ten que actuar, señor Caballero. Benvidos, porque o levamos reclamando dende este grupo parlamentario dende hai meses —non semanas, como vostede dicía—, e só lles queda un paso: votar a favor da nosa iniciativa.

Na súa autoemenda, señor Caballero, conta con tres puntos nos que reconece demandar ao Goberno de España. Pero na segunda parte da súa exixencia de mínimos —dígolle que é de mínimos xa que o Goberno central, no día de onte, publicaba que vai crear unha autoridade de protección ao cliente financeiro..., si, si, lea, lea, que o pon—... Vostede pide no seu primeiro punto unha exixencia de mínimos e nosoutros abarcamos moitísimo máis.

En canto ao segundo e terceiro punto sinto dicirlle que chega tarde, porque se a esta altura, co problema que temos coas entidades bancarias, temos que facer un informe, mal imos, ¡mal imos! Porque ten que darse conta de que o informe xa ten que estar feito, e temos que actuar. O Goberno galego xa actuou, pero xa hai meses —vostede parece que vai un pouquiño a remolque—. E tivo que actuar porque o Goberno central parece que andaba un pouquiño despistado. Agora, claro, coa presión parece que está empezando a traballar. Veremos o que fai nos vindeiros meses.

O Goberno autonómico —dícialle— actuou, ante a inacción do Goberno central, coa firma dun protocolo coa Federación Galega de Municipios e Provincias. ¡Fixemos xa algo!, señor Caballero: medidas, proxectos... Xa lle digo que non só se vai contar cun caixeiro automático



neses concellos onde non teñen entidade financeira, senón que van ter a posibilidade de contar con presenza física de persoal, e por suposto cunha oferta de formación financeira.

E remato xa, presidente.

Miren, señorías, están a tempo de valorar o posicionamento na proposición non de lei deste grupo, do Grupo Parlamentario Popular, cun apoio unánime desta Cámara á posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros. O éxito, dende logo, non vai ser deste grupo parlamentario senón que será de todos. Insisto, será de todos para dar solucións ás persoas. Porque, señorías, o único realmente importante é solucionar os problemas dos galegos reivindicando a política útil...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...na busca de solucións aos problemas xerais das persoas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á saúde mental

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 25350 (11/PNP-002291).

Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 4 polo seguinte:

“4. Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballador@s sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral.”

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

“6. Presentar no Parlamento galego, no presente período de sesións, un estudo sobre a situación epidemiolóxica da saúde mental en Galiza, incluíndo os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental na poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.



7. Incrementar no presente ano 2022 os recursos destinados a sufragar o anunciado Plan de saúde mental post COVID 19, nunha contía mínima de 21 millóns de euros.”

Presentar, no prazo máximo dun mes, unha memoria da aplicación do Plan de Saúde Mental post Covid 19: número de unidades de atención infanto-xuvenil en funcionamento, número de profesionais incorporados, onde e con que tipo de vinculación laboral, unidades de prevención do suicidio...”).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe a saúde mental en Galicia non é un dereito. Debería selo pero non é un dereito. De maneira efectiva, non existe o dereito a acceder a un servizo asistencial de saúde mental dentro do noso sistema de saúde. É unha realidade. Calquera petición ou calquera intento de cita leva, de media, por riba de catro meses. E por tanto non podemos afirmar que isto sexa un sistema eficiente.

A realidade é que hoxe a atención en saúde mental é un privilexio. Calquera de nós, se necesita acudir a un psicólogo, se unha persoa que coñecemos necesita acudir a un psicólogo —por citar unha das especialidades—, ninguén pensaría que estamos falando dun psicólogo do sistema público. Todo o mundo asumiría que estamos falando dun profesional privado, e iso evidencia que este non é un sistema garantista nos termos de que isto sexa un dereito. Debería selo, e está recoñecido, pero non se exerce. Hoxe temos esa eiva.

A situación é preocupante. Nos últimos tempos vimos de coñecer constantemente novas que nos preocupan e nos engaden un maior nivel de ansiedade sobre a situación da saúde mental, da situación de calquera persoa pero tamén especialmente dos máis novos, entre os que sabemos que o volume de atención está sendo moito máis alarmante, moito máis elevado.

E isto non é que estea empezando a existir agora senón que, por sorte —e enténdase ben—, hoxe lle prestamos máis atención, e grazas, en moitísimas ocasións, á visibilización que fan dos problemas de saúde mental persoas e persoeiros coñecidos e recoñecidos, que transmiten o seu padecemento, os seus sufrimentos, as etapas que pasaron sufrindo problemas de saúde mental. Danlle unha visibilidade que as administracións constantemente —e en moitas partes a sociedade tamén— ningunearon durante tempo.

Ese labor que non conseguiu facer a política —que non conseguimos facer na política— faise hoxe dende moitas voces de persoas que contribúen a dar unha maior normalidade no sistema. Pero o problema está basicamente en que non temos a capacidade aínda de atendelo o suficiente.

Hai un problema de modelo. A saúde mental hoxe non existe dende o concepto da administración —do Sergas, neste Goberno—, de saber onde queremos ir. Non hai un concepto sobre



o que queremos facer cos pacientes e os usuarios de saúde mental. Ninguén está pensando sobre iso. Vanse poñendo parches, algunhas solucións, moitos anuncios pero ninguén reflexionou e ninguén puxo en marcha dentro do Sergas nada polo que se poida pensar cara a onde imos ou sobre que tipo de asistencia provocamos ou queremos. Ninguén sabe o que necesitamos como sociedade, porque foi de sempre unha irmá pequena e ás veces olvidada dentro do sistema —e particularmente por este Goberno nesta última década, que foi absolutamente esquecida e arrinconada orzamentariamente, por suposto, pero tamén en termos de asistencia sanitaria e de modelo de como asistimos—.

En Galicia temos dos peores datos de todo o Estado español en termos de consumo de psicofármacos. As ratios que coñecemos sobre datos de suicidios son horribles en Galicia —na ratio por habitante—. Pero levamos moitísimos, ¡incontables anos!, sendo non unha das peores, senón a peor —ja peor con moito!— comunidade autónoma de España en ratio de profesionais por habitante. Xa sexa en psiquiatras, psicoloxía clínica ou enfermeiras especialistas —escollan a especialidade ou a categoría— somos a peor comunidade autónoma de España. E así é imposible ir cara a ningún lado.

O ano pasado, despois de moitos intentos neste Parlamento de arrincar algún compromiso do Goberno, este grupo presentou unha proposta a este Parlamento que se aprobou en parte por todos os grupos, cousa que no seu momento agradecemos e consideramos un bo avance. ¿Cal é a realidade? Que nin sequera o que se aproba aquí vai sendo cumprido de verdade.

Aprobouse a convocatoria de 120 prazas en 2021 para todo o volume do sistema de saúde mental —aprobáronse en marzo—. O PP anunciou, coma sempre, o de «xa se está facendo» —unha frase tremendamente repetida—. ¿Fíxose? Non. Convocáronse algunhas pero non todas as aprobadas, coma se un puidese aprobar as cousas pero logo —en fin—... facer coma que se cumpre pero non facelo de todo.

Aprobouse, é certo, a creación e a posta en marcha da Unidade de Psicoxeriatría en Ourense ou da Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil en Vigo. ¿Anunciáronse? Si. ¿Están en funcionamento? Xa non é tal fácil. Polo de agora hai máis anuncios e notas de prensa que cumprimentos —unha cousa estándar neste Goberno—.

O Hospital Psiquiátrico de Conxo viviu algúns episodios públicos, de exposición pública nos medios de comunicación, moi tristes. E os usuarios e os profesionais que viven, que traballan ou que son atendidos alí necesitan que o sistema aclare e sexa capaz de dar resposta ás demandas que se fan mediante o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura —que é como se chama—. E, como aprobamos naquel momento, aquel centro tería que ser atendido pola Xunta de Galicia para ter as melloras necesarias e que non houbese outra vez informes tan demoledores como os que existiron. ¿Existiron esas melloras? ¿Houbo algún plan de investimento en Conxo? ¿Houbo unha maior dotación, notoria, de profesionais para que os volumes e as capacidades de traballo foran distintas? Gustaríanos saber realmente se se fixo algo.

Aprobouse, naquel momento, que para ser capaces de xestionar mellor puideramos fusionar os servizos, porque hoxe os servizos de saúde mental non están, como calquera outro servizo sanitario, integrados plenamente dentro do Sergas. Non é así. Hoxe existen servizos de saúde mental



que teñen que soste algúns concellos: pasa na Coruña e pasa en moitos lugares onde algúns servizos ou algúns problemas de comportamentos aditivos, por exemplo —que tamén son, en boa parte, un problema sanitario e un problema de saúde mental—, están atendidos desde os concellos; están poñendo cartos os concellos, que están pagando servizos sanitarios. ¿Por que? Porque ao Sergas non lle importa. Dálle igual. Parécelle que debe ser pouco relevante. E aprobamos neste Parlamento que o Sergas asumiría dunha vez por todas eses sistemas. ¿Fíxoo? ¡Non!

Por tanto, hai un acordo aquí neste Parlamento —ao que todos demos o voto a favor— que o Goberno non está cumprindo. Os membros do Goberno deron o voto a favor, e non se está cumprindo, e afirmaron que se cumpriría —como o conselleiro de Sanidade— e non se está cumprindo. ¿De que valen os acordos neste Parlamento? Efectivamente, sabemos do que lle valen os acordos ao PP.

Pero, en realidade, nós, que respectamos este Parlamento, preguntámonos: ¿para que traer propostas?, ¿para que facer reflexións, traer aportacións, construír acordos, negociar e chegar a puntos en común, se logo o PP vai facer o que lle peta? E isto non é digno neste país e, en particular —se mo permiten— neste tipo de servizos.

¿Que nos queda por diante, en realidade, e por que traemos hoxe unha nova proposición non de lei? Porque pedimos, primeiro, que se cumpra o acordado. Parece revolucionario, marxista-leninista... Bakunin está entrando pola porta... ¡Que se cumpra o acordado! Pero, ademais, pedimos máis cousas porque cremos que hai que ir moito máis alá, pero basicamente ten que ver co modelo.

¿Que queremos facer en saúde mental en Galicia? Temos que pensar se queremos concentrar os servizos internos ou disgregar e temos que saber se queremos aumentar a capacidade do centro de Conxo para que entren alí todas as persoas mentres estean hospitalizadas ou se queremos disgregar.

Nós somos partidarios de atomizar o sistema para achegar a xente ao seu territorio. Somos partidarios de diferenciar e, por tanto, por iso propoñemos que non vale cunha unidade máis de hospitalización infantoxuvenil no sur, senón que debemos ter unha por área sanitaria. Estamos falando de que as persoas máis novas, cando están hospitalizadas, non convivan con persoas que teñen corenta ou cincuenta anos máis ca elas e que teñen outro tipo de trastornos, outro tipo de dificultades, e que poidan ser tratadas coa maior especificidade posible. Isto non ocorre en Galicia hoxe en día, porque ninguén que estea no Goberno sabe a onde quere ir. O único que se buscan son algúns titulares.

Falamos de se defendemos modelos que farmacoloxicen plenamente, de se imos dar pastillas e resolvemos todo desa maneira ou de se pretendemos modelos que, cun maior volume de recursos de persoal e cun maior volume de profesionais especializados, nos permitan saber cales son os mellores tratamentos. Falamos dun maior nivel de terapia e dunha menor farmacoloxía, se é posible, que o é. Falamos de se conectamos o sistema de atención primaria coa saúde mental ou de se mantemos a saúde mental pechada nos centros hospitalarios —cando está nos centros hospitalarios—, que moitas veces están apartados —como noutros centros—, como se foran algo externo ao sistema sanitario.



Falamos de todo iso, e para iso hai que ter un modelo, que o Partido Popular non ten, porque debe seguir considerando que a saúde mental é un privilexio. Se poden, pagan —que poderán— e os que non, que resolvan, que, total, nos importan pouco, porque ese non é o modelo que nós defendemos.

Polo tanto, preguntamos, en xeral, a onde imos. Pero, ademais, traemos varias propostas, que ademais son as que están na proposición que vostedes coñecen: maior dotación de infraestruturas, o cumprimento deses acordos e o aumento do volume de prazas para poñer-nos, polo menos, na media das comunidades autónomas de España. En definitiva, o que plantexamos a través desta iniciativa é unha cuestión de demanda social: necesitamos servizos de saúde mental que poidan atender as necesidades poboacionais e, para iso, necesitamos profesionais, porque, sen profesionais, non hai atención.

Hoxe a saúde mental en Galicia non é un dereito, é un privilexio. Defendemos que sexa un dereito e queremos que se cumpra, e para iso traemos propostas como esta, e seguiremos traendo, para ver se somos capaces de negociar, acordar e despois cumprir, porque, ata o de agora, non se fixo nada máis.

Moitas grazas, polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

A situación da saúde mental en Galiza podemos cualificala, sen ningún tipo de alarmismo, de extrema gravidade.

O BNG leva denunciando, desde hai anos, a situación da saúde mental, que é unha das grandes damnificadas dos recortes do Partido Popular; dos damnificados de doce anos de recortes na sanidade pública de Galiza. Hai moitos expertos que están xa advertindo que é a gran pandemia despois da covid-19.

É unha situación que era moi grave antes da pandemia, mais que a pandemia non fixo máis que agrandar dun xeito realmente preocupante. E o Partido Popular na Xunta de Galiza non actuou, non atendeu as necesidades, non planificou e non adicou orzamento, e parécenos incomprensible, porque hai un elevadísimo número de persoas con necesidades de atención e as demoras son realmente escandalosas.

A pandemia está a agravar —como dicía— esta situación: trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, un medo ao fu-



turo...; é dicir, podemos poñer aquí todo un abano de cuestións que afondaron na situación de moitas persoas e que incorporaron a moitas persoas a eses problemas de saúde laboral por problemas económicos, laborais e por unha situación da atención primaria colapsada, porque os hospitais están cunhas listas de espera desbordadas, e o acceso aos circuitos sanitarios fíxose aínda moito máis complicado para os trastornos mentais.

As persoas que necesitan esta atención chegan tarde e mal, medran eses casos de depresión e ansiedade, descompénsanse as persoas con trastornos graves e aumentan os trastornos, como o da conduta alimentaria e as tentativas de suicidio, sendo realmente preocupante o aumento dos suicidios e dos intentos de suicidios entre a xente nova. Desde o ámbito sanitario, están a alarmar deste aumento dos intentos de suicidio, e Galiza é —non é ningunha novidade—, dentro do Estado español, onde maior prevalencia hai desta patoloxía. Na media do Estado español estase no 7,79 % e en Galiza estamos no 13 % por cada 11.000 habitantes. Diante desta situación, o que require é actuar, o que require son medidas e o que require é unha posición proactiva por parte dun goberno que teña a intención de ocuparse e preocuparse pola situación sanitaria da súa poboación, nun marco global onde hai ese aumento da prevalencia dos problemas de saúde mental e —como dicía— no que Galiza, xunto con Asturias, encabezan as estatísticas do Estado. Diante diso, efectivamente, non facemos máis que insistir na necesidade de tomar medidas.

Hoxe esta iniciativa que trae o Partido Socialista volve poñer o acento en cuestións como as que aquí se acordan, e non se cumpre sistematicamente, e o Partido Popular, ás veces, para sacar presión de encima, parece que asume que hai que tomar medidas, pero máis de cara á galería, de cara ao titular, que non logo á hora de efectivizar esas medidas. (*Aplausos.*)

Á iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista o BNG presentoulle unhas emendas sobre cuestións que cremos que tamén son necesarias e que nos parecen precisas nesta altura.

O primeiro é que se presente neste Parlamento un estudo sobre a situación epidemiolóxica da saúde mental en Galiza. Como dicía antes, a situación era grave con anterioridade á pandemia, pero a pandemia o que fixo foi saltar polos aires a situación previa. Por iso cremos que é preciso ter información e coñecer a dimensión do problema de cara a establecer o alcance das medidas para actuar con eficiencia. Se non se coñece a dimensión do problema, é moi difícil acometer medidas. Levamos demandando esta cuestión, e que a Xunta do Partido Popular non o faga, quere dicir que non quere ter os datos para non ter o espello e ter que afrontar o problema. Crémosto necesario e por iso presentamos esta emenda.

Tamén presentamos na emenda a petición de que se presente unha memoria da aplicación do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024, co o número de unidades de atención infantoxuvenil, o seu funcionamento, o número de profesionais incorporados, onde, que tipo de contratos, as unidades de prevención de suicidio...

Vai facer dous anos que o Partido Popular publicou o Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024, e non hai ningunha memoria onde se verifique que nivel de cumprimento está tendo este plan, como se está actuando, realmente que se está poñendo en marcha e que se está solucionando. Parécenos que é preciso que este Parlamento coñeza re-



almente se está sendo efectivo ese plan, se se están poñendo medidas, onde e de que xeito, porque os titulares están moi ben, quedan moi bonitos, pero a realidade máis ben é outra cousa. E o BNG quere coñecer cal é esa situación.

Tamén presentamos unha emenda pedindo a creación nos centro de saúde de atención primaria de prazas de psicólogas e psicólogos clínicos, de terapeutas ocupacionais, de logopedas, de traballadores sociais...; é dicir, uns equipos multidisciplinares que permitan o traballo de atención á saúde mental en atención primaria e nos centros de saúde. Despois de moita presión por parte da Xunta, ao final, anunciaron este plan e a creación de prazas de psicoloxía clínica, de enlace con atención primaria; dunha por área de saúde, e nin sequera o cumpriron, nin sequera todas as áreas teñen unha persoa de enlace. *(Aplausos.)* Cremos que é totalmente insuficiente.

Está máis que demostrado en moitos estudos que o trinta por cento, máis ou menos, das patoloxías de atención primaria teñen a ver coa saúde mental. Polo tanto, unha persoa de enlace entre a saúde mental e a hospitalaria é manifestamente insuficiente. ¡É manifestamente insuficiente! Porque as demoras en canto á continuidade nas atencións son escandalosas. Non pode haber unha atención á saúde mental cando as primeiras consultas en hospitalaria tardan meses e logo as de continuidade teñen unha cadencia tamén de meses. ¡Iso non é atención á saúde mental! ¡Iso é deixar tirada á xente! *(Aplausos.)*

Polo tanto, hai en atención primaria a necesidade de ter recursos. É posible, é necesario, e por iso presentamos esta emenda, porque nos parece insuficiente a petición que se fai. Evidentemente, mellor iso que nada, pero cremos que se pode ir a máis e que se debe ir, porque a magnitude do problema realmente é moi importante. E pedimos un incremento do orzamento. ¡Pedimos un incremento do orzamento! Porque queda moi ben dicir que hai que atender a saúde mental, pero logo non se poñen recursos sobre a mesa.

Anuncian un Plan 2020-2024 con 83 millóns de euros a catro anos, pero logo non o poñen no orzamento. Nos dous orzamentos, que anunciaron o plan, apenas hai tres ou catro millóns por ano. ¡Así é imposible! Tardariamos oitenta anos en chegar a cumprir ese orzamento. E sen recursos non é posible atender, sen recursos non son posibles máis profesionais, sen recursos non son posibles máis dispositivos e sen recursos non é posible atender a poboación.

Levamos anos demandando ese aumento orzamentario e topámonos continuamente co muro do Partido Popular, que vota sistematicamente en contra. Pedimos orzamentos para atender as necesidades da xente e non orzamentos para atender as demandas das familias do Partido Popular nin para que se enriquezan os amigos e as familias do Partido Popular, que é para o que vostedes destinan os recursos; *(Aplausos.)* algo que xa sabiamos e que xa denunciemos, pero é que agora se autodenuncian entre vostedes. Intentan tapar o tema con que o problema non é que se saiba a onde queren vostedes destinar os recursos, senón que o problema é que se coñeza, non que o fagan. *(Aplausos.)* ¡Non que o fagan! ¡Ese é o problema do Partido Popular!

E nós demandamos un aumento dos recursos do orzamento para mellorar os servizos públicos, para mellorar a sanidade pública, para mellorar a atención á saúde mental, que é a



onde teñen que ir os cartos que pagamos a cidadanía, os cartos que pagan os galegos e as galegas, e non para dar contratos a dedo nin para favorecer o negocio —señores e señoras do Partido Popular—, que é a súa prioridade. E demandamos orzamento, efectivamente, para eliminar a dificultade ao acceso á saúde mental.

Os últimos datos publicados pola propia Xunta de Galiza, polo Sergas, en xuño do ano 2021 —porque os que tiñan que ter publicado en decembro aínda non os publicaron— dicían que había 720 persoas agardando para unha primeira consulta de psiquiatría. ¡720 persoas agardando para unha primeira consulta de psiquiatría! ¡Xa me dirán vostedes como se pode atender a poboación con esta lista de espera! Igual que os déficits crónicos de persoal. Son necesarios recursos para eses déficits crónicos, porque estamos á cola xa non só do Estado, senón da Unión Europea. E o actual cadro de persoal significa en Galiza o 68 % do que sería preciso en Psiquiatría, o 49 % do que sería preciso en Enfermaría, o 50 % do que sería preciso en Psicoloxía... E podíamos seguir así...

Evidentemente, sen orzamento, sen profesionais, sen recursos e, sobre todo, sen tomar en serio o gravísimo problema que teñen miles de galegos e galegas non é posible atallar o problema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes.

Hoxe tócanos debater novamente un tema de saúde, que, como calquera tema de saúde, é prioritario, e debemos de tratalo con respecto, seriedade e con verdades. A saúde é o ben máis prezado que temos. Cando calquera de nós ou do noso contorno se enfronta a un problema de saúde, todo o demais pasa a segundo termo.

A maiores, hoxe debatemos sobre saúde mental, unha cuestión que precisa visibilidade e evitar ese estigma que sempre acompaña este tipo de padecementos. É fundamental que falemos da enfermidade mental como de calquera outra patoloxía. Está nas nosas mans, nas mans dos gobernos e da cidadanía, cambiar a maneira de velo, ofrecer apoios, amparo e agarrimo a calquera que pase por esta situación. É un tema demasiado serio como para facer relatos tratando de politizar ou de polemizar.

Pasar por unha depresión é sempre un momento existencial moi complexo, por iso son necesarios moitos recursos, moita axuda e moito apoio. E a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade sempre estiveron aí, coidando a saúde dos galegos, e por iso xa na anterior lexislatura comezou a traballar na elaboración dun novo plan de saúde mental. Aí é a onde imos,



señor Torrado. Hai un plan de saúde mental e estase a cumprir, e non deixa de ser curioso o xeito de construír relatos que ten o Partido Socialista.

Igual que na pandemia xa vimos que para o Goberno de Sánchez as malas noticias, como as restricións, eran cousas das comunidades autónomas e as boas, como a vacinación, eran do Goberno central, tamén agora na saúde mental parece que as boas novas chegan da man do Partido Socialista galego.

Señor Torrado, vostede di na súa exposición de motivos que, despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo do ano 2021 se chegou a un acordo. Esquece vostede un paso importante polo medio: no ano 2020 a Xunta de Galicia aproba un plan de saúde mental dotado con 83 millóns de euros, co compromiso de contratar a 241 profesionais. Este é o fito fundamental, non o acordo, e dígolle máis: o primeiro acordo en materia de saúde mental nesta lexislatura foi precisamente unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego na Comisión de Sanidade en outubro do ano 2020, na que pedía que a Xunta comparecera para explicar este plan.

E así foi. En decembro do ano 2020 o director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas compareceu e deu conta con detalle das medidas do Plan de saúde mental de Galicia postcovid 2020-2024; un plan que, por certo, xa estaba publicado en internet con total transparencia. E penso que tanto vostede, señor Torrado, como a señora Prado estaban presentes nesa Comisión 5ª. Polo tanto, ese acordo ao que fai referencia o señor Torrado na súa iniciativa de hoxe chegou tres meses tarde desa comparecencia e nove meses máis tarde da aprobación polo Consello da Xunta do dito plan.

E o acordo, señor Torrado, que vostede indica na súa iniciativa, non foi en relación cunha proposición non de lei do Grupo Socialista, senón que foi cunha moción. E o matiz é importante. ¡É importante por un motivo fundamental! Porque as mocións veñen precedidas dunha interpelación, e foi nesa interpelación do anterior pleno cando o conselleiro fixo ese compromiso da creación de 120 novas prazas que logo vostede recolleu no texto da moción. ¡É así! Polo tanto, ese compromiso non sae dunha iniciativa socialista. Ese compromiso está aquí (*A señora Amigo Díaz amosa un documento aos membros da Cámara.*): os 120 novos profesionais que están contemplados, deses 241 que falaba antes no Plan de saúde. Afortunadamente, iso é así, porque se a iniciativa fose socialista probablemente fose máis cativa.

No ano 2021 vimos que o Goberno de España do señor Sánchez presentaba un plan de acción de saúde mental dotado con 100 millóns de euros para toda España. Lembremos que o plan galego contempla 83 millóns só para Galicia. Non sei que pensa deste orzamento a señora do BNG; por outra parte, partido necesario para que Pedro Sánchez chegase á Moncloa.

Como dicía, eses 83 millóns de euros que Galicia contempla son millóns que se están executando. Podémolo ver nos orzamentos coas 120 prazas dotadas entre o 2020 e o 2021: 32 de Psiquiatría, 31 de Psicología Clínica, 32 de Enfermaría especialista en saúde mental, 11 de Auxiliar de Enfermaría, 12 de Traballo Social e 2 de Terapeuta Ocupacional. Están nos orzamentos para quen queira velas, pero, ademais, non só se están a dotar, senón que se están a cubrir coa máxima celeridade posible. En xullo do ano 2021, elevouse un informe ao Con-



sello da Xunta informando de que xa se cubriran 95 desas prazas; e a semana pasada, nun acto en Ourense, o presidente da Xunta confirmou que eran xa 100 os profesionais contratados. Só están a quedar vacantes algunhas prazas de enfermaría especialista en saúde mental pola carencia de profesionais con esta especialidade, que aínda é recente, pero que se irán cubrindo a medida que se incorporen novas promocións.

Por certo, quero destacar que Galicia é unha das comunidades pioneiras en crear esta especialidade e, grazas a iso, convocáronse 60 prazas nas OPE de 2017 e 2018, que xa están resoltas. Co cal, Galicia conta xa con 60 profesionais na Enfermaría especialista en saúde mental con praza en propiedade, cousa que moi poucas comunidades poden dicir. Polo tanto, o primeiro que nos pide o señor Torrado na súa iniciativa —en concreto, que verifiquemos o cumprimento da creación de prazas que anunciou o conselleiro—, ao noso xuízo, é absolutamente innecesario.

Ademais, eu convídoos a consultar as múltiples informacións que, ao longo destes meses, deron conta da creación destas prazas e nas que se comunicaba a posta en marcha das novas unidades e programas que compoñen o plan: unidades de adultos en Ordes, en Tui, en Oleiros; a ambulatoria infantoxuvenil de Vigo, do Hospital de Día Infantoxuvenil de Vigo, o Hospital de Día Infantoxuvenil de Santiago...

E é, precisamente, sorprendente que un dos puntos que inclúe o Partido Socialista de Galicia nesta iniciativa sexa desenvolver, de maneira efectiva, ese Plan galego contra o suicidio. Señor Torrado, para desenvolver de maneira efectiva un plan o primeiro que hai que facer é ter un plan, e a Xunta de Galicia teno; non pode dicir o mesmo o Goberno de España. En xaneiro deste ano —concretamente, o día 31 de xaneiro— liamos en prensa: «*Suicidio. Sanidad descarta y ve innecesario crear un plan específico para reducir el suicidio*», do 31 de xaneiro do ano 2022. Pero, dentro das cousas ás que nos ten acostumados o Partido Socialista, non podemos entender o criterio; aínda que en febreiro do ano 2020 liamos: «*El Ministerio apuesta por un plan específico frente al suicidio*», xa me explicará vostede como vai iso.

Con estes antecedentes, señor Torrado, dubidamos de que sexa o Partido Socialista o que deba de guiar a actuación de ningunha administración fronte a un problema tan serio. Pero é que, ademais, resulta case unha burla que vostede traia en febreiro de 2022 este punto da iniciativa, cando no ano 2021 Galicia pasou de contar cunha unidade de prevención de suicidio a contar con seis unidades. Probablemente, o que vostede quere é —se hoxe lle votamos a favor deste punto— aparecer o ano que vén —como fixo hoxe— dicindo que as novas unidades de prevención do suicidio se deben a unha PNL do Partido Socialista Obreiro Español.

Respecto do resto dos puntos, o 3 e o 4, xa estaban na moción orixinal da que deriva ese acordo ao que vostede fai referencia, e nin o compartiamos antes nin o imos compartir agora.

No punto número 2, sabe perfectamente que o Plan de saúde mental contempla unidades de hospitalización de día infantoxuvenil en cada área sanitaria, como as que funcionan xa en Vigo, en Santiago ou en Ourense, ou como as que o presidente comprometeu este mes, que entrarán en funcionamento este ano en Lugo ou na Coruña.



Respecto da hospitalización de agudos, o conselleiro xa respondeu neste pleno ao BNG, que preguntou xusto a semana na que se licitaba o proxecto, sobre unha segunda unidade de hospitalización infantoxuvenil de saúde mental de agudos en Galicia, que estará ubicada no Hospital Álvaro Cunqueiro. Este proxecto arquitectónico xa está adxudicado desde finais de novembro do ano pasado; co cal nestas datas finalizarán seguramente os prazos para a entrega e probablemente pronto se licite a obra.

En consecuencia, señor Torrado, vostede vén aquí pedir ben cousas ás que xa lle votamos en contra anteriormente, ben cousas que é público e notorio que xa están en marcha ou que están xa moi avanzadas. E, dígolle máis, o Parlamento dispón de instrumentos moito máis sinxelos para ter información sobre o cumprimento dun acordo. Podería vostede preguntar. Eu mesmo mañá vou preguntar neste pleno sobre o futuro deste plan. Convidoo, desde logo, a que estea atento á resposta que mañá lle vai dar o conselleiro. Pero vostede non pregunta. Desde aquela interpelación de marzo do 2021, na que o conselleiro lle respondeu con todos os datos de creación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...de novas prazas —remato xa— que vostede logo plasmou na moción, non volveu meter nin unha soa pregunta.

Vostede é moi dado a criticar as iniciativas que vostede chama «botafumeiro» do Goberno, pois debería empezar deixando de presentar iniciativas botafumeiro da oposición, intentando colgarse medallas que non lle corresponden. As medallas, en todo caso, correspóndelles a eses 100 profesionais contratados pola Xunta que están a dar máis e mellores servizos de saúde mental á cidadanía galega e que seguirán medrando ata o 2024 grazas ao Plan da Xunta, non grazas a iniciativas do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Só quería dicir que, no día de hoxe, Galicia ten un Plan de saúde mental que está en marcha e que é unha realidade; un plan perfectamente adaptado ás necesidades que a sociedade galega precisa. E non teña dúbida de que a Consellería de Sanidade estará alerta para calquera cambio que sexa posible e se poida realizar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Por ir por partes, quería agradecer a aportación do BNG, que plantexa unhas cuestións moi interesantes. Para non deixalo para despois —se non o presidente, ademais, vaimos recordar—, vou ir primeiro pola emenda.



A parte da emenda que se plantexa como engádegas non temos problema en incorporala. É algo moi duro pedir un informe..., pero nós estamos a favor. Temos limitadas expectativas de que se aprobe e, se se aproba, máis limitadas aínda de que se faga. Pero cremos que é moi acaída.

O BNG plantexa emendar o punto 4, e non compartimos exactamente ese mesmo punto de vista. Non é que non compartamos —que o facemos— a necesidade de incorporar profesionais do eido da saúde mental ao sistema da primaria. O que nós defendemos é facelo non como unha parte do servizo de saúde mental —que agora está localizado nos hospitais ou en entornos hospitalarios—, senón que sexa o mesmo servizo o que teña a conexión e a ponte directa primaria-hospitalaria, non —digamos— disgregar dous servizos paralelos. En todo caso, son cuestións moi de matiz, pero cremos que ese é o modelo máis eficiente —aínda compartindo sempre a necesidade que plantexa o BNG de incorporar máis profesionais—. Gardámonos non aceptar esa modificación do punto 4 e si incorporar o resto da emenda de engádegas como engádegas, evidentemente, pero agradecemos as aportacións.

Sobre as aportacións da señora Amigo, en nome do Partido Popular, eu, a verdade, non esperaba especialmente moitas afirmacións nesta liña. Vou ir sobre a cuestión da saúde mental agora, pero eu téñoille moito respecto ao labor que facemos neste Parlamento todos os deputados e deputadas. Creo que non é de recibo pretender minusvalorar ou desprezar así o Parlamento. Vostede vén aquí facer unha PNL e cre que por iso se fan cousas. ¡Home!, eu teño a sensación de que o Parlamento fai cousas. Como dicía Mariano Rajoy: «*Gente que hace cosas*». (Risos.) (Aplausos.) ¡Non se rían de Rajoy, non se me rían de Rajoy, que non está a cousa para andar ríndose de Rajoy!

O Parlamento fai cousas e non está de máis que teña ás veces acordos, digo eu. Se vostede o que me quere transmitir como deputada é que dá igual o que fagamos os deputados que xa o Goberno despois fará as cousas, non llo podo comprar. Certamente é así ás veces, pero non podemos aceptar que un deputado diga: «Vostede vén aquí a presumir dun acordo parlamentario». Todos deberíamos presumir. ¡É un acordo común de todos! Porque me pregunto: ¿como é isto?, ¿vostedes votan a favor das cousas sabendo que non valen para nada? É un pouco sorprendente, ¿non? ¿Apoian cousas que non valen? —e non me refiro a Pablo Casado—. (Risos.) Porque vostede, se vén aquí e defende algunha iniciativa ou chegamos a algún acordo como chegamos, supoño que non pode vir despois a dicir: Vén vostede aquí a presumir dunha iniciativa que acordamos. ¡É que nós trouxemos un acordo a este Parlamento de algo que non se estaba facendo naquel momento!

Entre outras cousas —para ir aos números que demostran que nós defendemos que é certo que non se cumpriu— aprobamos 120 prazas en 2021. As informacións propias da Xunta de Galicia afirman que se convocaron 100 prazas entre 2020 e 2021, e 100 prazas en dous anos non son 120 prazas nun só Por tanto —como dixeran ao principio—, cumpriuse en parte pero non en todo. E nós demandamos que se cumpra. Non é tan difícil para nós comprender que se poida recoñecer que unha parte se cumpriu pero non en toda. Outra cousa é que me diga vostede que vostedes aprobaron algo que sabían que non ían cumprir, pero iso xa lles queda para vostedes, non é a nosa maneira de facer política, non é a nosa.

Por tanto, non me pode argumentar —e pretendo reduci-lo ao das prazas porque non teño máis tempo e é o mellor exemplo— que non vale de nada o que fagamos aquí. ¡Claro que



vale! ¡Claro que vale! E, se non, expliquen vostedes para o que non vale o Parlamento, pero eu téñolle moito respecto á institución e ao traballo que desenvolvemos todos os deputados e deputadas, cos que ás veces coincido e ás veces non.

Pero, en todo caso, o que nós defendemos é que si, hai un plan —tamén o dixen eu—, si, hai un plan pero non temos un modelo. ¿Cara a onde imos? Porque ese plan non dá ningunha resposta estratéxica a saber se queremos descentralizar servizos ou concentrar. Non dá ningunha resposta sobre o tipo de traballo que queremos facer asistencialmente. Non fala de se queremos integrar o servizo de saúde mental dentro do sistema —que é o natural e o que están facendo en todos os países desenvolvidos do mundo— ou de se queremos apartalo —por iso a necesidade de integrar servizos, que hoxe dan incluso algúns concellos, dentro do Sergas—. Non hai ningún avance feito sobre o centro de Conxo, como vostedes dixeron, hai avances que fan os profesionais en virtude da súa capacidade, pero non avances en recursos reais. E avanzar en recursos para o centro de Conxo non é cambiar unhas ventás ou poñer mellores cerraduras. Non, non vai diso. E isto é o que nós defendemos. Non hai un modelo para atender.

Vostedes presumían nun tempo de pechar centros psiquiátricos en Galicia e nós cremos que ese non é un bo modelo se un non sabe a onde vai. Por tanto, temos que saber ou ser capaces de saber cara a onde imos. ¡Isto non o di o plan! O Plan de saúde mental de Galicia xera moitísimos titulares. Aínda non dá unha idea de cara a onde imos, porque hoxe —e volvo ao principio e remato con isto— a atención en saúde mental en Galicia non é un dereito real. Non o é porque non pode ser atendida unha persoa que necesita saúde mental en Galicia polo Sergas en condicións mínimas para ser eficiente.

E, por tanto, mentres iso non se cumpra...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ...hai que presumir o xustiño. E nós defendemos medidas para lograr que se cumpra. A vostede parécenlle poucas e, aínda así, despois non as cumpren. Entón, mal imos, señora Amigo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de re-habilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa da súa deputada Begoña Freire Vázquez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a entregar de forma inmediata o informe de avaliación do Plan Rehavita Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 comprometido para 2021 no que se inclúan como mínimo os seguintes aspectos:

— O valor acadado para cada un dos indicadores previstos.

— Os datos da inversión real e os obxectivos concretos alcanzados, de forma detallada para cada un dos programas que se inclúen nos distintos eixos de actuación do plan.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Hai xa máis dun ano que finalizou o anterior plan de vivenda, o de 2015-2020, e daquela dende o BNG presentamos varias iniciativas nas que lle pediamos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que presentase un informe de avaliación cos datos e os resultados dese plan. Porque o exercicio do poder, señores do Partido Popular, non é só prometer, tamén é dar conta dos resultados e traer aquí os resultados finais dos plans que formulan.

A principios de 2021 aprobouse nesta Cámara a entrega dese informe por parte da Xunta, incluso co apoio favorable do Partido Popular previa emenda —iso si— de que a entrega se adiaase a finais de 2021. Pero é que estamos en 2022 e ese plan non chegou.

¿A alguén desta Cámara lle parece razoable que a Consellería de Vivenda leve catorce meses, dende que caducou o anterior plan de vivenda, sen entregar un informe de avaliación no que tan só ten que recompilar os datos de execución e os resultados dos programas que ten o propio Instituto Galego de Vivenda e Solo? ¿Que lles pasa nesa Consellería de Vivenda? ¿Perderon os datos nalgún disco duro ou é que están pensando que imos esquecernos de reclamar e de que dean contas nesta Cámara? *(Aplausos.)*

Eu creo que, en realidade, o que lle pasa ao Partido Popular é que teñen demasiado normalizado iso de evitar render contas e de meter debaixo da alfombra as súas vergoñas, xa sexa na política de vivenda da Xunta de Galiza ou no lamentable espectáculo que están dando estes días. *(Aplausos.)* O problema de fondo do Partido Popular é que teñen demasiado normalizada a mentira. E a mentira política é a peor das mentiras, porque é a mentira do poder dirixida aos cidadáns aos que representa. *(Aplausos.)*

Pero o certo é que o Partido Popular ten tan interiorizada a mentira que xa teñen un depurado método que, no caso da política de vivenda da Xunta, é moi evidente. O primeiro paso



consiste en lanzar unha idea xeral que recolla e conecte cunha vontade social maioritaria aínda que vostedes realmente non crean nela. Neste caso, sería algo así como: A Xunta de Galiza está comprometida coa política de vivenda e por iso presentamos este fantástico plan de vivenda.

Logo vén o seguinte paso, que é soste esa falsa idea. E aquí entra a propaganda institucional. Cada *equis* tempo a Consellería vai anunciando a activación de diferentes programas que —como veremos máis adiante— logo non se cumpren, porque a maioría non teñen fondos e outros directamente nin chegan a funcionar. Unha das principais postas en escena desa propaganda son os orzamentos. Aí a Xunta aproveita para anunciar algo que soa a grandes cifras, pero a realidade é que despois non se executan. Porque, se imos ao último exercicio auditado, dous de cada tres euros dos programas de acceso á vivenda non se executaron e un de cada tres euros dos programas de rehabilitación non se executaron. Por tanto, nin hai cumprimento de programas nin cumprimento de orzamentos. A Consellería de Vivenda parécese máis ben a unha especie de *photocall* portátil de anuncios da conselleira pero logo, cando un mira detrás da lona, non hai absolutamente nada. E cando un ve ese baleiro que hai nas políticas de vivenda da Xunta resulta comprensible que no fondo lle resulte difícil á Xunta manter a súa propia mentira só coa propaganda.

Entón, aquí aparece o terceiro elemento da fórmula, que é que ten que haber unha certa organización fóra de San Caetano que sosteña a mentira. No caso de vivenda, vostedes contan cun gran respaldo, en boa parte dos medios, nomeadamente na manipulación que vostedes exercen nos medios públicos, e dende aí encárganse de dúas tarefas fundamentais. A primeira é que non se verifiquen cales son os datos reais de cumprimento das medidas. Hai que publicitar a propaganda oficial pero nunca, nunca, nunca revisar os datos dos resultados. E o segundo elemento que fan é crear un marco de debate propicio ao Goberno. É bastante chamativo neste país que os desafuizamentos por impago de alugueiro multipliquen por máis de dez o número de ocupacións pero que os primeiros non ocupen nunca portadas. Así nunca falamos das responsabilidades que ten a Xunta en materia de acceso á vivenda. E estou segura de que, se o Goberno da Xunta se vise sometido a un control da opinión pública realmente informada, vostedes non durarían nin media lexislatura. Vostedes isto sábeno e por iso obstaculizan o labor de control desta Cámara.

E aquí entra o cuarto paso do método depurado da mentira do Partido Popular: non render contas ante esta Cámara e bloquear o labor de control da oposición. Por iso hoxe vimos aquí a exixirles que entreguen dunha vez por todas o documento de avaliación do Plan de vivenda —que tiña que estar feito hai un ano— con toda a información detallada de cal foi a execución de cada un dos programas. E queremos tamén que dean conta da falta de cumprimento de obxectivos que vostedes anunciaron.

Pero ademais queremos aproveitar esta intervención para desmontar a propaganda do Partido Popular en materia de vivenda. Porque é certo que non dispoñemos de todos os datos dos que deberíamos, pero si que a partir da recompilación de diversas fontes podemos facernos unha composición de lugar do resultado dese Plan de vivenda 2015-2020 e ir adiantando algunhas das verdades que vostedes queren ocultar.



Vostedes prometeron e anunciaron que con ese plan ía ser unha prioridade a promoción pública de vivenda. Pero a realidade é que, se imos aos datos do IGE, entre 2015 e 2020 só se iniciaron 400 vivendas protexidas en Galicia. ¿Saben cantas vivendas se iniciaban, por exemplo, no ano 2006? Iniciábanse 4.200. É dicir, vostedes en cinco anos fixeron unha décima parte do que se facía nun ano antes de que entrase Feijóo na Xunta. Hai anos incluso que son un auténtico deserto de vivenda protexida. Temos anos con catro, cinco, ou incluso dúas vivendas protexidas iniciadas nese ano. Por tanto, prometían vivenda pública e paralizaron a vivenda pública. *(Aplausos.)*

E vostedes tamén prometeron e anunciaron con ese plan que era unha prioridade aumentar o número de vivendas protexidas en réxime de alugueiro —porque hai unha carencia moi grande—. Pero se imos aos datos do Ministerio de Fomento, extraídos do Boletín sobre a Vivenda Social, entre os anos 2014 e 2018, en Galicia houbo —atención— ¡unha vivenda pública en réxime de alugueiro! Nun período de cinco anos, ¡unha nova vivenda pública en alugueiro! Señorías, a política de vivenda do Partido Popular é unha mentira e unha grande estafa. *(Aplausos.)*

Vostedes tamén prometeron e anunciaron que con ese plan sería unha prioridade dispoñer de solo para a construción de vivenda pública. Segundo os datos do informe de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2018-2020, en 2018 a superficie de solo adquirido foi de cero metros cadrados, e en 2019 a superficie de solo adquirido foi de cero metros cadrados. Señorías, as políticas de vivenda da Xunta son a inacción máis absoluta, a paralización da adquisición e preparación de solo público e a paralización da construción de vivenda protexida.

E aquí quería, sobre todo, parar nun punto chave, que é a relación precisamente entre estes dous aspectos: solo público e vivenda protexida. Porque o Plan de vivenda de 2015-2020 do Partido Popular dicía algo moi interesante. Voulles ler: «É fundamental planificar solo e impulsar vivenda de promoción pública para que os poderes públicos teñan a capacidade» —atención— «de actuar como reguladores do prezo da vivenda en momentos de desequilibrio que deixan desprotexidos importantes sectores da poboación».

Saquen conclusións, señorías do Partido Popular. Se vostedes non adquiriron solo e se vostedes non fixeron vivenda protexida, segundo o que se afirma no seu propio plan son vostedes corresponsables por inacción da actual suba de prezos e de deixar desprotexida a xente deste país ante os prezos abusivos da vivenda. *(Aplausos.)* O titular que merecerían realmente é: O incumprimento da Xunta do seu plan de vivenda favorece a suba abusiva dos prezos da vivenda. Por tanto, non é un problema só de que non fagan vivenda protexida, senón que tamén ten outras consecuencias máis profundas e estruturais. E levamos tempo advertíndolles de que unha bolsa de vivenda pública ampla é un mecanismo de regulación dos prezos da vivenda libre. E é o mesmo que din vostedes na literatura do seu propio plan, pero, claro, aquí voltamos á premisa inicial, e é que este plan era unha gran mentira do Partido Popular, no que vostedes anuncian o que a xente espera dos seus plans de vivenda pero no que despois fan o contrario.

E o mesmo atopamos noutros apartados do programa, como no de vivenda baleira ou no de rehabilitación. ¡Todo é unha gran mentira! E a última de todas —e a que pon o ramo a este



plan— é que vostedes se comprometeron a traer un informe cos resultados do plan o ano pasado e non o fixeron. ¡Mentiras aos galegos e galegas e mentiras tamén a esta Cámara que os representa!

Vostedes queren negarnos a capacidade de fiscalización, pero nós traémoslles datos contrastados. Oxalá tiveramos todos os que vostedes encerran, pero só vendo isto —a punta do iceberg— enténdese mellor por que os ocultan. E quero recordarlles, señorías do Partido Popular, que, cando vostedes menten cos plans, cando vostedes menten cos orzamentos —que nunca se cumpren—, non desprezan a verdade, desprezan a quen gobernan e desprezan os problemas da xente deste país para acceder á vivenda.

O que lles solicitamos con esta iniciativa é moi claro. Primeiro, que entreguen de forma inmediata a información que deberían e, segundo, que dean unha explicación da tremenda brecha que existe entre os obxectivos marcados e os resultados acadados. Porque render contas non é só dar información —que, por certo, xa debería ser pública—, é tamén facer un contraste entre o prometido e o cumprido e que vostedes asuman a súa responsabilidade. Non agardamos —esperemos— máis que o seu voto favorable, o de todos os grupos, incluso o do Partido Popular, porque estou segura de que esta iniciativa tamén debería servir para que a Consellería se poña a andar e que dende o Goberno presenten de forma inmediata ese informe. Porque render contas coa cidadanía e coa Cámara que a representa non é unha opción para un goberno, é unha obriga. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas, señorías.

Antes de nada, quero dicir que en ningún momento a Xunta de Galicia, señora Fernández, se negou a facilitar información sobre o balance do Plan RehaVita. Isto non é certo, señora Fernández. Sabe vostede que isto non é certo pero segue insistindo, porque, se non, cáelle o discurso. O Goberno galego, o goberno do Partido Popular, leva moitos anos traballando en políticas de vivenda cun marcado carácter social para facilitar o acceso á vivenda dos galegos e galegas. Hai dous plans sobre a mesa, o Plan RehaVita e o Pacto social pola vivenda, deseñado con todos os axentes, aprendendo, como non, do anterior plan e avaliándoo, señorías, cun enfoque de mellora continua.

Vou referirme ao Plan RehaVita, o obxecto da iniciativa. O Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita, foi o primeiro plan de vivenda deseñado por un goberno galego, e ademais foi un goberno do Partido Popular. É un plan estruturado en torno a catro eixos de actuación: acceso á vivenda, rehabilitación de vivendas e renovación urbana, prevención da exclusión residencial e outras



medidas en materia de vivenda. Son eixos de actuación que comprendían, cada un deles, distintos programas que abarcaban dende o rural ata os cascos históricos —sen esquecer o resto do territorio e cun amplo catálogo de liñas de actuacións—. Os programas van dende a promoción pública de vivendas a programas de alugueiro de vivendas, pasando pola rehabilitación de vivendas, as áreas de rehabilitación integral, as áreas Rexurbe, ata a vivenda de promoción pública de inserción. Son catro eixos de actuación e once programas con distintas liñas de actuación adaptados ás peculiaridades da nosa comunidade. É un plan ambicioso que prevía tanto actuacións directas do Instituto como axudas a particulares e comunidades de propietarios, un plan que pon énfase no deseño da política de vivenda en función das necesidades reais da demanda de vivenda protexida e na rehabilitación do patrimonio construído, e que tamén —moi importante— soubo dar resposta á situación de persoas que, con motivo da crise económica, estaban inmersas en situacións de execucións hipotecarias e desafiuzamentos. E velaí os programas como o de realoxamento de afectados por execucións hipotecarias, o de apoio a situacións de emerxencia residencial ou de reparación de infravivendas rurais.

Fíxose un importante esforzo para apoiar activamente as políticas en materia de vivenda dirixidas ás persoas que máis o necesitan, co bono de alugueiro social para paliar os efectos dos desahucios por impago de rendas —que beneficiaba tamén a aqueles xoves menores de idade tutelados pola Xunta de Galicia unha vez alcanzasen a maioría de idade e para facilitarles o acceso á vivenda— ou cos convenios con entidades bancarias, coa Fegamp e cos acordos de colaboración coa Sareb, que foron capaces tamén de dar resposta a situacións complicadas. E, mesmo nestes últimos meses, vimos como grazas a un convenio IGVS-Sareb se logrou resolver o problema das vivendas de Burela fronte —iso si— á pasividade do Goberno estatal.

En resumo, foi un plan que soubo dar resposta ás diferentes necesidades de vivenda dos galegos e galegas redobrando esforzos, incrementando as partidas orzamentarias, activando novos programas e medidas para poder atender máis situacións e dar resposta a un maior número de persoas e familias, e pensando en primeiro termo nas persoas.

Tal como indica o nome do plan, comprendía o período que vai dende o 2015 ao 2020, ambos os dous anos incluídos. Pero co remate do ano 2020 e a aprobación do novo Pacto social pola vivenda non significa que o Plan RehaVita estivese xa rematado en 2021. Isto xa se explicou en sede da Comisión 2ª deste Parlamento, na sesión do 3 de marzo de 2021, no debate da Proposición non de lei 9969, presentada por instancia do Grupo Parlamentario Socialista. Explicouse entón que a realidade era que moitas das actuacións e axudas incluídas no Plan RehaVita eran plurianuais e, polo tanto, no ano 2021 estarían aínda en execución. Explicouse tamén que, ademais, algunhas das axudas continuarían vixentes varios anos despois do remate do 2020, como son as actuacións en áreas de rehabilitación integral, xa que os fondos asignados no 2020 aos concellos para as ARI estarían en execución ata finais do ano 2025. E explicouse tamén que, con motivo da covid, o ano 2020 foi un ano complicado no que houbo que ampliar prazos con motivo da paralización da actividade. En resumo, no momento en que se presentou esa PNC do Grupo Parlamentario Socialista, en marzo de 2021, non era factible realizar un balance global do Plan RehaVita, xa que non daría unha imaxe real dos obxectivos acadados. Tamén dixemos entón que tampouco parecía apropiado agardar cinco



anos para coñecer as cifras definitivas do plan, polo que sería posible realizar un informe de avaliación a finais do 2021 que incluíra xa información sobre as actuacións e axudas con anualidades en 2021 e no que unicamente quedarían pendentes de pechar os datos correspondentes a aquelas que se prolongan máis aló de finais de 2021.

Explicado e entendido isto ao que acabo de referirme, acadouse no debate desa Comisión 2ª unha transacción, que foi aprobada pola unanimidade dos diferentes grupos e que é o texto da emenda de substitución que o Grupo Parlamentario Popular presenta á PNL do BNG que hoxe debatemos. Se hai uns meses se acadou un acordo unánime coa achega de todos, penso que hoxe tamén poderíamos acadar ese acordo. Polo tanto, o compromiso acadado de presentar o dito informe ao Parlamento de Galicia era a presentación dese informe ao remate do ano 2021, señora Fernández. Ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego xa se lle respondeu por escrito que se estaba traballando na elaboración dese informe, e aínda así presentou varias iniciativas rexistradas no mes de xaneiro —como é o caso da que debatemos hoxe— coas que modifican e varían agora o compromiso acadado na transaccional á que me referín.

Señora Fernández, o próximo xoves 24 de febreiro o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo dará as explicacións oportunas na Comisión 2ª do Parlamento sobre as razóns polas que o informe non puido ser remitido antes e polas que se remitirá nos próximos días. En ningún momento, señora Fernández, a Xunta de Galicia se negou a facilitar información sobre o balance do Plan RehaVita. Explicáronse os motivos polos que era preciso esperar a que finalizase o ano 2021 para emitir ese informe e polo que unicamente quedarían as actuacións pendentes relativas ás ARI. E niso quedamos todos os grupos.

Señora Fernández, estamos en febreiro e sinceramente teño que dicirlle que parece que pouco respecto mostra vostede polo traballo dos demais. É fácil entender que un informe de avaliación non se fai en dous días, e é fácil entender que as persoas teñen circunstancias persoais e que tamén o IGVS está neste intre, e desde hai meses, desbordado de traballo coas convocatorias de axudas que teñen que saír —hai 31 programas que xestionará o IGVS neste ano 2022—. Unicamente podo entender esta postura cando nunca se xestionou e cando non se sabe o inxente traballo que supón xestionar. Pero, claro, aínda me parece peor cando veñen vostedes aquí poñendo en dúbida o traballo e esforzo que se fai dende a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, e dende o IGVS. ¡Claro que se fai balance, señorías! Réndense contas, pero coas contas claras, con rigor e seriedade, sen terxiversar e sen falsear.

Falan sempre da deficiente execución, e isto non é certo. E ademais fano sen xustificación ningunha. Os datos de execución están publicados nas contas anuais do IGVS. E quero referirme ao ano 2021, porque non me dá tempo a referirme a todos. No ano 2021, a execución real sobre os fondos executables do seu orzamento é do 78,75 %. Se se consideran só os fondos da Comunidade Autónoma, a execución é do 83,63 %. No Plan de vivenda 2018-2021 a execución foi de 106,5 millóns, o cen por cento comprometido. É certo que esta execución á que me refería do ano 2021 podería ser superior se non fose pola imposibilidade de executar preto de seis millóns de euros destinados a San Paio de Navia. A dita adquisición dese solo en San Paio de Navia non puido realizarse como consecuencia dos atrasos xerados polo Concello.



Estes son os datos e esta é a realidade. O Plan RehaVita é un ambicioso plan, con múltiples programas. E hoxe temos o Pacto social pola vivenda. E claro que existen dificultades. Dende logo, non é fácil. Non é fácil cando, ademais, para alcanzar obxectivos nalgúns programas se depende da colaboración doutras administracións. Non é fácil executar un programa de mobilización de vivendas baleiras cando se depende da necesaria colaboración dos concellos, cando, sobre todo, os grandes concellos gobernados polo PSOE, BNG ou As Mareas renuncian a adherirse ao programa —e de aí que a súa reformulación, avaliación, balance e toma de decisións, señorías, no novo Pacto social de vivenda pase a xestionarse directamente polo IGVS—. Non é fácil executar construción de vivenda pública ou rehabilitación de vivenda cando concellos como Vigo tardan dous anos en aprobar un plan parcial ou segue sen contestar á solicitude de licenzas para dous proxectos de urbanización presentadas en abril do ano 2021 —dez meses!—; cando ao Concello de Lugo se lle solicitan licenzas de ocupación en maio de 2021 —dez meses—; e cos concellos de Ferrol e de Betanzos, igual, cómpranse vivendas para rehabilitar e vai máis dun ano dende a solicitude de licenza e aínda non se respondeu. Isto ao que me acabo de referir, desde logo, si que impacta na execución, impacta nos indicadores, impacta nos obxectivos e impacta tamén no tempo —polo tempo perdido—. Desde logo, é lamentable.

Pero, voulle poñer a vostede, señora Fernández, un exemplo clarificador...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...da diferente —remato, presidente— forma de traballar duns e doutros. No orzamento do IGVS na Xunta do Bipartito (PSOE e BNG), aló polo ano 2009, o 15 % do orzamento era destinado a gastos correntes. Hoxe é do 9 %. Ademais, a dotación orzamentaria do Instituto facíase de forma artificiosa. ¿Como? Vendendo o solo do Instituto ás Xestur para xerar así ingresos no Instituto endebedando as Xestur.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Débeda das Xestur: 260 millóns de euros que o seguinte goberno, o do Partido Popular, tivo que pagar —rematando o seu pagamento no ano 2019, isto é, dez anos despois—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Esta é, señora Fernández, a execución orzamentaria e as contas da nefasta xestión do Bipartito —PSOE e BNG— en materia de vivenda.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Freire.

Rematou o seu tempo.

(A señora Freire Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos.

Nós queríamos comezar anunciando que imos respaldar e votar a favor desta iniciativa que presenta o grupo parlamentario nacionalista. E queríamos comezar compartindo tamén que xa estamos afeitos, por parte da Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, no que atinxe aos grandes plans, como este Plan RehaVita ou plans de vivenda, a ese gran rebumbio, estrondo mediático e propaganda. Son especialistas á hora de render contas ante os cidadáns, ante este Parlamento, para medir cales son os efectos e o impacto real deses plans que dicimos que se anuncian a bombo e prato, pero, cando se trata de render contas, o que atopamos é unha auténtica bomba de fume.

E nós compartimos que é obriga da Consellería de Vivenda e da Xunta de Galicia render contas ante este Parlamento; presentar ese informe de avaliación sobre ese Plan RehaVita para medir os eixos fundamentais en aspectos tan importantes como os que atinxen ao acceso á vivenda, á rehabilitación de vivendas, á renovación urbana ou tamén a todo o que ten que ver coa prevención da exclusión de vivenda, pero, lamentablemente, chegamos a febreiro do ano 2022, máis dun ano despois, e a pesar de que hai un acordo no seo da comisión de presentar ese informe de avaliación antes de que rematase o 2021, aquí estamos. Como temos que agardar, agardamos ansiosos, xa que facía a señoría do Partido Popular o anuncio de que será na vindeira comisión na que se presenten e expliquen os motivos e as dificultades polas que se atrasou ese informe de avaliación. O Grupo Parlamentario Socialista o que si podemos facer, unha vez máis, é balance do que consideramos un estrepitoso fracaso do Goberno galego en materia de política pública de vivenda.

E xa o faciamos hai dúas semanas durante a pregunta de control ao presidente da Xunta de Galicia. O noso voceiro parlamentario repasaba unha serie de indicadores para trasladar o gran problema de vivenda que temos na nosa comunidade, e a resposta do presidente da Xunta na súa última quenda era dicir —cando amosabamos esas gráficas e os diversos indicadores, que son moitos— que eses datos non sabía de onde os sacabamos.

Señor Feijóo, señores e señoras do Partido Popular, son datos do Observatorio do propio Ministerio; igual que temos eses datos das partidas dos últimos anos —gobernando o Partido Popular— mingradas en materia de política pública de vivenda. Abonda con comparalas. Temos xa feito esa comparación, co esforzo que se destinaba durante o Goberno do Bipartito. Abonda tamén con examinar cal é a inxustificable baixa execución ano tras ano nas materias, nas partidas e nos programas de acceso á vivenda. Abonda tamén con coller os datos do Instituto Nacional de Estatística, que di que a mocidade galega está nos niveis máis críticos de emancipación dende que se teñen rexistros da última década, e que estamos á cola do Estado.

Son datos, informes oficiais, transparentes, expedientes cos que, por desgraza, poderíamos empapelar, por moito que o neguen, este Parlamento. E non temos que recorrer nin a es-



pionaxes, nin a tramas ocultas, porque son contratos, son programas, son datos e son expedientes que están ao alcance de todo o mundo, menos os informes de avaliación que a Consellería de Vivenda tería que presentar neste Parlamento. Seguimos agardando.

E como dicía hoxe o dimitido portavoz nacional do Partido Popular, o señor Almeida, non ten nada de malo pagar comisións de contratos mentres no foran ilegais. Veremos que di Anticorrupción. Nós non podemos dicir nada, pero hai cousas que igual, coa que está caendo en plena pandemia, coa que está caendo en políticas de vivenda —e agora afondaremos nos datos que dan en Galicia—, non son ilegais, pero si podemos concluír que moi morais non son; por exemplo, con eses datos que temos arredor dos problemas de emancipación, dos problemas de acceso á vivenda, que se destinen cartos públicos da Consellería de Vivenda a encargarse de informes a dedo a persoas vencelladas ao Partido Popular, para que digan que o gran risco e o problema de vivenda que temos nesta comunidade autónoma é a ocupación; (*Aplausos.*), un informe pagado, contratado a dedo que contradí calquera dato oficial —tamén accesible para todo o mundo— da Fiscalía ou os propios datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Nós diciamos que a política do Partido Popular é un auténtico fracaso. Collamos, por desgraza, os indicadores que collamos, non hai programas orientados a corrixir os problemas habitacionais das persoas con rendas máis baixas. Se collemos os datos da Enquisa estrutural dos fogares galegos do IGE, esta asegura que a máis da metade das familias, a máis da metade das galegas e dos galegos, lles custa pagar o alugueiro. É aí onde dicimos e vimos insistindo en que habería que poñer o foco. A pesar do incremento nestes últimos cinco anos dos prezos do alugueiro por riba do 25 %, sobre todo nas zonas urbanas, a Xunta non quere tomar nota nin a Consellería de Política de Vivenda. A propia Rede Galega contra a Pobreza lévanos advertindo, nomeadamente nos últimos tempos a esta Administración autonómica, de que o principal problema de exclusión social que temos neste país é o acceso á vivenda. Pero, ao mesmo tempo, se collemos os datos dos desafiuzamentos no segundo trimestre do 2021 do Consello Xeral do Poder Xudicial, vemos que foron 447. Deses 447 desafiuzamentos, 432 —a inmensa maioría— foron por impagos de alugueiro. Calquera indicador indica onde deberíamos poñer o esforzo.

En Galicia hai 47.700 fogares con menos de seiscentos euros de ingresos cada mes. O 25 % deses fogares vive pagando un alugueiro, e só o 2,5 % paga unha hipoteca. Se collemos os fogares que cobran entre seiscentos e mil euros, vemos que arredor do 20 % viven de alugueiro e só un 5 % pagan unha hipoteca. Aí é onde estamos dedicando os esforzos. Non hai impulso do parque público de vivendas, sobre todo, en réxime de alugueiro. Tal é así que o propio Instituto Galego da Vivenda e Solo así advirte desta forte e preocupante demanda no Plan de vivenda de Galicia 2021-2025. Non hai unha coordinación entre o Rexistro de Demandantes de Vivenda e as políticas de vivenda, tal e como manda e exige a propia Lei de vivenda de Galicia no seu artigo 73.

Temos un goberno, en materia de vivenda, inerte, sen capacidade de acción, sen iniciativa, e o máis preocupante, sen o máis mínimo interese. Tal e como vén recoñecendo a Rede galega contra a pobreza, falando e facendo balance da pandemia en outubro de 2021, nun informe, de nada valen as políticas públicas, nin por parte da Consellería de Política Social, se non actuamos en materia de vivenda. Carecen todas estas políticas de relevancia, se non se



multiplica o orzamento en materia de vivenda para garantir este dereito a unha vivenda digna, accesible e axeitable.

Neste contexto resultan absolutamente intolerables e preocupantes eses datos de execución en materia de vivenda. Dicía a voceira do Partido Popular, que falaba de 2021 porque non había tempo para ir máis atrás, que no período 2010-2020, nesa década negra e nefasta, a Xunta de Galicia deixou sen usar catrocentos millóns de euros en políticas de vivenda. Claro que é mellor dicir que non temos tempo para falar da execución orzamentaria destes últimos anos. Collamos o indicador que collamos, a reacción da Xunta de Galicia é inexistente en moitos aspectos. E xa que gustan tanto dos *rankings*, segundo o Boletín Oficial do Observatorio da Vivenda e Solo, Galicia ocupa o último lugar entre as comunidades autónomas do Estado no que atinxe á porcentaxe de vivenda protexida en relación coa vivenda construída, período 2011-2019. Un 9,7 %, fronte, por exemplo, Navarra, cun 52,8 %, ou mesmo —miren— Madrid, o 47 %.

Vexan a comparativa histórica de investimentos en relación co Goberno bipartito e comparen o investimento por habitante en políticas públicas de vivenda. No ano 2019 Galicia sitúase entre as sete comunidades autónomas con menos investimento por habitante; tan só 34,7 euros en políticas de vivenda pública.

Nós preguntámonos onde queda —agora si— ese «Galicia, Galicia, Galicia», porque, cando se trata de falar de vivenda, o que facemos é estar e afondar nesa estratexia de confrontación que agora imos entendendo —se alguén non a entendía, por certo—, que terá agora que dar os seus froitos de confrontación co Goberno do Estado. Dedicámonos a dicir que imos ir ao Tribunal Constitucional denunciar, impugnar o Proxecto de lei de vivenda, porque invade competencias. E nós preguntámonos: ¿que competencias se as que teñen non as exercen? (*Aplausos.*), ¿que competencias pensan defender se no ano 2020 deixaron sen gastar dous de cada tres euros de fondos destinados á vivenda?

Polo que, para rematar, as políticas de vivenda non foron nunca unha prioridade para o señor Feijóo, e á vista das circunstancias e do momento actual, ese Galicia, Galicia, Galicia, ¿onde queda agora?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señora Freire, claro que negan a información a este grupo parlamentario, non só non entregando o informe de avaliación, senón que tamén cada vez que facemos unha pregunta sobre datos da execución de varios programas de vivenda, a resposta por parte da Consellería é unha resposta tipo que di que xa lle daremos o dato cando entreguemos o informe. Así durante un ano. (*Aplausos.*) Entón, se non nos contestan á pre-



gunta e remítennos a un informe que non chega, levan un ano bloqueando a capacidade de fiscalización deste grupo parlamentario.

Foi bastante revelador que na súa intervención non rebatese que vostedes paralizaron a vivenda protexida, que paralizaron a adquisición de solo público, que vostedes foron incapaces de cumprir iso que dicían de frear os prezos da vivenda no mercado libre, e é probable que vostedes non o rebatan porque teñen absolutamente normalizado que era unha gran mentira e que vostedes non ían facer iso ao que se comprometeran. Tamén teño que dicirlles que hai cousas ás que se comprometía ese plan —que ogallá non as teñan feito—, por exemplo, o programa de venda do parque de vivenda público, que vostedes pretendían levar adiante. Tamén queremos saber os datos dese programa.

O que si que temos seguro é que aqueles programas que estaban destinados a mellorar as condicións de vida da xente eses non os cumpriron. E a listaxe de incumprimentos é infinita. Había tamén un compromiso nese programa de reducir o colapso no Rexistro de Demandantes de Vivendas, que había 15.000 persoas inscritas. Cinco anos despois segue habendo 15.000 persoas inscritas e o rexistro, colapsado.

E hai máis enganos tamén en materia de rehabilitación. A señora Freire trouxo aquí, sacou gala do programa Rexurbe. Imos dicir as verdades do programa Rexurbe. Vostedes, o Partido Popular, en 2016, no seu programa electoral, comprometéronse a facer 1.500 vivendas ao abeiro do programa Rexurbe. O resultado, pasados eses catro anos, foi que vostedes rehabilitaron 9 inmobles, de 1.500 vivendas que prometeran (*Aplausos.*). Pero, como o Partido Popular non rende contas do que fai e mente sistematicamente en lugar de pedir desculpas aos galegos e galegas por non facer o que prometeran, redobraron a aposta no Programa electoral de 2020 e dixeron: 1.500 vivendas, non; 3.000 imos prometer, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o resultado é o que é. Vostedes non van cumprir con eses obxectivos, porque iso significa facer 750 vivendas ao ano na lexislatura, e ¿canto inviste a Xunta nese programa? Pois o investimento inicial era de 8 millóns de euros, pero executaron 3 millóns de euros. Eu non sei se o Partido Popular é capaz de obrar o milagre de con 3 millóns de euros facer 750 vivendas ao ano. (*Aplausos.*) Ou o Partido Popular ten a capacidade de multiplicar pans e peces ou menten descaradamente.

E hai dúcias de exemplos en programas de rehabilitación que son un bluf. Tamén se comprometeron nese programa Rexurbe a facer unha oficina de rehabilitación cun orzamento inicial de 200.000 euros e executado, cero euros; comprometeron unha partida de 1,7 millóns de euros para rehabilitación do parque de vivenda público e executado, cero euros. En materia de vivenda baleira, máis do mesmo. Vostede aquí dixo que a culpa era de todos os demais, menos da Consellería, pero é que o resultado total do Programa de vivenda baleira en catro anos foi trinta vivendas baleiras mobilizadas, e o resultado do programa Rehaluga, que é outro programa de vivenda baleira, foi que concederon dúas axudas por un importe de 6.900 euros. (*Aplausos.*) Iso é todo o que hai en materia de vivenda baleira por parte da Xunta.

E, vendo estas cifras, enténdese mellor por que vostedes foxen de render contas. Eu creo que non é que necesiten vostedes catorce meses porque están moi ocupados na Consellería, ¡catorce meses para reunir os datos!, porque se vemos as cifras, non é que haxa que reunir



tantos datos. Os datos son máis ben escasos. Vostedes non necesitaron catorce meses para conseguir eses datos, vostedes necesitan catorce meses para maquillar os datos, que non hai por onde collelos. *(Aplausos.)*

En canto á emenda do Partido Popular, o que propón é eliminar o punto que exige que se faga un diagnóstico das causas de por que se desviou tanto o orzamento e unha avaliación do impacto sobre os obxectivos marcados. É dicir, queren que eliminemos a parte na que se lle pide unha explicación por parte da Xunta de por que houbo estes incumprimentos; unha explicación na que se contrasten os obxectivos que se anunciaron e os resultados.

Eu pregúntome: se vostedes están tan convencidos de que ese plan de vivenda foi fantástico, de que todo foi ben, ¿por que vostedes non queren facer unha análise do cumprimento de obxectivos do plan? *(Aplausos.)* ¿Que é o que teñen que esconder? *(Aplausos.)*

Dende logo, non imos aceptar a súa emenda, que evidencia que a vostedes lles dá alerxia dar a cara e render contas. Non llela imos aceptar porque cremos que os galegos merecen ter os datos pero tamén as explicacións de por que a Xunta non cumpre co que debería. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 29609 (11/PNP-002550)

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Dirixirse ao Goberno do Estado español co obxectivo de que os fondos de achega estatal destinados a persoas autónomas, profesionais e empresas afectadas pola covid-19 que non puideron ser executados, poidan empregarse para apoiar o tecido empresarial galego.



-Que os requirimentos para que as persoas autónomas, profesionais e empresas afectadas pola covid-19 poidan acceder a eses fondos non executados, se debatan nos órganos legalmente constituídos, nomeadamente, o Consello Económico e Social de Galiza, onde están representadas, entre outros, as organizacións empresariais do noso país, asociacións máis representativas da realidade económica e social galega e as organizacións sindicais máis representativas.

-Impulsar unha comisión bilateral Xunta de Galiza-Estado coa finalidade de esixir, planificar e executar os fondos de achega estatal que lle deben corresponder a Galiza no marco dos fondos europeos dirixidos ás persoas autónomas, profesionais e empresas afectadas pola Covid.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, agardo que o tempo transcorrido desde esta mañá servise ao Bloque Nacionalista Galego e tamén, por suposto, ao Partido Socialista —que neste momento, xunto con Podemos, é quen ten a responsabilidade de malgovernar en Madrid... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que no se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor BALSEIRO OROL: Bueno, no Gobierno do Estado. *(Risos.)* Sóalle mellor así, ¿non? *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, moitas grazas, que eu ben sei que vostede é unha persoa seria.

Dicía que agardo que o tempo transcorrido desde esta mañá servise para que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego fixesen unha reflexión e sexan capaces de poñerse a carón dos intereses de Galicia e dos intereses dos galegos e das galegas para sumar forzas a través dun acordo, que pode ser unánime, desta Cámara —sumar forzas a esa petición que fixo xa a conselleira de Emprego e Igualdade neste mesmo Pleno tanto en preguntas do grupo maioritario desta Cámara, do Grupo Popular, como tamén na pasada interpelación— para que Galicia recupere o que lle corresponde, para que Galicia recupere eses fondos que non foi posible executar nos últimos plans de rescate —70 millóns de euros—. E trátase de que os recupere nunhas condicións moito máis flexibles e acaídas á realidade do sector que permitan que sexan útiles —como é a súa finalidade— para as pequenas e medianas empresas e para os autónomos e autónomas galegas.

A crise derivada da pandemia aínda non finalizou, señorías, e as empresas galegas seguen precisando eses apoios. Non podemos nin queremos permitírnos o luxo de perder un só euro para o tecido industrial galego. E precisamente isto é o que o Grupo Popular pide nesta iniciativa, que podemos resumir moi ben nestes dous puntos: primeiro —e xa sei que pola mañá votamos o punto 2, pero nada que ver con este punto—, que o Goberno de España reasigne a Galicia —non que faga estudos senón que reasigne— os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e do IV Plan de rescate de autónomos profesionais e empresas, e poidan ser destinados a un novo plan de apoio que poñeríamos en marcha neste ano 2022;



segundo, que esta iniciativa, á diferenza das dúas últimas, se axuste o máximo posible á realidade do noso tecido empresarial e incorpore os criterios establecidos polas comunidades autónomas de común acordo co diálogo social de Galicia e coa Mesa do Emprego Autónomo. En definitiva, que as axudas sexan deseñadas pola Xunta de Galicia sen os atrancos que puxeron na Moncloa, de tal xeito que acade os niveis de execución semellantes aos dos dous primeiros plans de rescate.

Señorías, os dous primeiros plans de rescate, que deseñou a Xunta de Galicia con fondos propios, con fondos autonómicos, foron un éxito, ¡foron un éxito! E puideron ser executados practicamente na súa totalidade. De feito, cando foi a Xunta de Galicia quen marcou os criterios de acceso ás axudas —circunstancia que se cumpriu no I e no II Plan de rescate— atendéronse 80.000 solicitudes e inxectáronse 182 millóns de euros en apoio ao tecido empresarial do noso país. Pola contra, cando foi o Partido Socialista en Madrid, desde a Moncloa, quen impuxo as condicións de repartición e acceso a eses fondos —algo que pasou no III e no IV Plan de rescate—, dos 234 millóns de euros que o Estado destinou a Galicia só foi posible atender 15.000 solicitudes —contra 80.000 no primeiro e no segundo— por un valor de 166 millóns de euros. Isto é o 30 % de fondos dispoñibles que non puidemos comprometer. E iso a pesar de que Galicia se atopa entre as primeiras comunidades autónomas en canto ao nivel de execución destes fondos.

E podemos preguntarnos polo que fallou. Pois xa o dixemos. Mentres que en Galicia sempre se trataron de consensuar os criterios de acceso ás axudas buscando aqueles que fosen máis vantaxosos e adaptados ás circunstancias do tecido empresarial económico galego, o Goberno central impuxo unhas condicións para acceder ás axudas no III e no IV plan que, máis que condicións, foron uns auténticos atrancos e uns auténticos impedimentos. Aínda así, intentamos comprender por que nun primeiro momento só se podían beneficiar actividades determinadas e mais determinados sectores de actividade, excluindo outras moi importantes do noso territorio. E tamén se tratou de entender por que tiña que ser unha condición indispensable para acceder ás axudas o feito de presentar débedas —é dicir, penalizábase así a empresas que, aínda que podían pasar por dificultades, pagaban as súas facturas, e iso era o que penalizaba—.

E a Xunta de Galicia fixo todo o posible. O Goberno galego actuou dentro da escasa marxe de manobra que lle deixou o Estado e flexibilizou algunhas condicións. Dirixiuse ao Goberno central para que modificase a norma que impuxo por real decreto e que sufriu ata tres cambios. Pero nin con esas foron quen de achegarse ás necesidades do tecido empresarial dos autónomos; en definitiva, das traballadoras e dos traballadores galegos.

Señorías —conclúo—, o Grupo Popular pide que voten a favor do que é unha demanda xusta de Galicia, que busca favorecer o noso tecido empresarial no momento no que máis o precisa. E creo, ademais, que debemos ser honestos con aquilo que a realidade demostra. Pódolles asegurar que, se a Xunta de Galicia fose a administración encargada de elaborar estes dous últimos plans, o noso tecido empresarial xa tería nas súas costas os 70 millóns de euros que no día de hoxe están en risco de volver ás arcas do Estado, e non por culpa da Xunta de Galicia, non por culpa dos autónomos e non por culpa das empresas, senón porque o Goberno central non foi quen de facer que estas axudas fosen xustas e accesibles. E por iso agardo o



apoio a esta iniciativa de todas as deputadas e deputados desta Cámara ante o que é claramente —volvo insistir— unha demanda xusta de Galicia.

Eu xa sei que a señora Rumbo vai vir aquí e vai dicir que tomamos un acordo pola mañá, o número 2. Acábolle de ler o acordo que propón o Grupo Popular. E o que tomamos pola mañá di o seguinte, señorías: «Establecer mecanismos de colaboración co Estado para poder executar os 70 millóns de euros non executados pola Xunta de Galicia para atender as pemes, microempresas e persoas traballadoras». Nós o que pedimos é que o Estado nos reasigne os 70 millóns de euros. Non nos fan falta estudos, os estudos xa os temos, os estudos é que os necesitan as empresas galegas, os estudos é que os necesitan os autónomos galegos. E o compromiso do Grupo Popular e o compromiso do Goberno de Galicia é que lle reasignen a Galicia eses 70 millóns de euros. E este ano, o ano 2022, poñeremos o quinto plan en marcha para que eses 70 millóns cheguen, en definitiva, a quen os necesita. *(Aplausos.)* Ese é o compromiso do Goberno de Galicia e ese é o compromiso do grupo maioritario desta Cámara, do grupo que sustenta a acción do Goberno.

Polo cal, esperemos que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego —xa sei que o Bloque Nacionalista Galego leva un día hoxe de moito traballo porque se dedicaron vostedes moito a aplaudir, estiveron vostedes moito de teloneros *(Risos.)*, supoño que agora descansarán un pouco— votarán a favor.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Ben, retomamos o debate da mañá sobre a execución dos fondos e reiteramos o que dixemos no debate da mañá e que denunciemos en multitude de ocasións durante estes anos: que os requisitos fixados polo Goberno estatal para que autónomos e empresas puidesen acceder ás axudas do IV Plan de rescate da Xunta con fondos de achega estatal eran difíciles de cumprir e farragosos en canto á súa tramitación. Dixémolo pola mañá, denunciámolo en multitude de ocasións, e sempre foron neste sentido as nosas intervencións e propostas neste Parlamento. E fixémolo porque consideramos moi importante para o noso tecido empresarial que os autónomos e autónomas e pequenas empresas da Galiza poidan acceder e aproveitar até o último céntimo dos fondos que cheguen ao noso país.

Os requisitos establecidos polo Estado, pensados para favorecer as grandes empresas —sobre todo de certos sectores non predominantes na Galiza—, deixaron en evidencia os problemas prácticos de carecer dun auténtico autogoberno. Quedaron á vista as costuras do marco autonómico actual do sistema de financiamento. E quedou á vista tamén a incapacidade do Goberno galego, do goberno de Feixóo, para atender ás necesidades do pobo que goberna. As



solucións e os mecanismos impulsados desde o Goberno do Estado estiveron mal deseñados, pero a resposta do goberno de Feixóo a esta problemática foi impresentable.

Hoxe hai 70 millóns de euros sen executar. É a evidencia, a proba do algodón, da ineficacia de ambos os dous gobernos. O goberno de Feixóo, no medio dunha crise económica sen precedentes, optou polo *trumpismo* —hoxe podemos dicir *ayusismo* sen medo a enganarnos—, apostou pola bronca, polo desgaste, polo «canto peor, mellor» —todo á maior gloria do seu partido e del mesmo—. Non foron os intereses dos galegos e das galegas que o estaban pasando mal, que o están pasando mal, os que priman na súa acción de goberno. Non hai, malia as evidentes necesidades, demandas para mellorar o autogoberno, o financiamento ou o marco competencial da Galiza. Son doce anos sen reclamar o traspaso de competencias —como dixen pola mañá— e teimando en manter esa Galiza pequeniña do Partido Popular, esa Galiza dependente e sucursalista que agora debece por abandonar.

Desde o BNG instamos o Goberno galego —outra vez— a impulsar a constitución dunha mesa bilateral co Estado na que poñer sobre a mesa a problemática particular do noso tecido produtivo, na que poñer sobre a mesa as necesidades de fondos do noso país. Xa o fixemos hai un mes e vostedes votaron en contra. Hoxe, con toda certeza, rexeitarán de novo a nosa proposta. Asuman que a defensa real do noso país pasa por avanzar no autogoberno. Superen os seus complexos e apoien a constitución desa mesa bilateral. Só así estaremos en disposición de asegurarlles ás nosas empresas e persoas autónomas que as cantidades e os fondos que cheguen a Galiza poderán ser executados na súa totalidade. O resto é un brindado ao sol, e vostedes sábano, pero o único que buscan é confrontar co Estado e iso supón enganar o noso tecido empresarial.

Desde o BNG mantivemos desde o primeiro momento un diálogo aberto con multitude de entidades representativas de diferentes sectores afectados, e trouxemos multitude de iniciativas para demandar a posta en marcha por parte da Xunta de plans de rescate. Nas reunións persoas autónomas e pequenas e medianas empresas insistían na falla de liquidez derivada das restricións e da paralización da actividade, que, con todo, non paralizou os gastos correntes dos negocios, que seguían acumulándose con actividade ou sen ela. Esas axudas, que podían insuflar aire a milleiros de negocios galegos nunha situación crítica, reclamámolas tamén do Estado español. Pero a Xunta, con competencias e con capacidade orzamentaria, preferiu pasar a outra cousa.

Durante nove meses nin o Estado nin a Xunta de Galiza adoptaron medidas reais e efectivas para socorrer as pequenas e medianas empresas e as persoas autónomas. Durante eses nove meses do ano 2020 a Xunta do señor Feixóo e o Goberno central non fixeron outra cousa máis que intentar escusar a súa inacción, absolutamente vergoñenta, atribuíndolle a responsabilidade ao outro. Para a Xunta, como as restricións que afectaban a actividade foran impostas polo Estado, era o Estado o que debía abrir liñas de axuda; e para o Estado eran aos gobernos autonómicos aos que lles correspondía artellar esas axudas. E, mentres tanto, a casa sen varrer.

Mentres a Xunta e o Estado xogaban a ese vergoñento partido de tenis político, desapareceron, por falta de axudas, multitude de pequenas e medianas empresas que constitúen o tecido em-



presarial galego. Pecharon durante o ano 2020 un número de 3.156 —segundo o balance do Directorio Central de Empresas publicado polo Instituto Nacional de Estadística—. Galiza pechou o ano 2020 cunha perda de 1.384 autónomos e autónomas. Foi o peor ano de afiliación desde 2012. E, se non se perderon máis, foi debido a que, para cobrar a prestación por cesamento de actividade, era necesario estar de alta no RETA. Son datos demoledores que, dada a actuación dunha e doutra administración, demostran que ningunha das dúas estivo á altura das circunstancias e do que lles exixían lexitimamente as pemes e as persoas autónomas galegas.

Os mal chamados «plans de rescate» I e II non foron máis ca pequenos parches que non compensaron en absoluto tantos meses acumulados de gastos e perdas. Por iso desde o BNG pedimos con insistencia que Xunta puxese en marcha un auténtico plan de rescate con dotación económica suficiente. E reclamamos ao mesmo tempo do Goberno central a adopción de medidas fiscais de competencia estatal. Pero nada diso fixeron. O Goberno galego preferiu seguir instalado na bronca política, na confrontación estéril, seguindo as directrices do Partido Popular de Madrid que en nada beneficiaban o noso país. Bronca política, si; propostas que melloren o autogoberno e a capacidade da Xunta para atender as necesidades dos galegos e galegas, non. Madrid manda. Necesidades sen atender e diñeiro sen gastar é o resultado da súa xestión, da xestión de ambos os gobernos. Pelexaron primeiro sobre a quen lle correspondía impulsar eses plans e pelexan agora sobre quen ten a culpa do que pasou.

Pelexan vostedes por impoñer cada un o seu relato, a súa versión da historia. Pero a historia non ten versións. Foi como foi, e a xente tivo que saír á rúa durante máis dun ano, sábeno ben, porque ningún dos dous gobernos estivo á altura das circunstancias. Saben ben que sobrou bronca política e partidista e que faltou empatía, preocupación, vontade política e, sobre todo, consignacións orzamentarias. O relato da Xunta, o que hoxe trae aquí o Partido Popular para dicir que os requirimentos deseñados polo Goberno autonómico no seo do diálogo social permitiron poñer á disposición do tecido empresarial medidas en tempo récord, é o que comunmente se coñece como «pasarse de freada», un auténtico derrape. A realidade é que fallaron vostedes nos prazos, fallaron vostedes nas coberturas, fallaron vostedes no diálogo cos sectores e fallaron como goberno responsable. Foron vostedes durante case dous anos o peor que pode ser un goberno, foron unha máquina de botar balóns fóra, un goberno escapista que dimitiu de feito da súa responsabilidade.

E, despois, falar de diálogo social de Galiza é moi atrevido, porque dialogan vostedes máis ben pouco. De feito, refugan e marxinan sistematicamente os organismos de consulta e participación das entidades sociais que existen na Galiza. Existen na Galiza —vese que llelo hai que lembrar— organismos oficiais de consulta e participación nos que están representadas todas as entidades representativas da sociedade galega: os sindicatos —todos—, a patronal, universidades, asociacións de consumidores, sindicatos agrarios, o sector do mar etc. Existen estes organismos, organismos independentes do goberno e plurais, tal como é a sociedade galega. E vostedes marxinan estes organismos a favor dun foro informal que denominan «diálogo social», no que apenas participan aquelas entidades que lles dan a vostedes a razón. Ese é o concepto e o respecto que o Partido Popular ten polo pluralismo e pola independencia das institucións autonómicas. Valen cando valen para os seus intereses, incluído o de construír o relato que a vostedes lles interesa politicamente. Referímonos,



sobre todo, ao Consello Económico e Social de Galiza. Pero non é o único organismo que marxinan vostedes.

Se con esta iniciativa que presentan hoxe a debate buscasen realmente o consenso para que eses fondos non executados queden no país e axuden o noso tecido empresarial, non terían incluído esas loas a uns plans de rescate da Xunta que foron insuficientes e ademais chegaron tarde para milleiros de empresas e autónomos e autónomas galegas. E tampouco intentarían usar un debate sobre os fondos para o rescate de empresas en crise e os problemas de execución destes fondos para lexitimar ese foro informal que o Goberno galego elixe en detrimento dos organismos oficiais.

¿Queren vostedes resolver problemas reais dunha sociedade plural ou queren vostedes simplemente impoñer un relato, a súa versión terxiversada da historia? Para iso non contén con nós. Para resolver problemas reais da xente e para trasladar ao Goberno do Estado posicións de país, consensuadas e debatidas onde corresponde e sen excluír a ninguén, aí si que estaremos os primeiros.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade, señor Balseiro, que ten graza que vostede veña aquí a falar de sumar forzas para que Galicia recupere o que lle corresponde, cando foron vostedes, o Partido Popular, os que votaron en contra de que estes fondos —incluídos dentro deses 140.000 millóns de euros— chegasen a España e, polo tanto, chegasen a Galicia.

Mire, señor Balseiro, ¿díxéronlle algo ao señor *in itinere* de dimisión, ao señor Casado, de que parase de ir a Bruxelas facer o ridículo e falar mal do seu país, intentando que non chegasen estes fondos? ¿Díxéronlle algo dende Galicia? (*Aplausos.*) ¿Díxéronlle ao presidente da Deputación de Ourense, nesta foto que tan pavelo sae ao lado de alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha foto.*) que parase de facer o ridículo indo novamente a Bruxelas para que paren de chegar os fondos a España e, polo tanto, a Galicia e, polo tanto, a estes fondos que vostedes queren que se executen pero que non queren que veñan? Explíquemo, porque a verdade é que non o entendo demasiado ben, non o entendo demasiado ben. Iso si que é poñer en risco as axudas, iso si que é poñelas en risco. Menos mal que en Bruxelas os xestores das axudas nin tan sequera os reciben, ¡nin tan sequera! E a Comisión Europea díxolles xa por cuarta vez que os fondos de España estaban sendo ben xestionados, mal que lles pese. Mal que lles pese, están sendo ben xestionados.

E, mire, xa lle dixen pola mañá que o amor por Galicia —«Galicia, Galicia, Galicia»— amósase apoiando as medidas que benefician o noso país, e poñéndose do lado do Goberno para



que o máis axiña posible, e todos e todas xuntas, poidamos saír desta tripla crise —económica, social e sanitaria— deixando de poñer paus nas rodas.

Mire, tiveron a oportunidade de amosar ese interese por Galicia, do que vostede me falaba hoxe pola mañá, votando a favor de que chegasen estes 140.000 millóns de euros. Pero vostedes decidiron que era moito máis importante unha estratexia partidista. Era moito máis importante que estes recursos chegasen a Galicia e, polo tanto, a esas persoas, a eses traballadores, a eses traballadores autónomos, a eses profesionais e a esas pemes que tanto e tanto os necesitan, e que tanto os necesita este país para poder reconstruírnos e para volver á senda do crecemento económico. Pero vostedes non estiveron aí, vostedes preferiron a súa estratexia partidista. Así que non nos veñan falar vostedes a nós nin de amor nin de responsabilidade por Galicia.

Mire, dende que a Organización Mundial da Saúde declarou, o 11 de marzo de 2020, a pandemia mundial provocada pola covid, os gobernos, todos os gobernos de practicamente todo o mundo, tiveron que actuar inmediatamente e adoptar unha serie de medidas para paliar as consecuencias desta crise sanitaria, económica e social provocada pola dita pandemia. Tiveron que protexer a saúde das persoas, conter a progresión da enfermidade, reforzar o sistema de saúde pública e adoptar unha serie de medidas económicas e laborais para evitar os despedimentos masivos e o cesamento nas actividades económicas.

Ao tempo, tiveron que adoptar unha serie de medidas sociais para evitar que as persoas máis vulnerables quedasen excluídas social ou economicamente sen posibilidade de retorno. E, nese sentido —si, señor Balseiro, pode rir todo o que queira—, o goberno de Pedro Sánchez, dende o primeiro momento da declaración do estado de alarma, puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas, sociais e laborais —estimadas inicialmente nuns 200.000 millóns de euros— para protexer as empresas, para protexer as persoas traballadoras autónomas, esas que, por primeira vez nunha crise, tiñan cobertura do Goberno do Estado ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos, esas que tiveron moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións. Tiveron accións para reducir os seus custos fixos e variables mediante axudas directas para o pagamento de salarios e cotizacións sociais dos seus traballadores. Contaron con medidas de alivio no pagamento de alugueiros. O Estado proporcionoulles ingresos, mediante unha prestación extraordinaria, ás persoas traballadoras autónomas e proporcionoulles liquidez ás empresas a través dos créditos con aval público a través do ICO —en concreto, 37.000 empresas galegas foron beneficiadas con esta medida—. E tamén están estes 234 millóns de euros que lle transferiron hai un ano á Xunta de Galicia para que proporcionase axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito territorial, 234 millóns de euros que vostedes —vostede non, a Xunta de Galicia— non foron quen de executar na súa totalidade, polo que corre o risco de perder 70 millóns de euros pola súa falla de execución e pola súa falla de xestión. *(Aplausos.)*

Pois, mire, o goberno de Pedro Sánchez tamén adoptou medidas para protexer os traballadores e as traballadoras a través dos ERTE, eses que vostede pola mañá tanto deostaba. Foron máis de 210.000 galegos e galegas os beneficiados. E impediron que fosen ao paro, impediron que fosen ao paro e a destrución masiva de empregos —que a vostedes lles dá igual—. Im-



plantouse e regulouse o teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal, e a implementación de medidas para as empregadas do fogar.

O Goberno do Estado tampouco deixou atrás os máis vulnerables. Case 37.000 galegos e galegas recibiron ata o día de hoxe o ingreso mínimo vital. E en tres anos o goberno de Pedro Sánchez —mire para aquí esta gráfica, señor Balseiro— (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha gráfica desde o estrado.*) incrementou o salario mínimo interprofesional en 264 euros ao mes, fronte aos 94 en que se incrementou en sete anos de goberno de «eme punto» Rajoy. Esta é a diferenza e o amor por España e polos galegos e polas galegas. (*Aplausos.*)

Pero, mire, señor Balseiro, con este goberno, co goberno do presidente —díganlo: ¡do presidente Pedro Sánchez, do presidente Pedro Sánchez!—, reformouse o sistema de pensións para devolver o poder adquisitivo aos pensionistas e derrogar ese vergoñento índice de revalorización do 0,25 % aprobado por «eme punto» Rajoy, do Partido Popular. E hoxe case 770.000 pensionistas viron revalorizadas as súas pensións conforme o IPC durante este ano 2021. Neste mesmo mes —xa falabamos pola mañá—, o goberno de Pedro Sánchez aprobou tamén a reforma laboral, que contribuirá a reverter a precariedade laboral e o nivel de desemprego actual que tiñamos coa reforma de 2012 de «eme punto» Rajoy.

E, mire, non vou volver recordar a vergoñenta actuación do Partido Popular para intentar que esta reforma laboral non saíse adiante empregando esas artimañas que tan ben coñecen e que tan ben controlan. Pero si lles vou recordar o que vostedes votaron en contra e que deberían explicarllelo ás persoas traballadoras do noso país —e o BNG tamén llelo debería explicar—. Votaron en contra de apostar polo emprego de calidade, que deixa atrás décadas de precariedade do modelo de 2012, baseado na devaluación salarial. Votaron en contra de reducir a temporalidade reforzando a creación de emprego de calidade. Votaron en contra de potenciar a contratación indefinida e o emprego estable. Votaron en contra de recuperar a prevalencia do convenio sectorial fronte ao de empresa. Votaron en contra de limitar a contratación temporal e de fomentar o contrato fixo discontinuo. Votaron en contra de recuperar a ultraactividade indefinida. Votaron en contra de poñer freo aos despedimentos e de protexer o tecido produtivo —regulado nun novo instrumento, o mecanismo RED de flexibilidade e estabilización do emprego—. E votaron en contra tamén de impedir os ERE nas administracións públicas. Polo tanto, votaron en contra de crecer na senda do emprego digno e do emprego estable.

E, miren, recórdolles, señores e señoras do Partido Popular, que a clase traballadora pobre —esas persoas que a pesar de traballar non teñen un salario que lles permita desenvolver unha vida digna e saír desa situación de pobreza— naceu coa reforma laboral de 2012 de «eme punto» Rajoy. Pero é que, por se vostedes fose, realmente ningún dos dereitos chegarían novamente nin aos traballadores nin ás traballadoras deste país e 140.000 millóns de euros non chegarían a España nin, polo tanto, chegarían a Galicia.

Non teño tempo, aínda que teño aquí debulladas unha serie de medidas que lle recomendo que lea. É un informe do Goberno de España, *Informe de rendición de cuentas del Gobierno de España*, de decembro de 2021, referido a Galicia, e no que pode comprobar con datos as achegas



económicas transferidas a Galicia, que suman 5.000 millóns de euros, e que é este —o goberno do presidente Pedro Sánchez— o goberno máis investidor na historia da nosa comunidade.

E xa para rematar, señor Balseiro e señores e señoras do Partido Popular, eu xa sei que vostedes hoxe teñen un día complicado. Solucióneno e acaben con esa corrupción que tanto lles corre polas veas. Nós imos votar a favor desta PNL —xa o tiñamos pensado pero non llelo anunciei antes— porque nós si que queremos a Galicia e si que queremos que eses fondos non se perdan, que cheguen a Galicia e que se reinvestan aquí no noso territorio e nas persoas que vivimos nel.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecemos ao Grupo Socialista que vote favorablemente esta iniciativa. E esperemos que a esquerda máis radical, (*Murmurios.*) o Bloque Nacionalista Galego, tamén se sume a esta iniciativa.

Señora Rodríguez Rumbo, estiven escoitando atentamente e si que coincidín con vostede nalgũa cousa, pero hai outras nas que non coincidín. Dixo vostede: Galicia, Galicia, Galicia... E preguntou como se defendía. Pois voulle dicir como se defende. Deféndese con Galicia, Galicia, Galicia e, por cuarta vez, con Galicia. (*Aplausos.*) E este grupo parlamentario todas as veces tivo máis apoio de Galicia, (*Aplausos.*) mentres que o seu grupo parlamentario en todos estes procesos electorais tivo menos representación. Cando menos, empezen vostedes a mirar pola súa propia casa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

E, miren, teño que dicir que os plans de rescate con fondos do Estado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) O deputado de Boimorto non deixa falar nunca neste Parlamento, ¡que lle imos facer! (*Murmurios.*) Eu non sei se vostede ten o mesmo concepto cando vostede sobe á tribuna e o interrompen seguidamente. Creo que non. ¡Creo que non! É que o levo observando xa en varios plenos e sempre ocorre o mesmo.

Teño que dicir que estes programas empezaron mal desde o principio, señora Rodríguez. Chegaron tarde estes programas, chegaron máis dun ano despois, ¡máis dun ano despois da declaración do estado de alarma!, cando a Xunta xa executara nada máis e nada menos que dous plans propios. E, ademais, chegaron menos recursos dos que a Galicia lle correspondían. Mire, recibimos exactamente 234 millóns de euros, unha cifra que representa tan só o 3,34 % dos 7.000 millóns transferidos polo Estado ás comunidades autónomas. De empregar como criterio de repartición o número de autónomos e empresas radicadas no noso territorio, correspondería o 7 % dos fondos, e isto serían 350 millóns de euros. Serían 115 millóns



de euros máis do que recibimos en Galicia. Polo tanto, gústelles ou non lles guste ás forzas da oposición, o Goberno central fixo gala do seu xa clásico agravio comparativo con Galicia. E a vostede, ao mellor, válelle iso, porque vostede fala en nome do Partido Socialista.

Eu, cando me refiro neste Parlamento ao presidente, neste Parlamento refírome ao presidente Feijóo, que é o presidente do Goberno de Galicia. Vostede parece ser que quere que nos dirixamos ao presidente Sánchez. Vale, pois nós estámonos dirixindo neste momento ao mal goberno, porque sabe vostede, ademais, que, para falar do Goberno de España, non nos podemos referir única e exclusivamente ao presidente Sánchez. Porque vostedes teñen o presidente dunha parte do Goberno. Na outra parte do Goberno vostedes non pinchan nin cortan. Vostedes teñen o presidente dunha parte do Goberno. Iso non pasa en Galicia, aquí hai un presidente de todo o Goberno. Entón, claro, non nos pida cousas imposibles, porque cousas imposibles non podemos facelas desde o grupo parlamentario.

E, mire, señor representante do Bloque Nacionalista Galego, di vostede que non houbo plan que nacera do froito do diálogo constante. Mire, a Consellería de Emprego e Igualdade mantivo co diálogo social —onde están sentadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia— 12 reunións específicas sobre os plans de rescate, sen esquecer moitas outras que se levaron a cabo nas diferentes mesas de traballo específicas no seo do diálogo social. Coa Mesa do Emprego Autónomo, 15 reunións; cos representantes da hostalería, 25 reunións. ¿E vostede pon como exemplo que non houbo diálogo social? Pero ¿que cifras, que datos, manexa vostede? ¿Que datos manexa o Bloque Nacionalista Galego? ¡A demagogia, única e exclusivamente! Polo cal, espere-mos que o Bloque Nacionalista Galego se sume.

E termino como empecei, porque é de ben nacido ser agradecido. Agradecemoslle ao Partido Socialista que apoie esta iniciativa. Porque, en definitiva, esta vai ser unha iniciativa —esperemos que lles fagan e nos fagan caso no Goberno central— para beneficiar os galegos e as galegas, para beneficiar as pemes e para beneficiar os autónomos, que neste momento, nos momentos difíciles que viviron e que estamos a vivir, boa falta fai.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

O señor BALSEIRO OROL: Non, non imos aceptar a emenda. Non, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Vispo-Rodríguez e do deputado Jose Luís Ferro Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Débese engadir un novo inciso in fine na parte resolutiva co seguinte contido:

“- Combater a lacra do abuso sexual infantil, profundar nas investigacións para que afloren todos os casos, fose cal fose o contexto no que se deron, e apoiar as persoas que o padecen ou padeceron en todos os ámbitos, sen excepción.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Gustaríame facerlle unha aclaración ao señor Balseiro, que parece que lle faltan datos. *(Murmurios.)* É unha aclaración, señor Balseiro. Dixo vostede que o diálogo social se daba entre as organizacións sindicais máis representativas de Galicia. Pois teño que darlle unha información —non sei se a coñece—: que a organización sindical máis representativa de Galiza chámase CIG. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡A CIG! *(Aplausos.)* E vostedes exclúena sistematicamente. ¿Saben por que? Por falta de democracia e por sectarismo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Esa é a realidade. *(Murmurios.)*

Ben, falemos de abusos sexuais na Igrexa. Confeso que é difícil, que é doloroso, falar deste tema. É difícil falar en nome das vítimas de actos tan atroces. E quero contarlle unha historia que me sucedeu recentemente, concretamente o pasado mes de novembro. Recordo que foi o día 1 de novembro cando recibín unha mensaxe dun amigo, que me mandou a mensaxe por *whatsapp*. Díxome despois que non se atrevera a chamarme para falar en persoa. Contoume que fora vítima de abusos sexuais nun centro educativo por parte dun profesor. Contoume que sentira, ao longo do tempo, vergoña, culpa, ansiedade, medo... Díxome que tardara moito tempo en superar estes sentimentos, se é que realmente se chegan a superar algún día. E contoume tamén que o que máis o fería era ver como o abusador seguía exercendo como docente e participando en actos públicos e en actos relixiosos.

E disto é do que queremos falar hoxe, intentando poñernos no lugar das vítimas co máximo respecto, coa máxima sensibilidade e tamén coa máxima responsabilidade. É certo, non se pode negar, que se deben investigar e condenar todos os abusos sexuais a menores, sen dúbida, con todos os medios e con todo o peso da lei. Mais agora toca falar dos abusos sexuais cometidos por membros da Igrexa católica contra nenos indefensos e vulnerábeis. Temos o deber moral e político de falar —e de facelo nesta tribuna, neste Parlamento— da Igrexa católica, si, efectivamente, especificamente da Igrexa católica, porque xa se calou moito, xa se calou demasiado tempo. E agora toca falar, escoitar as vítimas, acompañalas, saber a verdade, facer xustiza e axudar a reparar tanto dano, tanto mal, tanta dor.



Durante moito tempo este foi un tema tabú. Instaurouse, como noutros casos de violencia, a lei do silencio. Impúxose a impunidade. Houbo tolerancia, demasiada tolerancia, e permisividade. Houbo complicidades, houbo encubrimiento, houbo responsabilidades institucionais —e tamén, desde logo, por parte da Igrexa, da xerarquía eclesiástica—. Por iso xustamente hai que remover o pasado aínda que doa, aínda que incomode, porque no coñecemento dese pasado está unha parte da solución ao sufrimento de miles de persoas e tamén as claves para previr que se repitan actos tan atroces no futuro. (*Aplausos.*)

E agora é o momento dun debate moi concreto: o dos abusos na Igrexa católica cometidos por representantes da Igrexa católica. Porque é unha demanda social —tamén de certos sectores da Igrexa— que o Partido Popular se negou a escoitar erradamente por defender os intereses e os privilexios desa institución. E temos que lamentar e condenar —temos que dicilo aquí— as declaracións, que nos parecen irresponsábeis, do señor Feixóo, que aplicou ao pé da letra o manual do Partido Popular. Ao longo destas semanas foron quedando sós abandonando as vítimas e abrazando a xerarquía católica. E hoxe teñen a oportunidade de rectificar, de facelo con todas as consecuencias, por propia convicción e non á forza.

Miren, a estas alturas está claro que os abusos sexuais na Igrexa non son casos illados, non son casos individuais. É un fenómeno sistemático, sistémico, que non ten fronteiras. O que é excepcional, o que é único, é o Estado español, o modelo español de impunidade —como noutras graves violacións de dereitos humanos—. Xa sabemos como outros países si souberon afrontar e encarar estes graves feitos. Estamos a falar dunha realidade moi próxima que nos golpea e nos interpela cada día con novos casos —desde logo, aquí en Galiza, vémolos acotío nos medios de comunicación, e o caso máis recente foi aquí moi cerca, no centro educativo de La Salle—. Son relatos conmovedores, dramáticos, estarrecedores. E son só a capa superficial dun océano de violencia, de dor, de destrución física e psicolóxica. Por iso precisamos unha resposta en varios niveis. En primeiro lugar, no ámbito da Igrexa, aplicando a resposta que debe dar esta institución, que sabemos que ten moitas limitacións. E, desde logo, sabemos que non é unha solución contratar unha consultora, contratar un bufete de avogados, porque se precisan equipos especializados de persoas expertas coñecedoras desta materia para actuar neste ámbito. Ten que actuar a xustiza, que sabemos que tamén ten moitas limitacións pola prescrición de moitos destes delitos. E hai que actuar no ámbito institucional creando unha comisión pública de investigación. Iso dino as vítimas, dino os organismos internacionais, e díxoo tamén un estudo de moito prestixio da Universidade Aberta de Cataluña, a Universidade Autónoma e a Universidade do País Vasco sobre os abusos na Igrexa católica, poñendo ademais a referencia do que se fixo —e fíxose ben— noutros países, que é o camiño que hai que seguir tamén para actuar no caso galego.

Con esta iniciativa, señoras e señores, o que pretendemos é dar un paso nesa dirección, na dirección do que nos están pedindo as vítimas. Recentemente fixeron público un manifesto que marca claramente o camiño que hai que seguir e que interpela a todos os grupos políticos para que apoiem estas medidas. Pensamos sobre esta proposta de acordo que non hai ningunha razón para non apoiala. A primeira é unha declaración firme e rotunda deste Parlamento na que se acorda como resolución condenar os graves casos de abusos sexuais a menores na Igrexa católica e amosar o apoio ás vítimas na súa demanda de verdade, xustiza e reparación. Ademais, propoñemos que o Parlamento inste a Xunta a colaborar nas inves-



tigacións que se leven a cabo no ámbito da Igrexa, da xustiza e das institucións públicas encamiñadas a coñecer a verdade, a reparar o dano causado e a condenar os responsábeis destes graves delitos. E, en segundo lugar, dar soporte e apoio ás vítimas tanto no proceso de denuncia como no tratamento e superación dos danos e secuelas causados polos abusos que sufriron.

Queremos facer un chamamento ao Partido Popular para que rectifique, para que cambie a posición que expresou publicamente, para que escolla claramente de que lado está —que ten que ser do lado das vítimas, non da defensa dos intereses da Igrexa; do lado do recoñecemento da gravidade dos feitos e da necesidade de investigalos, non do lado da minimización, da relativización, do desvío da atención—. Hoxe temos a oportunidade dun acordo firme e claro que demostre a sensibilidade diante dunha demanda social, a empatía coas vítimas e o compromiso coa verdade, coa xustiza e coa reparación.

E remato falando dese amigo que me escribiu hai uns meses contándome esa experiencia dramática. Cando o chamei inmediatamente —claro— para falar con el díxome que non ía denunciar, que os feitos, que os abusos, xa prescribían, mais quería que o soubese. Eu creo que quería algo máis, aínda que non o dixo. Quería que fixésemos algo, e hoxe temos a oportunidade e o deber de facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Eu vou comezar esta intervención amosando a solidariedade e o apoio do grupo maioritario desta Cámara, do Grupo Popular, a todas as vítimas de abusos sexuais na infancia; *(Aplausos.)* e, por suposto, tamén ás vítimas dos que poidan darse por algúns membros que forman parte da Igrexa. Estamos a falar dun dos delitos máis desprezables e horrendos, e non só pola especial vulnerabilidade das súas vítimas —que son nenos e nenas—, senón tamén porque causa unha fonda pegada tanto na súa integridade física como no seu desenvolvemento nas diferentes etapas de crecemento e nas súas relacións coas demais persoas. E, como nai que son, eu penso que non existe algo máis atroz que abusar dos nenos indefensos, nin nada máis covarde que ocultalo. Estou segura de que expreso un sentimento compartido pola sociedade no seu conxunto e por todos os que aquí estamos —e sexa quen sexa quen o cometa—. Ningunha persoa cun mínimo de sensibilidade —e dicíao vostede, señor Bará— pode mirar cara a outro lado. Polo tanto, non o dubide, claro que apoiamos que se investiguen todos os casos, que apoiamos que se faga xustiza en todos eles e que apoiamos tamén que se reparen os danos en calquera circunstancia a todas as vítimas.



Para o Goberno galego este tema é absolutamente prioritario. E, de feito, a Administración autonómica leva traballando décadas nesta materia. O galego foi o primeiro Goberno autonómico en adherirse de forma oficial á campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes —un compromiso que se traduce na necesidade de formar os profesionais que traballan en distintos ámbitos da infancia e da adolescencia para que así poidan detectar de xeito áxil estas situacións de abuso—. O esforzo conxunto das consellerías de Política Social e de Educación, xunto tamén coas universidades galegas e coas asociacións que traballan no ámbito da infancia —como Amino.gal—, pois o que buscan é sensibilizar os integrantes deses contornos máis inmediatos aos menores, contornos do ámbito familiar e do ámbito escolar, sobre o abuso sexual infantil e proporcionarlles ferramentas ás familias con menores e á comunidade educativa para a súa detección.

Parécenos tamén moi importante neste debate dar a coñecer á sociedade galega que a Xunta dispón de recursos para axudar as vítimas e as súas familias. E eses recursos —en concreto, por exemplo, o Programa especializado de intervención coas vítimas de abusos ou o conxunto de recursos do Sergas— van estar sempre á disposición de todas as vítimas de abuso sexual infantil. O programa que está especializado en intervención con persoas vítimas de abusos sexuais é froito da colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños, e funciona en toda a comunidade autónoma. A finalidade é o tratamento terapéutico dos nenos, nenas e adolescentes que foron vítimas de abusos e que teñen desaxustes emocionais e de conduta como consecuencia dun abuso. Loxicamente, o prioritario é traballar no ámbito da prevención para que así estes abusos pois nunca cheguen a darse. Pero no caso de que por desgraza sucedan, Galicia conta dende o ano 2000 —dende hai máis de vinte anos— cun protocolo interadministrativo de actuacións dirixidas tanto á detección do abuso como á súa notificación e tamén á intervención especializada coas vítimas. O que se busca é que haxa unha coordinación total entre as diferentes administracións e os diferentes establecementos que teñen que actuar para evitar, por exemplo, revitimizacións ou conflitos —que ás veces ocorren— de lealdade respecto dos seus proxenitores. E, por suposto, tamén participa con diversos instrumentos como os servizos territoriais de menores.

O prioritario é investigar os responsables e que estes o paguen —tamén en relación cos abusos cometidos por algúns membros da Igrexa católica—. Parécenos que foron especialmente acertadas as palabras do arcebispo de Santiago, don Julián Barrio, nas que mostrou plena disposición para cooperar cos poderes públicos. En liña co que está a dicir a Conferencia Episcopal, colaborando nas accións de investigación, reparación e prevención dos abusos, a Igrexa católica, en particular, vaise dotar de ferramentas e instrumentos para que a persoa que sofre un abuso poida sentirse acollida, protexida e contar cunha reparación. Así como tamén nos parece importante que poida coñecerse a verdade, cales son os casos, as circunstancias nas que se deron e ofrecer formación para previr estas situacións e crear lugares seguros onde estes abusos non teñan lugar.

A Igrexa é consciente do dano causado por algúns dos seus membros. De feito, a Conferencia Episcopal resumía dun xeito explícito a súa vontade con estas palabras nas que explicaba: «A Igrexa vive con dor e gran vergoña a aparición destes casos de abusos». E indicaba que «un só caso é algo grave e terrible» —e nós estamos de acordo—, para terminar asegurando o desexo da Igrexa de coñecer a verdade para que non poida volver pasar. Onte mesmo sou-



bemos que asume este compromiso desde unha perspectiva crítica e non conformista. Lia-mos nun xornal: «*Independencia para aclarar los abusos de la Iglesia. El objetivo es identificar a las víctimas, escuchar sus denuncias y desagraviarlas, objetivos cuya dignidad queda lejos de la demagogia con la que el Gobierno acosa al Episcopado con la excusa de auxiliar a sus víctimas. La Iglesia española se someterá a una auditoría independiente y revisará los procedimientos jurídicos tendentes a sancionar las prácticas delictivas*». Ofrecerá a súa colaboración ás autoridades e establecerá tamén un sistema de prevención que satisfaga as demandas de xustiza e reparación das vítimas, incluso nos supostos nos que o abusador falecese ou o delito estea prescrito —cousa que nos parece bastante importante para destacar—. Tamén onte nun xornal viamos como daba por boas todas as investigacións que a Fiscalía poida levar a cabo para axudar a esclarecer todos os casos.

Señorías, erradicar os abusos é unha tarefa de toda a sociedade, das institucións públicas, dos medios de comunicación e tamén da Igrexa como parte da sociedade que é. Pero teñamos claro que todos os abusos se producen en todos os ámbitos da sociedade, en todos. Un dos estudos máis recentes elaborado pola Fundación ANAR e Save The Children conclúe que a inmensa maioría dos casos de abusos a menores se producen no ámbito interfamiliar ou en contornos próximos á familia. Nese sentido, presentamos precisamente a nosa emenda de adición, que, por suposto, o que propón é engadir a petición expresa de que se investiguen os abusos cometidos por algúns membros da Igrexa —demanda coa que nós estamos de acordo— e unha mención expresa a combater a lacra do abuso sexual infantil, profundar nas investigacións para que afloren todos os casos —fose cal fose o contexto no que se deron— e apoiar as persoas que o padecen ou padeceron en todos os ámbitos, sen excepción. Por suposto que non hai ningunha razón, señor Bará, para rexeitar a súa iniciativa, como tamén esperamos que non haxa ningunha razón para aceptar a nosa emenda —que é de engádegas— ao seu texto.

E xa para concluír, a posición do Grupo Parlamentario Popular sobre esta cuestión é moi clara. A loita contra o abuso sexual infantil é unha prioridade total e absoluta deste grupo, como do Goberno galego, porque falamos dun delito desprezable e execrable —como dicíamos ao principio— que atenta contra as persoas máis indefensas da nosa sociedade. Hoxe queremos máis ca nunca estar ao carón das vítimas, e o noso obxectivo, como servidores públicos, é que todas as vítimas de abuso sexual infantil en Galicia estean protexidas, estean acompañadas e, se é necesario, reciban o tratamento psicoterapéutico que precisan; así como, por suposto, colaborar con calquera investigación relacionada con casos de abusos sexuais a menores, sexa cal sexa o contexto —Igrexa incluída— no que se poidan producir.

Conclúo xa coa certeza de que todas as deputadas e os deputados aquí presentes, e todas as administracións e institucións sen excepción, estamos comprometidos na defensa do interese prioritario dos menores, das nosas nenas e dos nosos nenos; en definitiva, estamos comprometidos coa protección da infancia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta iniciativa. Compartimos a necesidade e a responsabilidade, como representantes públicos, de condenar estes abusos e de apoiar a todas as vítimas.

Señora Rodríguez, creo que ninguén pode cuestionar que, por desgraza, os abusos a menores non son algo puntual senón que son un problema estrutural desta sociedade e unha lacra constante ao longo do tempo, e que corresponde, ademais, a todos os poderes públicos do Estado erradicar isto endurecendo as condenas e mediante políticas de prevención, control e protección. Pero aínda que isto é así e que os últimos datos da Organización Mundial da Saúde manifestan que o 20 % dos nenos e nenas en Europa sofren abuso —e é moito máis grande esta porcentaxe, por desgraza, noutros continentes—, non compartimos para nada a actitude do presidente da Xunta, a actitude do señor Feijóo, de pretender desviar o foco e vender isto como un problema xeral que se dá en todos os ámbitos. Non sabemos que pretende con isto, non sabemos por que pretende desviar este foco. Igual é gañar puntos coa Conferencia Episcopal agora que ten que gañar puntos en Madrid e facer novos contactos. (*Aplausos.*) Pero o que si sabemos é que desviar este foco é un engano e é seguir agochando unha realidade. E xa son moitos anos agochando esta realidade. Así que ¡basta xa!, non podemos mirar cara a outro lado nin minimizar unha realidade existente, como é a de que moitos destes monstros pedófilos —porque creo que non teñen nin a categoría de persoas— levan moitos anos agochándose, para poder perpetrar estes abusos con total impunidade, tras unha sotana, tras o escudo de protección e tras a superioridade moral que dá pertencer a unha institución como é a Igrexa católica. (*Aplausos.*)

Porque, ademais, é que non podemos esquecer que nun país coma o noso, sometido a corenta anos de nacionalcatolicismo, cunha Igrexa que seguiu tendo despois un gran poder e que aínda o ten, probablemente teñamos xeracións e xeracións de nenos e nenas abusados. Son casos que ata o de agora foron saíndo de forma puntual, porque, por desgraza, sempre foi un tema tabú e porque, por desgraza, se tiramos desta manta, ao mellor non só son nenos, nenas e adolescentes senón que igual tamén atopamos numerosas agresións contra persoas maiores de idade —moitas delas mulleres e moitas en situación de inferioridade xerárquica, social ou psicolóxica—. ¿Cantos sobriños e sobriñas do cura coñecemos no noso territorio? Por desgraza, moitos.

E isto ¿que provocou? Pois isto provoca moitas vidas hipotecadas ás que ao sufrimento que causan os abusos sexuais se une o que causa a incredulidade, o silencio ou o rechazo por parte das persoas ou institucións ás que acudiron moitas vítimas para denunciar estas agresións. A Igrexa católica actuou durante anos como un muro, como un muro de silencio; ou en casos excepcionais, e cando xa a situación era flagrante, con boas palabras e falsas promesas que deron como resultado, por unha banda, unha ausencia completa de xustiza —e aínda menos de reparación— e, por outra, unha impunidade na práctica tanto para os agresores como para os encubridores.



Aínda que si é verdade que estes días están saíndo voces dentro do seo da Igrexa, voces que ofrecen colaboración —e onte falaban dunha auditoría independente—, todos sabemos o que é unha auditoría independente por instancia de parte. É meter o raposo a coidar as galiñas. O que ten que facer a Igrexa dende a xerarquía é dar máis pasos cara a adiante e, máis aló destas declaracións de carácter relixioso e de vagas asuncións de culpa e peticións de perdón de forma colectiva, ou —como dicía— destas auditorías de lavado de cara que semellan un pouco ese lavado de cara do capítulo do domingo do señor Casado —o de: Xa escoitei as explicacións e, agora, pois, corramos un tupido velo e o tema queda aí—, pois que non quede aí. Nós cremos que é necesario que a Igrexa se implique e que colabore coa xustiza civil de maneira activa e inequívoca no esclarecemento da verdade destes casos de abusos, que proceda do mesmo xeito tanto á identificación dos pedófilos como ao desenmascaramento de quen, por iniciativa propia ou de forma organizada, axudou durante todo este tempo a encubrir, protexer e incluso promocionar estes desalmados.

A Igrexa, desde os seus ámbitos de actuación, ademais, non pode subtraerse á vixencia da lei. Os seus responsables teñen que ter unha cousa clara, ademais. E é que a negligencia continuada no seu cumprimento, como o desta institución, tamén pode ser constitutiva dun delito. Polo tanto, ten que sumarse á colaboración, a unha colaboración para poder acadar as condenas penais por delito de agresión e abuso sexual —nos casos nos que isto sexa posible—, que ademais, por sorte, desde a entrada en vigor desta nova Lei orgánica 8/2021, de protección integral da infancia e da adolescencia fronte á violencia, se modificou o Código penal e se veu a ampliar este cómputo do prazo de prescrición. Entón, estes menores vítimas, e agora os maiores de idade, poden denunciar estes casos non unha vez cumprida, como antes, a maioría de idade senón ata trinta e cinco anos despois.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista cremos que, como políticos, temos que ser responsables cun tema tan sensible e non converter isto nunha arma arrojadiza, porque isto non vai contribuír en nada ao fin primordial, que é a verdade, a xustiza e a reparación para estas persoas abusadas. Nós defendemos que deben ser organismos independentes e públicos —non auditorías por instancia de parte— os que leven a cabo un traballo cuxo obxectivo prioritario sexa facer xustiza a estes nenos e nenas que viron traizoada a súa confianza, primeiro, polos abusos en si mesmos e, despois, polo muro de incredulidade, silencio e incompreensión por parte da Igrexa á que acudiron buscando un amparo que nunca chegou. Creo que debemos respectar, ademais, o dereito destas vítimas a elixir se manter isto na privacidade e fóra do foco mediático ou, pola contra, o dereito tamén a poder compartir os seus casos para axudar a terceiras persoas.

E, ademais, como dicía, non se trata isto dun debate parlamentario baleiro. Nós negámonos a isto porque defendemos que temos a obriga de aportar solucións e marcar un punto de partida para efectos de contribuír —como dicía— ao recoñecemento e promover medidas que poidan axudar a recuperar esta realidade esquecida durante décadas. É unha actitude que constitúe para nós unha obriga moral e política cara ao conxunto da sociedade. E tamén entendemos que é necesario establecer protocolos rigorosos, transparentes e efectivos que eviten que estes delitos poidan seguir cometéndose. Porque, señorías, non pensemos que isto é unha cousa do pasado, non pensemos que estes ataques que sofren estes menores, estes abusos, quedaron moi lonxe. Estanse a vivir na realidade. O deputado do Bloque Na-



cionalista Galego contaba un caso dun coñecido que sufrira este tipo de abusos, e eu podo tamén remitirme a menos tempo, remitirme aos últimos momentos do exercicio da miña profesión, da avogacía. Tiven que asistir uns nenos. Chamáronme nunha garda —vou contalo brevemente, a ver se teño tempo— para asistir uns nenos menores por un ataque. Eles entraron na casa do párroco de Domaio e atacárono pola noite, pegáronlle unha paliza e roubáronlle. E entón eses nenos estaban acusados diso e empezou a investigación. O párroco veu identificar eses nenos —entre outros nove nenos—, uns nenos que o atacaron pola noite e coa luz apagada—. De repente identificou sen lugar a dúbidas tres nenos. E iso foi un pouco sospeitoso, tanto para o fiscal de menores como para os avogados que alí estabamos. E cando pasaban as horas no xulgado —que son moi longas—, chegaron as nais rotas de dolor polo que fixeran os seus nenos de 13 anos e un deles derrubouse e contou a verdade dos feitos. A verdade dos feitos era que este párroco o que facía era asistir os barrios máis desfavorecidos da cidade de Vigo, que a tiña preto, e por 50 euros facíalles as maiores barbaridades a estes nenos sen recursos económicos. Esta é a realidade e non a podemos esquecer e non podemos mirar para outro lado.

¿Que pasou? Pois a consecuencia disto foi que, días despois, o párroco foi chamado a declarar xa en calidade de investigado, xa non de vítima. E de repente, días despois —a versión foi moi contraditoria e entón a investigación seguiu— este párroco desapareceu, foise. Marchou a Colombia. E ata o de agora non sabemos nada máis. Eu estiven ata que xa empecei a traballar aquí no Parlamento e non puiden terminar este procedemento. Estiven intentando buscar na prensa, nos medios da comunicación, a ver se había algunha noticia deste párroco. E este párroco segue en Colombia. A veciñanza non sabía por que marchara, pero non se soubo nada máis diso. Pois iso é unha realidade, e non podemos mirar para outro lado e non temos que esquecer.

E aínda que pareza moi forte o que vou dicir, eu négome a máis vidas truncadas e defendo que os nosos nenos e nenas son as persoas máis vulnerables e que necesitan unha maior protección. Polo tanto, desde as institucións temos que facer todo o posible en relación coa pedofilia para que o medo empece a cambiar de bando.

E sen máis nada, moitas grazas.

Imos apoiar esta iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Ben, é certo —e xa nolo explicou con detalle o director xeral na comisión da pasada semana— que existen protocolos e programas desde hai creo que máis de vinte anos. E o BNG, desde logo, está de acordo en que se apliquen, se desenvolvan e se melloren os recursos para



estes programas —que tamén, ao mellor, deberíamos facer unha reflexión sobre os resultados e os fallos que teñen estes programas ao non detectar tantos, tantísimos, casos que están aflorando e todos, que son a maioría, que non afloran—.

Creo que se deberían evitar algunhas expresións que poden reforzar esa idea de certa relativización e minimización destes graves delitos cando se fala dalgúns dos membros da Igrexa, cando está demostrado que é un fenómeno sistémico, un fenómeno estrutural. Miren, voulles ler o que di ese informe que citei antes, que é de xullo do ano 2021, desas tres universidades: «Os abusos sexuais foron cometidos maiormente por cregos que coñecían as experiencias previas de malos tratos que presentaban as vítimas, a súa extrema vulnerabilidade e a inexistencia dun contexto protector, o que lles permitía asegurarse a impunidad. O que predominou foi a reacción de carácter defensivo baseada na negación ou na minimización do problema. Cando foi imposible negar a existencia de casos de abuso, a resposta oficial tendeu a presentalos como feitos illados ou a centrar as explicacións na busca de causas individuais, atribuíndo os abusos a trazos psicopatolóxicos dos abusadores e obviando a influencia de causas de tipo ambiental ou estrutural». Polo tanto, non son algúns casos, non son casos illados, son razóns estruturais e ambientais as que amparan estes delitos, estes gravísimos delitos.

Se non lles quedou claro, voulles ler aquí tamén un fragmento do manifesto que fixeron público a semana pasada as vítimas. Por certo, o señor Palomas, un dos promotores deste manifesto, contaba hoxe no seu *twitter* que fora insultado, que lle cuspiran na cara hai uns días en Valencia precisamente por denunciar estes graves delitos. Di este manifesto: «Exiximos ao conxunto das forzas políticas que non utilicen a súa cercanía ou intereses coa Igrexa católica para evitar a cuestión da pederastia. Estamos de acordo con que se cree unha comisión parlamentaria. Estamos de acordo con que se constitúa tamén unha comisión independente para continuar o traballo parlamentario. Pedimos ao conxunto das forzas políticas que estuden e recollan o mellor de cada experiencia internacional para que o Estado español deixe de ser unha anomalía a nivel europeo e, por fin, poidamos ver recoñecida a nosa dor».

Isto é o que nos están pedindo as vítimas. Isto é o que vostedes estiveron sistematicamente negando —que o fixo o señor Feixóo en numerosas declaracións públicas—. (*Aplausos.*) E queremos pedir aquí unha rectificación, queremos que pidan perdón por estas declaracións, que o que fan é minimizar, relativizar, a gravidade destes feitos.

E, claro, o paradoxo de todo isto é —fíxense vostedes en que posición estaban— que, primeiro, tivo que vir o papa de Roma —e non fixeron caso—; despois o arcebispo de Santiago, Julián Barrio —tampouco fixeron caso—; e, por fin, onte saíu publicamente a Conferencia Episcopal Española e encargou unha auditoría a un bufete de avogados. Non sei se isto lles pareceu a mellor solución, pero, non sei, a partir de onte vostedes caeron do cabalo camiño de Damasco e parece que van cambiar de posición, xa lles parece ben que haxa unha investigación. Supoñemos que queren unha investigación parlamentaria e unha investigación, como piden as vítimas, tamén absolutamente independente, á marxe das investigacións xudiciais e as que poida facer, se quere —que ten todo o dereito, e o deber, diría eu tamén—, a Igrexa.

Miren, queremos que se vote unha proposta clara e concreta, que é a que presentamos aquí, con eses puntos que lles lin, que está centrada no tema que está a ser debatido neste mo-



mento e sobre o que hai un gran debate social, un clamor social, unha grande demanda das vítimas. E, cando queiran, damos todos os datos que queiran sobre todos os abusos sexuais a menores en todos os ámbitos, sen ningún tipo de límite, sen ningún tipo de cortapisa. Pero por iso non podemos aceptar a súa emenda, porque, ademais, ten expresións que eu creo que xa se deberían desterrar dos discursos políticos, como seguir falando de «lacas». Miren, isto non é unha maldición bíblica, non é un castigo divino. Podería dicir o que significa «lacra» no dicionario: «*Secuela o señal de una enfermedad o achaque. Vicio físico o moral que marca a quien lo tiene*». Isto é o que di o Dicionario da Real Academia, pero, ben, non fai falta chegar aí. Deberíanse desterrar estas expresións, ou as de «profundar nas investigacións». Non hai que profundar nas investigacións, hai que facer unha investigación rigorosa con persoal especializado, con todos os medios e con todas as consecuencias, con todas as consecuencias para facer xustiza, para coñecer a verdade, para reparar ese dano e ese mal.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, toca acabar co silencio, coa complicidade, coa impunidad. É o momento de escoitar as vítimas, de acompañalas, de facer xustiza e de axudar a reparar, cando menos, unha parte de todo o inmenso mal que se fixo —que fixeron—. Aínda que sexa doloroso é un mandato ético, é o noso deber e non podemos —non poden— volver mirar para outro lado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acepta a emenda? (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Dixo que non? (*Confirmación do señor Bará Torres.*) Non llo entendín. Perdón. Grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematados os debates, procedemos á votación das proposición non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Gonzalo Caballero, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega.

¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádegas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Entón votámola tal como está..

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun protocolo que evite a exclusión financeira da cidadanía galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 40; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Sandra Vázquez, sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego..

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez e quince deputados/as máis, sobre a reiteración por parte da Xunta de Galicia ante o Goberno de España da necesidade dun estudo que sirva de base para a elaboración dun plan estatal contra a exclusión financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención da saúde mental.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nunha parte —como engádegas—. E a substitución do punto 4º non se acepta.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención da saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do informe de avaliación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora... (Pausa.) Non sei quen levou esta do Grupo Parlamentario Popular. Creo que foi Balseiro, creo que si.

Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que os fondos estatais que non puideron ser executados ao abeiro do III e IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 poidan ser destinados a un novo plan de apoio para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego en relación coa investigación sobre abusos sexuais a menores na Igrexa católica e apoio ás vítimas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.




O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

